

RAMÓN NICOLÁS

# Chorimas

PARA CELSO EMILIO FERREIRO

UN MEMORIAL: 1979 - 2019



PARLAMENTO  
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA









Deseño de cuberta: Andrés Meixide  
Edición e produción: Edicións Xerais de Galicia  
<http://www.xerais.gal>  
<http://blog.xerais.gal>

© Ramón Nicolás Rodríguez, 2020  
© Parlamento de Galicia, 2020  
© Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2020



ISBN: 978-84-7836-125-0  
D.L.: VG 266-2020

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

# Chorras

RAMÓN NICOLÁS

PARA CELSO EMILIO FERREIRO

UN MEMORIAL: 1979 - 2019

XUNTA DE GALICIA







*Graffiti «Adiante Semanario» na rúa Pardo Bazán de Celanova. ▲*





▲ *Graffiti de Abraham Caride. Barrio das Camélias, Ourense.*

*Busto de Celso Emilio Ferreiro feito por Eduardo Osorio en 1990. ►*









- ◀ Pintada «I eu, morrendo nesta Longa noite de pedra».  
Celso Emilio pintado por Anxo Baranga en Córghomo.

- ▼ Busto de Celso Emilio Ferreiro en Celanova.  
Busto na rúa de Celso Emilio Ferreiro de Vigo.



# LIMIAR

Que a Galicia dos nosos días sexa unha Comunidade avanzada, orgullosa dos seus sinais de identidade e plenamente inserida no seu contorno político e xeográfico é consecuencia do esforzo —ás veces heroico— e do traballo calado de moita xente.

Todos ou case todos os avances rexistrados nos máis diversos ámbitos —sanidade, educación, lingua e cultura, infraestruturas, economía...— están directamente relacionados coa autonomía política que Galicia exerce desde hai preto de catro décadas. Mais esta realidade, hoxe venturosa, non é froito do azar nin da improvisación. É a consecuencia dun longo proceso histórico protagonizado por homes e mulleres que, desde os máis diferentes ámbitos, alentaron e sentaron os alicerces teóricos, legais e organizativos do autogoberno que exerce a Galicia actual; un autogoberno, por certo, que se sitúa entre os máis avanzados de Europa e que supera, en boa parte, as arelas de tantos e tantos galeguistas cos que estamos en débeda polas súas achegas.

Entre esta extensa nómina de galegos bos e xenerosos figuran, de maneira sobranceira, a gran parte dos intelectuais e homes de letras da Galicia do século XX. Homes como Celso Emilio Ferreiro, que consagrou a súa vida (unha vida non sempre cómoda —cómpre dicilo todo—) aos seus ideais e que antepuxo a coherencia e os principios a calquera outra consideración.

**Miguel Ángel Santalices Vieira**  
**Presidente do Parlamento de Galicia**

Entenderase, xa que logo, que o Parlamento de Galicia acollese con entusiasmo a proposta do profesor Ramón Nicolás Rodríguez, biógrafo de Celso Emilio Ferreiro e un dos maiores expertos na súa obra, para coeditar, xunto coa Consellería de Cultura e Turismo da Xunta, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, este volume que percorre a memoria do autor celanovés ao longo dos corenta anos transcorridos desde a súa morte, en agosto de 1979; proposta, por certo, impulsada de maneira entusiasta pola propia familia de Celso Emilio Ferreiro.

Para o Parlamento de Galicia é unha honra, pero tamén unha obriga, apoiar calquera expresión relacionada coa promoción da historia, a lingua e a cultura propias de Galicia, sinais de identidade inequívocos e imperecedoiros do noso pobo, desde un espírito aberto, sempre integrador.

A colección de arte do Lexislativo galego –unha das máis extensas e valiosas da Comunidade–, a programación cultural da Cámara –dentro e fóra da súa sede– e a propia liña editorial da institución, da que forma parte este volume, constitúen unha expresión elocuente do noso compromiso imperecedoiro co universo creativo galego.

Honra e gloria para Celso Emilio Ferreiro e para cantos, coma el, soñaron unha Galicia mellor, avanzada, culta, democrática e plural.

# INTRODUCCIÓN

Celso Emilio Ferreiro foi en vida un escritor celebrado e recoñecido. A súa obra poética alcanzou gran popularidade e algúns dos seus versos oíronse na voz de afamados cantautores do país, que fixeron deles himnos fixados na memoria de varias xeracións de galegos.

Tras o seu pasamento no verán de 1979, a atención prestada á súa vida e obra seguiu sendo notoria e foron moitos os eventos e publicacións nos que a lembranza do seu legado foi a protagonista.

O presente volume, *Chorimas para Celso Emilio Ferreiro. Un memorial: 1979-2019*, do profesor, crítico e escritor Ramón Nicolás, documenta toda a actividade xerada arredor da figura do celanovés dende a súa morte ata o corenta aniversario da mesma. Son, polo tanto, catro décadas de actos, publicacións e celebracións os que aquí se ven recollidos, presentados todos con información diversa e profusión de imaxes para os ilustrar.

Cinco datas salientan como fitos principais no recoñecemento do autor nestes últimos lustros: as homenaxes que en Santiago e Madrid, entre outros lugares, se lle renderon tras o falecemento; a dedicatoria

do Día das Letras Galegas de 1989; os actos nucleados arredor do seu vinte e cinco cabodano; a conmemoración do centenario do natalicio e o recordo do corenta aniversario do seu pasamento, no ronsel do cal nace este libro, que impulsa unha institución sempre atenta á literatura de noso como é o Parlamento de Galicia.

Estou certo de que nos anos vindeiros Celso Emilio Ferreiro seguirá a ser lido, a súa obra continuará analizándose e a súa figura ponderarase como cómpre. Este volume, que o seu autor presenta como «unha viaxe con intención divulgativa, sempre apoiada por un corpus visual, documental e fotográfico», ha resultar un imprescindible punto de partida para todas as persoas interesadas en coñecer en profundidade o acontecido co legado do vate galego nestas catro últimas décadas.

Non me queda máis que saudar a aparición deste *Chorimas para Celso Emilio Ferreiro. Un memorial: 1979-2019*, recoñecer o traballo de Ramón Nicolás e felicitar o Parlamento de Galicia pola oportunidade da súa publicación.

# PREFACIO

Ninguén poderá discutir que Celso Emilio Ferreiro conclúe o seu tránsito polo século XX esa noite do 30 de agosto de 1979 e que os seus restos descansan, debaixo dunha tampa de pedra, no panteón familiar do cemiterio de San Breixo desde o 1 de setembro daquel mesmo ano.

Tampouco é obxecto de debate que, desde esa data, deu comezo outra historia, que sen dúbida ninguén podería imaxinar e que titulamos aquí *Chorimas para Celso Emilio Ferreiro. Un memorial: 1979-2019*, en tributo ás flores que máis lle gustaban, esas bravas e libres flores do toxo. Si, dalgún xeito un memorial, nesa acepción que o define como relación, escrita neste caso, de feitos pasados. Un memorial particular, pois son estes que aquí se recollen os feitos acontecidos desde a súa morte e que el protagonizou. Feitos que quixen soste con bases documentais para dotar dun inequívoco alicerce histórico, talvez tamén sociolóxico, que colleite –e por veces axude a interpretar, aínda que ese traballo quede para a lectora ou lector– o que sucedeu coa memoria do autor de Celanova e co seu legado literario catro décadas despois desde que, fisicamente, xa non estea connosco. Insisto en que persigo recoller, herborizar, analizar na medida do posible «case todo o que ocorreu» porque a figura de Celso Emilio proxecta un campo de luz que non é reducible a un libro, nin sequera a unha ducia de libros. Entre eles xurdiría de maneira natural outro libro, que sería fillo natural deste, centrado en focalizar a súa mirada cara ao que a música inspirada na súa obra nos regalou nestas



catro últimas décadas, reparando nas innumerables versións musicais que se derivan da súa poesía: música interpretada por cantautoras, corais, de duetos, bandas musicais clásicas ou modernas; música de todos os xéneros: do rap á música clásica, do rock á balada etc., mais que, valorando as dimensións que este capítulo adquiriría ao se tratar a obra de Celso Emilio dunha das máis musicadas ao longo da nosa historia recente, penso que sobordaría, con moito, os obxectivos desta achega polo que optamos por desestimalo á espera de poder facelo noutros proxectos<sup>1</sup>.

Teño para min, aínda así, que gozamos de certa distancia temporal que posibilita expor, ou explicar, as cadencias e dinámicas que vai adquirindo o que Celso Emilio simboliza nestas últimas catro décadas e para isto cómpre asomarse, en primeira instancia, ao que significou a súa perda, tamén a como se acolleu e modulou segundo o tempo avanzaba a súa figura, a súa obra literaria, a universalidade que proxecta esta

---

1 Asemade, outro libro sería aquel que reparase no tratamento que a crítica literaria lle deparou neste período ou, por exemplo, como é a consideración que acada a súa obra nas antoloxías poéticas últimas que testemuñan, quen o dubida, a súa inequívoca canonización no sistema literario, algo xa presente desde que aparece entre nós *Longa noite de pedra*, como se confirma no *Diccionario da nova literatura galega (85 escritores responden un inquérito, 1969)*, un traballo aínda lamentablemente inédito de Xesús Alonso Montero, de grande interese literario e sociolóxico.



última e mesmo, por que non, o significado que o seu pensamento e o seu posicionamento diante de Galicia nos deixou.

Non todo acabou, pois, naquel enterramento multitudinario en Celanova. A súa morte segou a presenza física pero nunca unha voz que segue a ecoar. Marchou un ser humano que, como lle relatara ao escritor e xornalista portugués Fernando Assis Pacheco<sup>2</sup>, catro meses antes da súa morte e no seo do I Congreso Internacional dos Escritores de Lingua Española, considerábase «canso, desencantado. Non da vida, que é moi fermosa, senón da Historia. Despois daquela ilusión da República, nos anos trinta, veu todo isto de agora pero non vexo sinais de cambio». A súa súbita e inesperada desaparición supuxo, talvez, que se instalase daquela un inevitable sentimento de orfandade para a cultura galega, que aquel ano de 1979 se intensificou coa perda doutras figuras que hoxe alimentan a nosa historia literaria e cultural como foron as de Luís Seoane, Lorenzo Varela ou Eduardo Blanco-Amor. Celso Emilio, ao que sei, non temía a morte: esta viría –afirmaba– cando debería ser e, malia todo, petou á porta cando menos o agardaba pois seguía a traballar e a gozar da vida como sempre que o deixaron fixo. Traballaba naquelas célebres *Memorias de nunca* e había pouco, como é sabido, pechara a versión definitiva dalgún poema, entre eles «Bande», dedicado a Alfonso Santalices –que

---

2 Assis Pacheco, Fernando, «Celso Emilio Ferreiro, beligerante», en *O Jornal*, 7-9-1979.

lería a composición o propio día do enterro de Celso Emilio diante do seu cadaleito— e que destinaba a un novo libro que depositara pouco tempo atrás nas mans de Xesús Alonso Montero. Comprometérase de palabra a asistir a algún evento poético, barallaba e soñaba mesmo cunha sorte de retorno definitivo a Galicia... Con todo, volvo ao rego, o seu enterro foi talvez a primeira luzada que cumpriría saber ler: un signo que nos informaba de que algo importante acababa de acontecer. Non exento de polémica, non sei se foi o seu soterramento —eu que só sei del polo que me comentaron e puiden informarme— un espello das augas en que tivo que navegar toda a súa vida. O «non omnis moriar» horaciano servíume para reflexionar, no seu día, sobre este feito, pero faltaban máis cousas nunhas liñas que intentaban pechar unha biografía que, agora son consciente, nunca se pode dar por concluída definitivamente. Con todo, abracemos esa data, a de setembro de 1979 e camiñemos cara a diante para trazar —sempre con documentos na man, con testemuños fotográficos, con retallos de xornais; sempre apelando ao que se dixo ou escribiu aínda que sen afán exhaustivo— unhas liñas que, non é difícil advertilo, dan forma a un percorrido vizoso e de escaso parangón entre os intelectuais galegos e españois do seu tempo.

Comezamos o que quixera ser unha viaxe con intención divulgativa, sempre apoiada por un corpus visual, documental e fotográfico que entendemos como esencial. Optamos, así pois, por unha estrutura

HOMENAXE A BANDE

Pra Alfonso Santalices, meu vello amigo.

Alá enriba está Bande  
coma unha estampa antiga  
dibuxada no aire.

Pendurada do vento,  
Bande das verdes corgas  
cinguidas de silencio.

A maina primavera  
alcende fogueiradas  
de froles amarelas.

Altas terras do Limia  
dos outonos dourados  
e das chousas sombrizas.

Nas encostas da serra  
branquexan os xestados  
coma ríos de néboas.

Nos camiños do Vieiro,  
onde o corisco funga,  
~~fixo a sua casa~~ o inverno.

*ten o seu pago -*

Vila noble e labrega,  
das touzas avesias  
i as paisaxes esgrevias.

Alá embaixo, entre seixos,  
pasa o río cantando  
unha canción de arrieiro:

Quén poidera mirarte  
dende a cume do outeiro  
Santa Comba de Bande.

Adeus, voume alonxando;  
anque ~~para fora~~ ledo,  
por dentro vou chorando.

*Alfonso Santalices*

Madrid 19-5-79

sinxela e cronolóxica que abraza, en primeiro lugar, esa primeira década que vai desde o falecemento de Celso Emilio Ferreiro, nun contexto intensamente politizado que derivou en que talvez non todo foi como a Celso Emilio lle gustaría, ata a celebración do Día das Letras Galegas do ano 1989. Logo dispóñense outras seccións centradas en dimensións máis específicas nucleadas naquilo que encheu o universo Celso Emilio no seu vinte e cinco cabodano –ano 2004– e no seu centenario –ano 2012– até chegarmos ao 2019, cando celebramos o seu corenta cabodano.

Antes de concluír este limiar quero deixar constancia da miña gratitude ás institucións que promoveron este proxecto como son o Parlamento de Galicia e, nomeadamente, ao seu presidente Miguel Santalices e ao director xeral de Política Lingüística, Valentín García. Grazas, ao mesmo tempo a Edicións Xerais de Galicia e ao seu director Francisco Alonso polo apoio e a amizade e, *last but not least*, á Fundación Celso Emilio Ferreiro á que pertenzo, sen cuxa axuda xenerosa, sempre desinteresada e implicada, ningún dos traballos que tiven a sorte de realizar –e este tampouco– poderían nunca chegar a materializarse. Grazas Luís, Xabier, Isabel, Margarita, Celia, Raquel, Iria, Lois e a todos os que xa veñen detrás porque o lume que alampea xamais o veredes morto.

*Placa na casa de Celanova, Curros Enríquez 25 (antes 27). ▶*

*Placa na rúa Juan Bravo 53, Madrid.*



*Placa frontal do Colexio Celso Emilio, Móstoles. ▲*



Nacín (modestia fora)  
nun lugar onde o mundo  
se chama Celanova  
(c.e.f.)

NESTA CASA NACEU O POETA

**CELSO EMILIO FERREIRO**

4 - XANEIRO - 1912

CELANOVA E GALICIA GUSTODIAN A SÚA MEMORIA

9 - XUNO - 2012



AQUI VIVIO  
**CELSO EMILIO FERREIRO**  
POETA

SINTIO A SU PUEBLO  
CELANOVA - 1912 - 1979 - VIGO

EN SU MEMORIA, EL AYUNTAMIENTO  
Y EL ATENEO DE MADRID





**1979-1989**

**A DÉCADA  
QUE PRELUDIA  
O DÍA DAS  
LETRAS**





## O seu pasamento

---

Mergullarse nas hemerotecas dos xornais galegos e non galegos, naqueles primeiros días de setembro de 1979, aínda que sexa cunha intención non exhaustiva, revela que o falecemento de Celso Emilio gozou da máxima atención, atreveríame a afirmar que infrecuente, nos medios. Nos galegos era, posiblemente, de esperar. Non así nos de fóra. O espazo que a noticia reclamou naquela altura –se se me permite todo aquilo que se relaciona co autor e que pasados corenta anos desde o seu falecemento segue a suscitar– sempre foi para quen subscribe estas liñas unha verdadeira incógnita á que só lle atopo algunhas posibles explicacións; e unha delas, talvez clave, é que poucos poetas foron tan lidos e populares no seu tempo, dentro e fóra de Galicia, coma el. Á procura de causas que explican esta proxección máis alá de Galicia, algunhas hai que apuntan a razóns estritamente biográficas como son a súa estadía, en primeiro lugar, en Caracas e, máis tarde, en Madrid desde que retorna da capital venezolana. Alguén como Celso Emilio, nun e noutro sitio, nunca pasaba desapercibido e o irresistible interese que a súa figura suscita en ámbitos literarios, coas portas sempre abertas da súa casa, é innegable. Mais por outro lado cómpre tamén apuntar á relevancia que cobra unha estratexia, á que chegou probablemente dun xeito casual, como foi a de ofrecer boa parte da súa produción literaria en edicións bilingües en galego e castelán: así ocorreu cos dous títulos que acolleu El Bardo –*Longa noite de pedra* e *Viaxe ao país dos ananos*– ou a edición de *Onde o mundo se chama Celanova*, da Editora Nacional. Tres libros que, de seu, catapultan o autor non só a un posto cimeiro na nosa



*Tumba de Celso Emilio Ferreiro  
en Celanova.*

lítica, senón que multiplican a súa presenza como poeta de culto, en moitas ocasións como autor de devoción, a un lectorado castelán que así goza, en moitos casos, de poder ler as súas obras en lingua galega. Ademais, e non é un dato menor, Celso Emilio incorporouse, sen probablemente el sospitalo, ao universo da difusión musical da súa poesía a través de inúmeras versións que se realizaron, e realizan, da súa obra poética. Sen el querelo nin conxecturalo, insisto, a súa presenza como poeta especialmente acaído para a música multiplicou a voz dun poeta como ninguén conseguira, nin se propuxera, nunca.

Mais comecemos xa con todo aquilo que ten que ver coa recepción nos medios da nova do seu falecemento. Unha primeira cala, realizada nas páxinas da páxina de apertura de *El Correo Gallego*, o sábado 1 de setembro de 1979, incorpora as notas de dó subscritas polo presidente da Xunta preautonómica, José Quiroga Suárez, opoñente ademais que foi de Celso Emilio ás eleccións ao Senado, e que afirmaba: «Independentemente da ideoloxía política, fica o ser humano. Celso Emilio Ferreiro foi, sempre e por enriba de todo o demais, un xigantesco ser humano da galegitude.» A sentenza apuntaba ao eco que, dentro da memoria de Galicia, xeraba o recordo do autor. Complétase esa visión cunhas declaracións de Cunqueiro, afastado desde había tempo do círculo de amizades de Ferreiro, que apostaba por unha valoración aséptica e estritamente literaria: «Celso Emilio fue un poeta de poesía

civil a imágen de los cambios que obligan los tiempos, a imágen de la poesía de su paisano de Celanova, Curros Enríquez. A este tipo de poesía corresponde, por exemplo, su libro de poesía en gallego, el libro máis leído, titulado *Longa noite de pedra*.» No mesmo soporte, un Avelino Pousa Antelo conmocionado, aseveraba que «esgrimió su poesía ante una Galicia marginada» e que «*Longa noite de pedra*, el libro máis importante de Celso Emilio, es un faro de luz encendido en los tiempos oscuros del silencio, y su obra, un exemplo de entrega a Galicia y una aspiración gozosa de esperanza». Por último, Domingo García-Sabell, presidente daquela da Real Academia Galega e que ocupará un papel relevante como voceiro da institución neste momento e dez anos despois cando Celso Emilio protagonice o Día das Letras Galegas, alén de salientar que a súa poesía «representa la poesía del sarcasmo y su libro *Longa noite de pedra* dio frutos muy significativos a la literatura gallega», engadiu que foi «el verdadero y único continuador de la obra de Curros Enríquez, que en este momento no tiene continuidad, porque Curros ha tenido muchos imitadores, pero ningún continuador», para concluir que «he mantenido siempre una relación amistosa intachable. Era un extraordinario gozador de la vida y un hombre que llevaba dentro un gran tormento espiritual». Asemade, reproducíanse dúas noticias de valor intrínseco: fóra das devanditas declaracións de Quiroga, incorporábase un telegrama do titular da Consellería de Cultura, Alejandrino Fernández Barreiro, que rezaba: «O noso máis fondo sentimento pola irremediábel perda que, coa morte de Celso Emilio, ten que asumir a Cultura Galega. A súa laboura, pesia todo, ten xa raigañas dabondo pra evidenciar no futuro a súa presencia viva no País Galego. Porque Celso Emilio sempre estará connosco», e unha nota informativa en que se anunciaba que a Xunta de Galicia estaría presente no enterro de Celso Emilio na figura do seu presidente, ademais do conselleiro de Cultura. Significativo apuntamento, ao meu ver, porque

era esta a primeira ocasión na que a Xunta preautonómica amosaba a necesidade de estar presente, como representante dunha institución do autogoberno, nun acto público de relevancia cultural e simbólica.

Pola súa parte, *La Región* do 2 de setembro titulaba «Emotivo adiós de Galicia a Celso Emilio» a catro columnas, e incorporaba unha páxina enteira con crónica de Ellacuriaga baixo o título «Galicia rinde emocionado homenaje póstumo a Celso Emilio» no interior. Refire a presenza, no acto fúnebre, de persoas como Marino Dónega, Virxilio, Bucíños, Antón Risco, Ramón Piñeiro, Isaac Díaz Pardo, Benedicto, Barreiro Fernández, Xavier Pousa, Manuel María, Cesáreo S. Iglesias, pertencentes ao ámbito da cultura. Tamén citaba o alcalde de Celanova, Camilo Rodríguez; o gobernador civil, Rafael Oliver Ypiens; o Conselleiro de Cultura, Alejandrino Fernández, e asemade os delegados provinciais de Cultura, senadores de Galicia e unha representación da xestora do PSOE presidida por José Antonio Gurriarán. Na descrición do enterro relataba como os membros da corporación conduciron o cadaleito até o busto de Curros, tomando alí a palabra Camilo Rodríguez, quen transmitiu o acordo municipal de dedicarlle unha rúa ao poeta; logo interveu García-Sabell, Alfonso Santalices leu un poema de Celso Emilio titulado «Homenaxe a Bande» e Quiroga Suárez testemuñou a condolencia da Xunta preautonómica.

A crónica de *La Voz de Galicia* desa mesma data titula a información «Homenaje póstumo de Galicia a Celso Emilio Ferreiro en Celanova, donde se dará su nombre a una calle», e engade a presenza no enterro doutras persoas non citadas noutras crónicas como Ramón de Valenzuela, Agustín Pérez Bellas, Mercedes Ruibal, Conde, Julio Maside, Salvador García-Bodaño, Pepe Cal, García Alén, Xaime Quessada, Patiño, Acisclo Manzano, Baltar, Antía Cal, Xosé Luís de Dios, Bernardino Graña, Ramón Akal, Xosé Filgueira Valverde ou Celso Montero.

Asemade, recolle tamén a nova de que o Concello de Narón lle dedicará unha rúa ao poeta e estende as condolencias públicas emitidas por asociacións como o Ateneo Ferrolán, Comisións Obreiras, o Partido Comunista de Galicia e a do alcalde de Barcelona, Narcís Serra. O xornal concédelle un tratamento destinado ás grandes ocasións, pois a noticia ocupa na portada tres columnas e remite a páxinas do interior onde se traza un percorrido polos seus últimos momentos, aludindo aos proxectos en que traballaba, a condolencia oficial da xestora do PSOE, a visita dos alcaldes de Celanova e Vigo, a presenza de concelleiros e concelleiras no enterro, alén dalgunhas opinións como a de Celso Montero, quen recorda que compartiron a candidatura democrática galega para o Senado, en xuño de 1977, e que logo, ao integrarse como colectivo galego no PSOE, xa cadraron como militantes no PSdeG-PSOE; engade tamén que, malia intentar convencelo para volver ser candidato en 1979, Celso Emilio xa non aceptaría. Unha páxina do interior recolle unha ampla nota biográfica, novas sobre o enterro e, baixo a epígrafe «Algunas opiniones sobre la personalidad y la obra del poeta», recóllense declaracións de Alonso Montero, Isla Couto e Fernández del Riego –que afirma: «Poeta con gran sentido do ritmo e fonda preocupación polos problemas de Galicia»–, Blanco-Amor, Salvador García-Bodaño, García-Sabell, Basilio Losada, Avelino Pousa Antelo etc. Días posteriores ao falecemento segue a ocupar a atención do medio ao incorporar artigos como o de Carlos García Bayón –o 5 de setembro– ou referencias extraídas de sesións municipais do Concello da Coruña, onde se tramitaba unha moción do



*Cuberta da edición de Longa noite de pedra de A Nosa Terra.*

PSOE para tributarlle unha homenaxe ao poeta, consistente nun recital, alén do propósito de bautizar co seu nome o primeiro colexio que se inaugurase e mais concederlle a denominación dunha rúa.

O *Faro de Vigo*, dirixido naquela altura por Armesto Faginas, abría a súa portada con dúas columnas dedicadas a Celso Emilio cun titular significativo: «Ha muerto Celso Emilio Ferreiro, el poeta gallego de la posguerra.» Ofrecíase abondosa información na páxina dúas, a cargo dun artigo de M. Tourón, en que glosaba as figuras xa falecidas de celanoveses como Curros Enríquez, Clodo Rodríguez «Prenta» e Pepe Velo, alén do propio Celso Emilio. Ademais dunha nota biobibliográfica asinada por F. R. (talvez Fernando Ramos), engádesse un resumo de axencia con declaracións de García-Sabell, García-Bodaño, Luís Jiménez Martos, Alejandrino Fernández Barreiro, Pousa Antelo e condolencia da xestora do PSOE. Dedicábase a última páxina, integramente, á súa memoria de xeito que a carón do poema «Palabras a un morto», pertencente a *O soño sulagado*, e dunha foto de arquivo, sumábanse testemuños de Isaac Díaz Pardo, Xesús Alonso Montero, Valentín Paz-Andrade, Torrente Ballester, Del Riego, María Xosé Queizán, Bieito Ledo e do segundo presidente da Xunta preautonómica, Xosé Quiroga. Aínda o día 2 de setembro o xornal faise eco do enterro cunha crónica de F. Ramos na páxina 46: «Toda Galicia asistió en Celanova al entierro de Celso Emilio Ferreiro», onde se engade a presenza de persoas antes non nomeadas como foron Emilio, Xosé María e Álvaro Álvarez Blázquez, pintores como Abreu Bastos, o enxeñeiro e político Camilo Nogueira ou Gurriarán, á sazón director de *El Socialista* e de quen se recollen estas declaracións: «Mientras intervenía el doctor García-Sabell algunos intelectuales de izquierdas hicieron comentarios desfavorables al presidente de la Academia, recordando que era chocante que muerto Celso Emilio se hiciera de



él tal glosa, cuando no se le había considerado en vida para entrar en la corporación.» Engádese tamén un artigo de Manuel de la Fuente —«Envuelto en la enseña que hizo tremolar como bandera»— onde apunta: «Celso Emilio molestaba a muchos, porque en esos versos se sentían retratados, viviseccionados, denostados y hasta despreciados con ese desprecio olímpico que sólo poseen los poetas.»

A resonancia no ámbito da prensa estatal non foi, en absoluto, menor. *Pueblo*, por exemplo, recolle varias declaracións de Alfonso Guerra, Lauro Olmo e mais o pésame da xestora do PSOE, alén dunha nota biográfica. Ao tempo, sublíñase que foi enterrado coa bandeira azul e branca de Galicia e incorpora outras persoas que asistiron ao enterro como Manuel Soto, alcalde de Vigo, Carlos Revilla —presidente da Deputación de Madrid—, Lauro Olmo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Laxeiro ou Alonso Montero, alén de referirse ao eco dunha voz anónima que berrou «Viva Galicia ceibe e socialista», acompañada cun viva espontáneo e un forte aplauso.

O *ABC* anuncia baixo titular «El más grande poeta civil de Galicia» unha nota biográfica anónima, reproducindo declaracións de Alonso Montero a Radio Nacional e de Luís Jiménez Martos, director da Aula de Poesía do Ateneo Madrileño. No 1 de setembro dedica a súa páxina de «Vida Cultural» (páxina 22) ao pasamento e, a carón da nova «El poeta gallego CEF falleció en Vigo», engádense declaracións de García-Sabell e García-Bodaño, alén dun longo artigo de Florencio Martínez Ruiz, «Llanto por un bardo gallego», en que se revisa a súa obra literaria.

O día 1 de setembro *El País* abre a portada baixo o titular «Hoy será enterrado el poeta Celso Emilio Ferreiro» e deriva a información a páxinas interiores, onde Perfecto Conde subscribe o artigo «Celso Emilio será enterrado hoy en Celanova», nunha crónica emocional e moi informada sobre o falecemento, xunto con dous textos: o primeiro de Alonso






que Celso Emilio lle solicitara que non permitise que algunhas mans pousasen sobre «o manto inmaculado de Galicia» e anunciou que a primeira condecoración que outorgase a Xunta sería para el: un propósito que, dun ou doutro xeito, nunca chegou a se materializar.

Pola súa parte, *El Periódico de Catalunya*, do 1 de setembro de 1979, abre co titular «Murió Celso Emilio Ferreiro» e incorpora un artigo de Vázquez Montalbán titulado «Larga noche de piedra», versión primixenia do texto que, posteriormente, enviaría á homenaxe que honraría a memoria de Celso Emilio en Madrid. Como curiosidade na nota biográfica afirmase que «la UPG le expulsó del partido a raíz de hacer Celso el prólogo a un disco de "Los Tamara"» (sic). Pola súa parte, Montalbán subliña o paralelismo existente entre *La pell de brau* de Espriu e *Longa noite de pedra*, para engadir que Celso Emilio Ferreiro foi un «temible vitalista que desbordaba a cualquiera que se atreviera a secundarle».

Estes ecos son semellantes en *La Voz de Asturias*, onde baixo a epígrafe «Escribía en gallego», apúntase «Falleció el poeta Celso Ferreiro»; no *Avui*, do 1 de setembro daquel ano: «Mort del poeta Celso Emilio Ferreiro», cunha nota bibliográfica e referencias ás declaracións de Alonso Montero, Quiroga e Sabell; ou en *La Vanguardia*, cun apuntamento biográfico a carón do artigo «Celso Emilio y su *Longa noite de pedra*» a cargo de Julio Trenas, bo coñecedor da súa obra e crítico no seu día de *La Estafeta Literaria*, quen afirma,



*Busto de Celso Emilio Ferreiro en Celanova.*

e non exento de razón, que el foi un poeta «a quien más que egotismo y orgullo producía dolor la propia referencia».

Aínda xa brevemente algunhas referencias máis. En *Ya* do 1 de setembro de 1979 apúntase «Falleció repentinamente el poeta Celso Emilio Ferreiro», cunha crónica que envía desde Vigo Fernando Ramos e que inclúe declaracións de Paz-Andrade e Alonso Montero, ás que se suma un artigo de fondo de José López Martínez: «Sangre y voz de Galicia», onde afirma: «Creía firmemente en el alcance regenerador de la palabra» e aludía ao seu último contacto con el no Congreso Nacional de Escritores: «Pese al gesto adulto, que siempre cohibía un poco a sus interlocutores, luego era una persona sumamente cordial.» E en *Informaciones* publícase un artigo de Víctor F. Freixanes: «Ha muerto Celso Emilio Ferreiro», xa o propio 31 de agosto, e un día despois aparece a colaboración «La vida y la poesía cumplidas», a cargo de Pablo Corbalán, onde se sinala: «Iba a morir y lo sabía. Por eso cuando falleció su amigo Blas de Otero, hace sólo dos meses, en el breve poema que le dedicó entonces estaba ya su propia elegía. Y era una elegía sin amargura, escrita para dos hombres totales –Otero y él– que habían dado a los hombres no sólo su poema, sino su plena solidaridad humana.» Permítome reproducir aquí o poema:

VISPRAS

Na memoria de Blas de Otero

Chegou á derradeira encosta da montaña  
coas misteriosas luces sobre os médanos,  
co seu baúl ó lombo.  
Dende aquí vexo o mar acolá diante,  
dixo, axiña saberéi quén son.  
O intre de zarpar vaise achegando,  
é hora de ceibar as pombas.

Adeus, paisaxe irrepitivel da vida,  
coas misteriosas luces sobre os médanos,  
os insones abrentes  
nos muiños albares da esperanza.  
Adeus horas de dor e de ledicia,  
lonxe ficou o páxaro dos soños  
e o rito ardente da segreda ira.  
Non voltarán as rosas  
nen o esplendor dos máxicos fulgores.  
O tempo pasa, devala o lusco-fusco,  
escrito está nos signos das estrelas.  
Se perdes a mañán, perdes o día,  
quen perde a mocedá, perdeu a vida.

Igualmente en *Informaciones*, o 4 de setembro, tamén Pablo Corbalán publica «Luto triple en las letras gallegas», onde se fai eco dos «tres torpedos» que acadaron a liña de flotación da poesía galega en poucos meses como foron Luís Seoane, Lorenzo Varela e Celso Emilio Ferreiro: «Luto que cubre en esta hora las letras gallegas.» Un día despois dedícalle nas páxinas 2 e 3 unha pequena homenaxe, poñendo en portada o poema «Boas Noites saudade» en castelán, mentres que na páxina tres Ramón Pernas publica «Un fondo musical de flauta triste», do que rescato este fragmento:

Hablar de su bonhomía, bien pudiera parecer un tópico solapado en afectos compartidos, pero jamás pudo aplicarse con tanta precisión este adjetivo. Era, para entendernos, machaconamente bueno. Le recuerdo sorprendido en el Madrid del 72, extraño y forastero, asustado por una vida que iba a reiniciar en la metrópoli, preparando un café venezolano lleno de cordialidad presentidas, hablamos de viajes y nostalgias hasta empararnos de saudade. En



un momento, y obedeciendo a un extraño impulso, se anudó un pañuelo de colores a su cuello; era un gesto pícaro, coqueto –el fotógrafo esperaba–, de viejo truhán que regresaba de la lluvia.

A carón deste artigo sitúase o artigo «Celso Emilio Ferreiro: post-mortem» de Lauro Olmo, no que entendo un texto suxestivo e crítico, en que repara nas dimensións dos eloxios unánimes e póstumos a un activista poético que potenciou o ser nacional galego:

Si CEF hubiera asistido a su propio entierro, él, que era un señor del sarcasmo y de la retranca popular, hubiera dado con el tema de su próximo libro. Y no quiero con esto disminuir en lo más mínimo el auténtico dolor que, en gran parte, presidía el duelo; lo que sí quiero dejar claro es que algo aleteaba en todo aquello que ponía una vez más en pie el drama en vida del escritor español. Porque Celso Emilio Ferreiro, que no sólo ha enriquecido de modo sobresaliente nuestro patrimonio cultural, sino que, concretándonos a Galicia, ha potenciado decisivamente su ser nacional, era uno de los hombres más desasistidos del llamado mundo de las letras. En realidad Celso Emilio Ferreiro era una voz molesta. (...) ahora mismo es una excelsa ausencia, un hombre que ha hecho patria. Todo lo que no tuvo en vida se le está ofreciendo, se le está dando. Y no nos extrañemos de si ahora en adelante se citan versos o frases suyas en las alocuciones oficiales, incluidas, naturalmente, las parlamentarias.

O 6 de setembro *Treball*. *Órgan Central del Partit Socialista Unificat de Catalunya* glosa a figura de Celso Emilio co artigo «En la mort de Celso Emilio» a cargo de Basilio Losada e Joaquin Morta traduce ao castelán tres poemas do celanovés. Cómpre non esquecer o número correspondente ao nove de setembro de 1979 de *El Socialista* que, cunha sorprendente portada a cinco columnas onde reza GALICIA CEIBE, cunha fotografía



de Celso Emilio Ferreiro e mais unha instantánea do enterro, idea este texto como subtítular: «Lamentable coincidencia: Celso Emilio Ferreiro, el último gran poeta de Galicia, muere cuando su tierra comienza a recuperar sus derechos.» Aínda en interiores Julián Barraña subscribe o texto «En Galicia está chovendo», en que desenvolve unha longa crónica das circunstancias da morte, o enterro e todo o que o rodeou; igualmente Lauro Olmo incorpora o artigo «A modo de recuerdo», a carón do texto «Del poeta y del hombre», de Luis Díez, e aínda na entrega do vinte e tres dese mes acóllense senllos artigos: «*Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro», a cargo de Xesús Alonso Montero e «Prosaico recuerdo de un gran poeta», de Borobó. Nin tampouco cómpre ignorar a revista *Triunfo* que, no número do oito de setembro de 1979, publica «Celso Emilio Ferreiro in memoriam», de Xesús Alonso Montero onde apunta: «Había un cierto desencanto, una cierta decepción política, decepción, que si se analiza con cuidado, no era tal: era tristeza ante las polémicas inútiles, los delirios de algunos y la pobreza en los planteamientos de otros; pobreza, delirios y polémicas frecuentes y dolorosos en el País Gallego (...) Me acababa de entregar su último poemario *O Libro dos homenaxes* [no que] canta a los hombres que tuvieron fe, tal vez para recuperar alguna. Me entregó el libro para que se lo prologase, prólogo que tendrá que ser redactado en esta atmosfera de luto.»



*Tumba de Moraima no cemiterio de San Breixo (Celanova).*

Conclúo este repaso pola prensa cunha referencia, breve pero necesaria pola súa relevancia, ao número de *Tribuna Médica* do sete de setembro dese ano, publicación na que como se sabe Celso Emilio traballaba en Madrid tras o seu retorno de Venezuela. Nesa entrega anúnciase na portada «Estamos de luto» e súmase un texto por baixo de Ramón Sánchez-Ocaña, o seu director, onde apunta:

También agosto, ya al final, se nos llevó a un compañero del alma, compañero: Celso Emilio Ferreiro, gallego, poeta, amigo y, hasta hace bien poco, redactor de estas páginas. Nosotros, sus compañeros, le debemos horas de charla y amenidad que iba deshojando cada tarde. (...) De Celso hablarán los libros y las antologías, pero me da la impresión que van a dar sólo la imagen del poeta o del galleguista, porque no van a poder abarcar la inmensa humanidad de su bigote blanco o la luminosa mirada de sus pobladas cejas.»

Neste mesmo número, na páxina vinte e tres, reproducense tres artigos, alén dunha nota previa biobibliográfica da autoría de Domingo García-Sabell, «En la muerte de un poeta», onde apunta a necesidade da valoración da súa obra atendendo a dous factores: «Uno, el conocimiento en profundidad de la realidad personal de Celso Emilio. Otro, el análisis, en mayor profundidad aún, de un texto esencial, a saber, la *Longa noite de pedra*.» Leopoldo Azancot, co texto «Maestro y compañero de la juventud», afirmaba: «Esencialmente bueno, era un ser irremplazable, conector de la ternura y la flexibilidad, sí, pero también de esa indignación y de esa cólera cívicas que nacen del sentimiento de solidaridad, de fraternidad, con los humildes, con los oprimidos, y de la esperanza viva en un futuro más justo», engadindo o que entende como tres claves da grandeza literaria de Celso Emilio, que serían a confluencia na súa obra dunha liña lírica e outra cívica, que actualizou; a fusión

do individual e o colectivo, de xeito que a súa voz é recoñecida como propia por todos e en especial polos que «nunca contemporizaron con la opresión» e, por último, a ruptura da distinción entre galego falado e o escrito. E engade, co recordo duns días compartidos recentes:

Puedo testimoniar, así, que, desde el momento mismo de su llegada a la residencia de Santa Brígida, donde nos alojábamos la mitad de los congresistas, se convirtió en el eje cordial de la misma, concitando el cariño de todos. Este cariño, doblado de admiración –que él, modesto y cabal, rechazaba– se tradujo en un homenaje organizado por los que le éramos más próximos, que le sorprendió y lo emocionó, pues a nada, fuera del amor a su familia y a su tierra, daba tanto aprecio como a la amistad.

Por último, cómpre non esquecer un artigo moi interesante, ao meu ver, como é o que subscribe o doutor José de Portugal-Álvarez baixo o título de «Los poetas se "enversan" non se entierran». Nel relata unha anécdota significativa que alude a un faladoiro entre médicos, poetas e escritores que derivou sobre o tema da morte. Foi alí onde Celso Emilio Ferreiro dixo: «Estou tranquilo porque, á marxe das etiquetas oficiais ao uso, os poetas resultamos case sempre inmortais. De verdade, non se nos enterra, senón que se nos enversa, déixasenos para sempre metidos nos nosos versos, e cando alguén nos le, desenvérsasenos e resucítasenos.»

Fóra de Galicia<sup>3</sup> e máis alá da atención dos medios de prensa estatais, o seu pasamento ocupou igualmente a atención dalgúns medios, sobre

---

3 É curioso o fervor suscitado respecto da súa figura por algúns poetas andaluces: a revista *Andarax*, de Almería, dedica o seu número de novembro de 1979 a reproducir poemas e comentarios de e sobre Celso Emilio Ferreiro. Nun limiar explican que non se trata dunha homenaxe académica, antes ben, «pensar que ésta (a súa obra poética) es, por ser de denuncia, menos poética, es empobrecer y falsear su obra. Y esto, ¿no habría de tener eco en una tierra como Andalucía donde las condiciones de opresión

todo americanos. Velaquí, a modo de exemplo, como o 1 outubro de 1979 Joaquín Marta Sosa publica en *El Mundo*, de Caracas, un «Pequeño homenaje a Celso Emilio Ferreiro», composto por unha breve escolma da súa poesía en castelán, seis fragmentos valorativos sobre a súa poesía en boca do propio Celso Emilio Ferreiro e unha análise máis demorada para o lector caraqueño, onde subliña a estadía en Caracas como:

una suerte de exilio autoimpuesto y forzado», para engadir que a «poesía, la escritura, no fue para él un pretexto sino un oficio y un espacio de combate. El, tan apacible, tan lleno de amistad para todos, de humor corrosivo y fresco, escéptico pero sin neutralidades. Era un incansable obrero de la comunicación y la hermandad entre los prójimos que luchaban en toda liberación (...) Los hombres que por tales devinieron en poetas, como Celso Emilio, ennoblecen nuestra condición y nuestro tiempo. Son la voz inapagable que reitera para siempre la esperanza y el combate.

O mesmo profesor Marta Sosa, un dos seus grandes amigos de sempre, non cesa no seu empeño de difundir a Celso Emilio nestas datas e escribe en *El Nacional*, de Caracas, o 12 de setembro de 1979:

Lo vi en julio pasado. Trabajaba en sus memorias (*Memorias de nunca*) y en un libro poético para hombres significativos (*Libros de los Homenajes*) que deben salir pronto a la calle, así como el tercer tomo de sus *Obras Completas*.


---

y explotación, y, paralelamente, las manifestaciones de protesta y búsqueda de una realidad no falseada son tan similares?» A homenaxe incorpora un artigo de Álvaro Paradela, a carón dun poema titulado «Ao xeito de C.E. Ferreiro (Homenaxe): A un mozo lacazán». O artigo titúlase «Sustancialmente» e nel déixase, entre outras, esta afirmación: «La palabra malogrado no le va. Dejó camelias de amor y tojos de indignaciones.»

En nuestro ámbito cultural, y mucho más allá, por su poesía y su ejemplar vida humana y cívica, perfectamente hermanadas una con otra en la modestia, la humanidad y la solidaria utilidad, hay pocos poetas comparables con él.

Cómpre non esquecer, aínda que non saltase aos medios, un documento que asinan en Valencia (Venezuela) un grupo de persoas aos poucos días da morte de Celso Emilio, amigos del e baixo o título «Celso Emilio Ferreiro in memoriam». Eran Mario Granell, Pedro Fernández Dopazo, Moncho Casado, José Fraga, Gonzalo Gómez Caridad, Andrés Cao e Luis Noya. O texto manuscrito reza así:

Namentras os enanos siguen sendo enanos, o teu relembro e a tua obra axigántanse e danos folgos na loita, mais coraxuda na distancia, en procura de unha nova dimensión pra a nosa terra.



CELSE EMILIO FERREIRO  
IN MEMORIAM

NAMENTRAS OS ENANOS SIGUEN SENDO ENANOS, O TEU RELEMBRO  
E A TUA OBRA AXIGÁNTANSE E DANOS FOLGOS NA  
LOITA, MAIS CORAXUDA NA DISTANCIA, EN PROCURA  
DE UNHA NOVA DIMENSIÓN PRA NOSA TERRA.

ACOUGA EN PAZ

MARIO GRANELL - PEDRO FERNÁNDEZ DOPAZO,  
MONCHO CASADO - JOSÉ FRAGA.  
GONZALO GÓMEZ CARIDAD. ANDRÉS CAO  
LUIS NOYA.

VALENCIA - VENEZUELA  
SEPTIEMBRE 1979

*Celso Emilio Ferreiro.  
In Memoriam.  
Valencia (Venezuela).*



A enxurrada informativa que se sucede adquire unha dimensión verdadeiramente inaudita e non se trata aquí de incorporar un relatorio de carácter simplemente notarial sustentado en todas as referencias que suscitou o pasamento de Celso Emilio Ferreiro<sup>4</sup>, ás que faltarían, en

4 Incorporo aquí, tan só, algunhas referencias que testemuñan o sinalado en prensa galega e estatal: Álvarez Buylla, José Benito, «Celso Emilio Ferreiro», *Cambio* 16, 6-9-79; s/a «Celso Emilio Ferreiro, adiós a un poeta», *Diario de Barcelona*, 1-9-1979; s/a, «Pesar ante la muerte de Celso Emilio Ferreiro», *Mundo obrero*, 1-9-1979; Álvarez Pousa, L., «Celso Emilio Ferreiro, poeta y nacionalista», *Diario* 16, 1-9-1979. EFE, «Ha muerto Celso Emilio Ferreiro» e Pablos Coelho, J. M., «Celso, ¿ahora nos dejas?», *El Día*, 1-9-1979 (este último unha sorte de elexía de quen foi amigo do autor, con quen traballou en RNE en Madrid e en *Tribuna Médica*); *Ferrol Diario*, tamén na entrega do 1-9-1979 ofrece dúas columnas en portada con este texto: «Hoy será enterrado en Celanova CEF», xunto cun artigo de Xesta. Igualmente nesa data *El Progreso*, a tres columnas titula «Murió CEF», con diversa información no interior, a carón dun artigo de Neumandro e un poema de Xavier R. Barrio, e na contraportada un artigo de J. de C. titulado «Celso Emilio», na sección «Perfil de hoy», no que recolle diversas lembranzas e comentarios sobre o autor.

Aínda hai máis: *El Imparcial*, 1-9-79 inclúe o titular. «Murió Celso Emilio Ferreiro», alén dunha nota bibliográfica e na entrega da xornada seguinte insire un artigo de Carlos García-Osuna titulado «Celso Emilio Ferreiro en su larga noche de piedra» onde relata como o coñeceu no Congreso de Escritores de Almería de febreiro do mesmo ano 1979, con quen trabou, a través dun amigo común, unha intensa relación de amizade e conclúe con esa afirmación: «Como Blas de Otero también tenía su escritorio en la calle, y sus ojos siempre abiertos que todo lo captaban.» O *Diario de las Américas*, do día 2-9-1979, inclúe información «Fallece el poeta Ferreiro» e o mesmo ocorreu con outras cabeceiras como a *Hoja del lunes* de Vigo ou como a *Hoja del lunes de Madrid*, do día 3-9-1979.

Aínda días despois a atención mediática segue a ser relevante, como exemplos vallan os artigos de Basilio Losada «A poesía lírica de Celso Emilio Ferreiro» e de García-Sabell «En la muerte de un poeta», en *Ínsula*, nº 395. Tamén cómpre citar o artigo de Dora Vázquez «Cando morre un poeta», en *La Región*, 4-9-1979; o texto de Antonio Pereira «Celso Emilio no vendrá a Villafranca», en *La hora leonesa*, 7-9-1979; o artigo, publicado en *El País*, o 9-9-1979, a cargo de María Xosé Porteiro e X. Antonio Perozo baixo o título de «Un documento póstumo sobre CEF: “Estuve en la

boa lóxica, aquelas presentes noutros medios de comunicación como os radiofónicos ou o televisivo, que dan boa mostra da dimensión que como escritor gozou, ao meu ver máis intensa tras a súa desaparición que certos silencios que lle depararon en vida.

Con todo, velaquí os ecos dos termos máis reiterados neste breve repaso, pois o memorial podería, aínda, ser moito máis extenso. As palabras máis reiteradas son: baleiro, o home máis significativo da Galicia da posguerra, humildade literaria permanecendo fóra da

---

clandestinidad y fui maldito...»», un texto longo que, dalgún xeito, se incorporaría a Celso *Emilio Ferreiro. Compañeiro do vento e das estrelas* que se publicaría en Akal no ano 1982, ou o que subscribe Borobó, en *El Imparcial*, o 14 de setembro, baixo o título de «Redobla el tambor de Celso Emilio en el pazo de los muertos», mesmo o que subscribe Carmen Llorca en *Ya*, o 16 de setembro de 1979, baixo o título «Celso Emilio Ferreiro»; sen esquecer o achegamento realizado por Xosé R. Pena baixo o título «Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro», *La Voz de Galicia*, 7-10-79 ou o artigo de Daniel Cortezón, en *El Socialista*, o 7 de outubro de 1979, titulado «Nacimiento de un poema: *Longa noite de pedra*», onde lembra o ser humano «con su voz ronca, con su ser entre apolíneo y dionisiaco. Tenía todo el poder exultante de la vida y había en él como una remansada acumulación de sabiduría campesina, gallega por sus mil costados. Parece aún presente: salta y se mueve, va y viene. O reposa filosofando como un viejo fauno sarcástico. Sesteo, se traspone unos momentos, para renovar energías, para acumular la vida que va a eclosionar en su próxima andadura. Es un poco dios, pánico, telúrico, afincado en las raíces de nuestra tierra gallega. Ríe, ironiza, parrafea. Es ambivalente. Tiene el alma de los viejos adufes, de las primitivas zanfonas, de las gaitas garleiras y los pandeiros. Él mismo es músico percutor y danzante festivo: hombre de la nube y del cielo nórdico, ama al sol. Su ser danza y “repi-nica”. (...) Era un poeta progresista y un nacionalista gallego» e relata unha anécdota en boca de Celso Emilio: “Haré una casita allí (Celanova), y compraré un burrito pequeño, blanco y peludo, como Platero, y se llamará Canuto II, porque el primero me lo regaló de neno mi padre. Por la casa petrucia aún anda la albarda. Una albarda preciosa. También compraré un carrito, y Canuto y yo seremos felices recorriendo toda la comarca de Celanova...” Y sonreía beatíficamente, orondo, incrédulo de sí mismo, viéndose auriga del carrito tirado por Canuto...»

política das letras; a voz máis fonda da poesía galega do noso tempo, extraordinaria potencia poética e serena característica civil; vida dedicada ao galeguismo; defensor da tradición cultural galega, fonda sensibilidade; defensor de xustiza e a liberdade, obra con influencia nas novas xeracións de poetas galegos, continuador de Curros, expresou o seu pobo, un creador do idioma, cidadán exemplar... E podíamos seguir: gozaba da vida, defendía unha poesía de xustiza e liberdade, exemplo de entrega a Galicia, voz insumisa, quente, vibradoira de humanidade e beleza, testemuño dunha conciencia activa, independencia intelectual, sobordaba a calquera que se atrevese a secundalo; unha das voces máis afiadas e acesas de Galicia; conciencia firme dun tempo e dun país, home de ben e poeta de altos quilates..., «la libertad, la vida vivida intensamente, la afirmación de sí mismo, una casi continua y renovada explosión de su ser-así en la libertad creadora de su yo y en la aceptación de la libertad ajena» (Daniel Cortezón) ou «un home novo, tiña moito que facer aínda. Supuxo a continuación da poesía cívica galega, de impacto e crítica social (...) sabía poñer-lo dedo na chaga e ese foi o valor da súa poesía, excesivamente imitada (María Xosé Queizán).


Finalizo esta sección con catro textos que, ao meu entender, resultan algúns dos máis significativos entre os que viron a luz tras o falecemento de Celso Emilio e por diversas razóns. O primeiro que se reproduce é un texto titulado «Carta póstuma a Celso Emilio Ferreiro» subscrito polo poeta, crítico e xornalista Javier Lostalé<sup>5</sup> que comeza afirmando: «Con esta breve carta, Celso, queremos estar cerca de ti los que en la década de los sesenta leimos, como una aventura, tu *Larga noche de piedra*», e segue:

---

5 Texto conservado nos arquivos da Fundación Celso Emilio Ferreiro, sen data nin referencia ao soporte no que foi, probablemente, lido radiofonicamente.

La libertad no se pronuncia, se cicatriza. Como tú, Celso, antigua herida silenciosamente manando, que no acabaste nunca de curar, pues cuando la sangre tiene la fidelidad de un árbol milenario y la voz común de los desheredados, de nada sirve el engaño de tapar el hueco, si tocada está la raíz. Contigo, Celso, aprendimos que la libertad es un río hermoso, que tras de cada batalla, entero devuelve al hombre; cauce ancho y luminoso en cuyas orillas hay un coro puro de nombres: los borrados en su espera. Tu palabra no fue epopeya (que sonora separa), sino pueblo uno a uno nombrado en su silencio y en su cansancio. Palabra como acto comunitario. Y en el límite de cada hora un reino de esperanza reparte la palabra sueño. La escritura contigo fue, en un tiempo aún no lejano, dignidad de nuestros labios mudos, emoción clandestina del hombre por el que luchábamos. Escritura sin consigna ni bandera, germinada en el ser que sufre, que tuvo que abandonar su tierra, que inclinado camina bajo un peso ancestral, sumado a sus antepasados en una honda y larga sombra que cruza el paisaje como una respiración caudalosa y allenta [sic] Galicia. Escritura verdadera como tú, Celso, amigo verdadero, Celso lento como lluvia o campana, que avanza un rostro sin nombre cuya súplica no es conocida, y a la que hay que responder. Celso núcleo donde despacio arde la pregunta del ser. Asumido poso de luz o condena. Celso grieta. Quieto como siempre, unido ya a tu tierra, fundamental, más clara que nunca se escucha tu voz: medular canto de libertad.

O segundo publicouse nas páxinas do *ABC*, o 7 de novembro de 1979, baixo o título de «El poeta muerto», onde Camilo José Cela, que, como



*Cuberta da edición de Longa noite de pedra de Ediciós do Castro.*

se sabe, mantivo con Celso Emilio unha duradeira e sólida amizade, afirmou:

La suya fue una voz singular y solitaria, que hacía la poesía y la guerra por su cuenta, que llamó siempre a las cosas por sus nombres y que jamás cedió ante nada ni ante nadie. La suya fue la más potente voz poética gallega de un tiempo en el que la lengua y el hombre gallegos y su misma esencia vivían de precario y acosados por la incomprensión y su hermana pobre y hambrienta, la conveniencia administrativa. Celso Emilio Ferreiro soñó la Galicia que será algún día y lo hizo en un claro y sonoro gallego que casi nunca es y que se entronca con la lengua y la intención de Curros Enríquez (y saltando por encima del dulce y fecundo dolor de Rosalía de Castro). Con él, nuestra poesía suple el paisaje por el corazón y al bucolismo por el sentido de esa identidad que se nos venía resistiendo a todos. Celso Emilio es la piedra milenaria que señala la mayoría de edad de la poesía gallega que, con él, trueca el folclore y el sentimiento por la ideación y el ensueño intelectual y político. El poeta se nos murió hace muy breves días y, sin embargo, el síntoma de su voz ha sido ya advertido por los observadores.

Galicia empezará a salir de su marasmo (o de su inercia, ¿qué más da?) cuando los gallegos meditemos lo que dicen y lo que quieren decir los versos de Celso Emilio Ferreiro, el poeta que conocía y adivinaba todas las claves de nuestro remoto país, de nuestro pueblo, de la tierra «más hermosa y desgraciada del mundo». Y nuestro despertar será su venganza, por la que debemos pedir a los dioses cada mañana.

A orillas del padrecito Miño duerme su sueño eterno el amigo que nos hirió el corazón; primero con su poesía y hacia adelante y la esperanza, y ahora con su muerte y hacia atrás y el dolor. Que la tierra le sea leve es el deseo de quienes le lloramos.



O terceiro, e con non menos valor como conmovedor obituario, publicouse nun dos primeiros números de setembro de 1979 do diario *Informaciones* e foi recollido no libro *Torre del Aire* (Deputación da Coruña, 1992). No artigo, unha marabillosa peza xornalística, Gonzalo Torrente Ballester relata que no café onde escribía a radio interrompe a emisión para ofrecer noticias:

Oí claramente decir al locutor que, de madrugada, había muerto Celso Emilio Ferreiro. Éramos amigos hacía muchos años, desde una vez que nos encontramos en el bar de un tren, por la orilla del Miño: él me reconoció y se acercó. En el tiempo en que hablamos, nos pusimos de acuerdo acerca de las coincidencias sustanciales y de las diferencias de poca monta. Poco después, Celso Emilio emigraba a Venezuela, y yo a Estados Unidos. Alguna vez nos escribimos y nos dimos cuenta de las respectivas aventuras. Creo que más o menos regresamos el mismo año. Celso Emilio traía ya establecida su reputación de poeta, y se habló de él por los lectores no galaicos hasta el punto de que hubo que traducirlo, que lanzar la edición bilingüe de sus versos, esa chispa y dolida *Longa noite de pedra*, inolvidable. Había llegado ya, en los últimos años, a la condición de indiscutible, que tan pocos alcanzan en vida, y llevaba con sencillez esa difícil carga de la gloria. Estuvimos juntos muchas veces: en Salamanca, en Madrid, en Galicia. El otro día, el último miércoles, habló con María del Carmen Kruckenberg, amiga de entrambos, y le dijo que a ver si nos veíamos. El día señalado era el viernes. A la hora en que debíamos comparecer el ya se había ido.

Se me encogió el corazón, como dije, y el silencio que siguió no fue ése, ritual, de las conmemoraciones laicas, sino el de la emoción que no se puede refrenar y que tiene duración no estipulada, cosa del alma y del cuerpo juntos, respuesta a la realidad de la muerte. ¡Mi buen Celso Emilio! Cenamos una noche no lejana,

Camilo Cela, él y yo, con las esposas, en un comedor de La Toja, y formábamos un rincón de ironía y sorpresa en medio de un concurso convencional, interesado y político. Hicimos chistes, nos reímos mucho, planeamos a largo plazo. Para Celso Emilio, todo se ha cancelado: ahora quedan el nombre y la obra para luchar por la justicia contra el olvido.

Por último, Carlos Casares, en *La Voz de Galicia*, o 23 de setembro de 1979 e baixo título «Celso Emilio Ferreiro», publica un suxestivo texto en clave biográfica:

Á volta da súa estadía por terras americanas, coincidín con él, xunto co pintor Virxilio e a profesora Vázquez Cuesta, nunha festa da Saínza, onde presenciamos a batalla entre mouros e cristianos. Eran os días do famoso atentado da rúa do Correo en Madrid. Falamos de política e comentamos entre todos a dureza da situación. Ao pouco tempo fun a Madrid e durante un par de tardes tomamos café no «Gijón», onde él facía tertulia. Estaba ledo e sorprendido co coñecemento dun militar de alta graduación, liberal, culto e simpático, a quen eu o introducira. Decía del que era un pándigo e que ademáis recitaba moi ben a García Lorca, cousa que o tiña realmente fascinado.

Os premios da Crítica xuntáronnos unha vez máis en Barcelona, na primavera de 1976. Conversamos longo, sobre todo de literatura. E conversando estábamos unha tarde, sentados nunha terraza perto da Praza de Cataluña, agardando por Mora, cando apareceu de repente unha riada de xente en manifestación. A policía cargou brutalmente e desaloxou a terraza a golpes e a porrazos. Celso e mais eu, paralizados pola sorpresa, alí quedamos, casi seguros de que nos íban bater. Pegaron paus ao noso arredor, pero a nós non nos tocaron. Ao final, pasado o medo e a treboada, o poeta suspirou

fondo e sentenciou: «Salváronte as miñas canas.» Aquela mesma noite pasamos unha deliciosa velada na casa sempre acollidora de Xavier Costa Clavell, cun Celso Emilio increíblemente inspirado.

Atopeino logo en Ourense, cando as primeiras eleccións, aspirando a un sillón no Senado, pola Candidatura Democrática. Fixemos tertulia no café «Miño» con Xulio Losada e outros amigos, e comentamos as incidencias da campaña electoral. A noticia do seu ingreso no PSG sorprendeu a moitos e privouno da aureola de home politicamente radical que sempre tivera. Foi entón cando empezou a perder seguidores, proceso que se acentuaría cando entrou no PSOE. Pero os amigos e admiradores nunca lle faltaron. Por riba de todo, incluídas as súas flaquezas humanas, estaba sempre a súa simpatía, a súa gracia e o seu gran corazón. Naturalmente, tamén o seu extraordinario talento literario, pero de isto non falamos hoxe.

A última vez que o vin foi en maio deste ano, na cena do Premios da Crítica Galega, en Samil. Entre tanta xente, apenas falei con él. Vinno ledo e lerián, indo de grupo en grupo, falando con todos. De esguello escoiteille un par de comentarios mordaces, feitos con esa agudeza ferinte tan del, que nutriu moitos dos seus mellores poemas e que os seus incontables imitadores eran incapaces de reproducir. Non o volvín ver máis...

Hai uns días faloume del o poeta sueco Lasse Soderberg, que viña de conocelo en Canarias, durante o Congreso de Escritores. Estaba encantado co seu novo amigo. Esta mesma mañá chamareino por teléfono para lle dar a noticia da súa morte.

# As primeiras homenaxes

---

A relevancia que adquiriu a figura de Celso Emilio patentízase aos poucos días do seu pasamento pois, xa daquela, dáse inicio a un proceso de recoñecemento en forma de homenaxes e actos na súa lembranza no camiño de se converteren nun sinal do que significa, a ollos de hoxe, como parte irrenunciable do noso patrimonio cultural e literario.

Manexo un dato, que non ten máis valor nin menos que o sociolóxico, pero que non me resisto a reproducir. Unha revista que gozaba dunha relevante difusión naquela altura como foi *Interviú* integraba nos seus contidos unha sección denominada «El centimil», que definían como «la medida de la fama. Establece los centímetros que la prensa nacional dedica a los personajes de actualidad. Algo así como los famosos en su tinta. Para realizarlo se han medido en centímetros cuadrados los diarios y revistas nacionales de mayor tirada<sup>6</sup> y de todo tipo de información. He aquí los más destacados de la semana». Pois ben, na sección política nacional, daquela, ocupan a atención en primeiro lugar Marcelino Oreja, Adolfo Suárez, A. Martín Artajo, Alfonso Guerra e Jordi Pujol, encabezando unha listaxe de trinta nomes; na sección xeral, esa semana computada entre o recollido no período do 1 ao 8 de setembro de 1979 era Celso Emilio quen ocupaba a primeira referencia, seguido de Victoria Abril, Rocío Dúrcal, Núria Espert, Bibí Andersen e Vujadin Bošković.

Velaquí, daquela, como na Escola de Verán de Vigo, no propio mes de setembro, se artella con urxencia unha mostra hemerográfica e mais

---

<sup>6</sup> Velaquí as fontes consultadas: *Informaciones, La Vanguardia, Diario 16, Mundo Deportivo, Noticiero Universal, Correo Catalán, As, ABC, Tele/eXprés, El País, El Periódico de Catalunya, El Imparcial, Ya e El Alcázar*. Tamén as revistas: *Interviú, Hola, Gaceta Ilustrada, Semana, Garbo, Lecturas, Pronto, Diez Minutos, Cambio 16, Triunfo, Lib, Blanco y Negro, Destino e Fotogramas*.


un acto na súa memoria presentado por Modesto Hermida. Nel diserta Xesús Alonso Montero sobre a personalidade e obra do amigo, e interveñen, asemade, Antía Cal, Xosé Sesto, os cantautores Benedito e Emilio Gregorio, para finalizar a homenaxe cunha representación a cargo do grupo A Farándula que escenifica os poemas «Longa noite de pedra» e o «Monólogo dun vello traballador».

Pouco despois a Agrupación Socialista de Pontevedra organiza outro acto na cidade do Lérez no que interveñ Xesús Alonso Montero, onde comeza a popularizar esa afortunada expresión de que *Longa noite de pedra* foi un manifesto e mais un catecismo para os máis novos, alén de contar tamén coa participación do escritor Alfredo Conde. Ao mesmo tempo, a Asociación de Veciños de Redondela organiza outra serie de actividades, case espontáneas, na vila dos viadutos.

Oito días logo da súa morte, na igrexa das trinitarias de Vigo, tras unha cerimonia relixiosa oficiada polos padres Seixas e mais Francisco Carballo, organízase un recital poético no que interveñen Xosé Sesto, Pepe Cáccamo, Xavier Ferreiro Loredo –fillo do poeta– e mais Xesús Alonso Montero, contando tamén cunha achega musical a cargo de Suso Vaamonde.

Algunhas intervencións públicas, cando menos as que se puideron rescatar ou consultar, procuran subliñar que a súa personalidade sobordaba o ámbito das siglas políticas, reivindicando á súa pertenza ao patrimonio de todos os galegos<sup>7</sup>.

<sup>7</sup> Moi rapidamente a comisión xestora do PSOE de Galicia e *El Socialista* abren unha subscrición popular, cunha achega inicial de 50.000 pesetas, para erixir un monumento na súa memoria en Celanova.



*Cuberta da edición de Longa noite de pedra de Sálvora.*



Celso Emilio visitara, anos atrás, cando menos nunha ocasión, o local da Sociedade Cultural Atlántida de Matamá (Vigo) –moi próxima á fin e ao cabo á súa última residencia en Vigo–, que tampouco esquece a súa figura e organiza para o 3 de novembro outro acto na súa memoria no que intervén, de novo, Xesús Alonso Montero, completándose a homenaxe tanto cunha actuación do grupo teatral «Saudade» como coa recuperación da voz de Celso Emilio a través dunha gravación que se lle realizara cando, algún tempo atrás, pasara polo local da Sociedade.

Sorprende, mais teño para min que tamén resulta significativa, a homenaxe tributada o 20 de setembro en Cádiz<sup>8</sup> («Homenaje al poeta Celso Emilio Ferreiro», *Diario de Cádiz*), celebrada na Casa Municipal de Cultura da cidade andaluza e coa que se quería significar «la proximidad de afectos entre los pueblos gallego y andaluz», coa intervención de Felipe Benítez, Juan Bellido e outros máis. Algúns días antes, o 17 de setembro de 1979, Pedro Luís Cabrales publicara na *Hoja del Lunes* de Cádiz un artigo titulado «Palabras para Celso», na que logo de recriminarlle ironicamente ao propio Celso Emilio que decidise marchar, perseguen tributarlle unha homenaxe o día 22: un recoñecemento en que quedan prohibidos «los suspiros y los llantos» e cita, asemade, outros autores novos cos que seica acadara unha veloz empatía: Fernando «el Quiñones», Emilio Domínguez, Diego Escoriza, Juan José (Gelos), Antonio Otero, Jesús Fernández, Paco Bejarano, Felipe Benítez, Afonso Sánchez, Felipe Villalba e Jesús María Serrano, alén de escultores, pintores, traballadores dos medios de comunicación, actores e actrices.

Aínda non se cumpriran dous meses da súa morte, concretamente o 17 de outubro de 1979, cando se celebra un acto ás oito do serán baixo

---

<sup>8</sup> Ese día, o 20 de setembro de 1979, inaugúrase unha exposición de Manuel Salamanca –organizada pola Galería Canes e Garbell Llibres de Castelló de la Plana– en homenaxe a Celso Emilio, cun díptico que reproduce, só en galego, o poema «Testimúña».

o título de «Homenaxe o poeta Celso Emilio Ferreiro» no Auditorio da Caixa de Aforros de Vigo protagonizado por Xesús Alonso Montero<sup>9</sup>, que impartiu a conferencia «Significado literario e civil da poesía do CEF»; a continuación recitáronse poemas a cargo de Ánxeles de Cabalga, cantáronse poemas do autor por Benedicto e, finalmente, oíuse a voz do poeta «falando e recitando». Á entrada do auditorio, como hai anos era habitual, entregábase un tríptico con tres breves textos axuizando o labor do poeta a cargo, neste caso, de Aquilino Iglesia Alvariño, Carlos Maside, Basilio Losada, X.L. Méndez Ferrín, Gonzalo Torrente Ballester, Camilo J. Cela e o propio Alonso Montero, alén de incorporar unha breve escolma representativa de poemas de Celso Emilio.

Tan só cinco días despois do anterior, o 22 de outubro, o Ateneo de Madrid organiza un acto para lle render homenaxe a quen fora o director da Aula de Literatura Galega durante algún tempo (vid. anónimo, «El Ateneo de Madrid rindió homenaje a Celso Emilio Ferreiro», *La Voz de Galicia*, 23-10-79). Á devandita homenaxe fora convidada Moraima quen só foi quen, pola situación emocional daquel momento, de realizar unhas breves declaracións: «Celso era un hombre bueno, agradable, simpático... Perdónenme, pero hoy no puedo...». O tributo contou coas intervencións de Inés Canosa, Xaquín del Val e Dionisio Gamallo

---

<sup>9</sup> Ao día seguinte, Alonso Montero acode a un ciclo literario na sede madrileña da Fundación Juan March e dita unha conferencia sobre Celso Emilio Ferreiro. O ciclo titulábase «Cuatro escritores gallegos» e nel participaron Ramón Piñeiro falando sobre Rosalía, Domingo García-Sabell arredor de Valle-Inclán e Ricardo Carvalho Calero sobre Castelao; nel ía participar o autor de Celanova para disertar sobre Curros pero xa non puido ser. Todas as sesións celebráronse en outubro de 1979. Cómpre lembrar que xa participara nun acto o 7 de maio de 1976 organizado pola devandita fundación dentro do ciclo *Literatura Viva*, xunto con Basilio Losada, e no que actuara como moderador Eugenio de Bustos. O 8 de maio de 1976 *El País* recolle unha excelente crónica deste último acto no artigo «El hombre es el soporte de todo el contenido poético».

Fierros, que analizaron academicamente a súa achega literaria; Luís Cabo falou desde a perspectiva do amigo e Xosé Fariña Jamardo fixo confluír unha lectura valorativa da obra con outra de índole persoal: «Bo bailarín de muiñeiras, tocaba o pandeiro e xogaba á chave»; finalmente Daniel Cortezón referiuse ao mundo dos ananos, subliñando que nel se deu a conxunción da grandeza creadora coa bondade da alma e a humildade de espírito.

Fóra de Galicia, probablemente o 26 de outubro, artéllase unha «homenatge» en Barcelona, cun recital a cargo de María Vilanova, Fernando Rey e María Josep Arenós, para o que se contou con actores da Escola Dramática Galega e, en Caracas, a revista *Verbas*, voceiro da Xuventude da Agrupación Galaica, dedica a súa cuarta entrega a tributarlle un recoñecemento en forma de varios artigos subscritos por diversas persoas, como se afirma na publicación «desde el país de los ananos».

## Santiago, outubro 1979

A homenaxe que Galicia lle tiña que render botábase en falta<sup>10</sup> e organizouse, talvez con certo apuro, para o domingo 28 de outubro, ás cinco da tarde, no pavillón compostelán do Polideportivo do Sar e que se estendeu ata máis alá das nove e media da noite. Tres días antes o Concello da devandita cidade dá a coñecer a creación dun premio de poesía galega en lembranza do autor, pero algún tempo antes, Abuín e Calvo, en representación de CCOO e UXT respectivamente, xunto

---

10 Non podo concretar máis pero manexo a información da organización dun acto en recoñecemento nestas datas a Celso Emilio en Ferrol, da man de X. A. Ponte Far e Alonso Montero, pero descoñezo se se puido levar a cabo.


con Benedicto<sup>11</sup>, Arturo Reguera e mais Xesús Campos artellan unha comisión organizadora: unha enxurrada de avisos, publicidade e noticias nos xornais galegos permiten, dalgún xeito, ir seguindo a fase previa do acto.

O día 15 de setembro facíase pública unha nota subscrita polas dúas centrais sindicais devanditas, que sinalaba:

as dúas grandes centrais sindicais de Galicia, é dicir, os traballadores galegos, van rendir-lle un homenaxe nacional á memoria do gran poeta de Galicia asoballada.

Anúnciase o acto cunha foto de Celso Emilio e un poema, sen título, que correspondería ao titulado «O mártir» de *Cimenterio privado*:

11 En 2005:53 sinala: «A comisión organizadora, que tiven o privilexio de compartir, estaba formada por uns compañeiros de luxo: Arturo Reguera, Chichi Campos e Xesús Abuín. Debía haber presenza da UXT pero só veu un representante daquela central o primeiro día... Aquela Comisión, con pequenas variantes, foi a mesma que organizou moitos “eventos” dos que fan historia. Aquela comisión contaba co apoio incondicional de CC.OO. e do PCG. Era dabondo para homenaxear o poeta socialista.» Ao meu ver este posicionamento supuxo un muro infranqueable para a participación doutras voces necesarias nese tributo.



Non che diréi que imos a vingarte,  
amigo morto polo ferro aído.  
Porque pasaron tantos anos,  
tantos trelidores e desleigados  
e días de tristura, tantos,  
que xa non saberíamos  
en quén vingarnos.

Diríche tan só  
que te lembramos  
e procuramos  
seguirche os pasos,  
mais por outros camiños que non leven  
ós bosques dos coitelos afiados.

## Homenaxe a CELSO EMILIO FERREIRO

SANTIAGO. DÍA 28.5 DA TARDE  
POLIDEPORTIVO DO SAR.  
Autobuses desde a  
Praza de Galicia entrada libre

Relator: VICTOR F. FREIXANES

<b>ORADORES:</b>	X. M. ALVAREZ CACCIANO EMILIO ALVAREZ BLAZQUEZ X. M. ALVAREZ BLAZQUEZ MARCUS COMADORA ALFREDO CONDE CIARA NOVAS BERNARDINO GRAÑA XESUS L. VALCARCEL M. LUCERO REY LUIS NOVONTEIRA CARLOS OROZA ANXELES PENAS PEPE QUARTY X. RABADE PAREDES X. RODRIGUEZ BARRIO GRUPO ROMPENTE XOSE SOTO	ANTONIO TOVAR FELIX VERGARA MANOLO VILANOVA	<b>CANTANTES:</b> BENEDICTO BIBIANO ANTON CAMPELO MIRO CASABELLA AMANCIO PRADA PILOCHA SUSO VAAMONDE NAVIER	BORRALO XAIÑE CABANAS CONDE COBRAL QUINQUE CONDE VONTURA COSES CORREA CORREDOIRA FELIPE CRIADO X. L. DE DIOS ALBERTO DATAS XOSE DIAZ P. A. ESTEVEZ MANUEL FACAL FERLINDO FERRO PEPE GALAN HUETE LUDEGRO XULIO MASJE MIGUEL MOSQUERA	ORTIZ ALONSO R. PATINO PEREZ BELLAS ANTONIO OUESADA XAIÑE OUESADA SILVERIO RIVAS MERCEDES RUBAL SACO SUCASAS IRATI VASALLO MON VASCO VIRXILIO
------------------	---	---	---	--	--

**POETAS:**  
MARCOS ANA  
RAFAEL ALBERTI  
CARLOS ALVAREZ

**PLICITADORES:**  
J. M. DE CASALGA  
MIGUEL CASALGA  
ANTONIO PENEDO

organizan CC.OO.-UGT.apoian PSdeG-PSOE.PCG.UCD.PG. (C.R.)

Cartel da Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro  
(Santiago, outubro de 1979).

## O MÁRTIR

Non che direi que imos a vingarte,  
amigo morto polo ferro airado.  
Porque pasaron tantos anos,  
tantos treidores e desleigados  
e días de tristura, tantos,  
que xa non saberíamos  
en quén vingarnos.

Direiche tan só  
que te lembramos  
e precuramos  
seguirche os pasos,  
mais por outros camiños que non leven  
ós bosques dos coitelos afiados.

Sería Víctor F. Freixanes a persoa elixida como presentador do evento, para o que se convocou un grupo constituído por máis de medio centenar de oradores, poetas, cantantes, artistas e recitadores baixo a convocatoria destas entidades: «organizan CC.OO. - U.G.T., apoian PSdeG-PSOE, PCG, UCD, PG.»

Ao pouco tempo foron engadíndose novos apoios de asociacións políticas como as que se correspondían ao PCE, PSUC, EPK, PSOE, PSC-PSOE, PSE-PSOE, MCG e outras institucións, asociacións e plataformas xornalísticas como a Asociación de Escritores en Lingua Catalá, o Festival Internacional de Teatro de Sitges, a Federación de Libreiros de Galicia, *Mundo Obrero*, Colexio Oficial de Arquitectos, Ateneo da Coruña, *La Calle*, Akal, Edicións do Castro, *El Correo Gallego* ou Alvarellos Editora e diversas persoas como Ramón Tamames, Camilo Valdeorras, Alfonso Pexegueiro ou Luís Bouza Brey, a carón



de Felipe Criado, Carlos París, Eduardo Blanco-Amor, José Bergamín, Agustín Ibarrola, Isaac Díaz Pardo, Feliciano Barrera, Ben-Cho-Shey, Marcos Ana, Rafael Alberti, Xaime Quessada, Xosé Díaz e un longo etcétera de concellos galegos como O Grove, Rianxo, Ferrol ou Vilagarcía de Arousa, que apoiaban o acto que contaba cun cartel anunciador de Xosé Luís de Dios.

A ausencia de moitas persoas que foron relevantes na vida de Celso Emilio, ideoloxicamente próximas ao galeguismo ou ao nacionalismo, agás algunhas que participan a título individual, é clamorosa, e mesmo neste recoñecemento a sombra da polémica está servida. Un bo número de institucións, partidos políticos e asociacións de base quedan á marxe desta iniciativa. Unha copia que manexo dun artigo publicado no *Diario 16*, o 30 de outubro de 1979, e asinada polo correspondente na Coruña que no arquivo da Fundación se atribúe con reservas a Manuel Rivas pero que, tras consultar o autor non se corresponde coa súa autoría, ofrece unha valoración das causas que impediron unha afluencia máis plural e heteroxénea a esta homenaxe:

No fue adelante, porque no se consintió el intento inicial de apropiarse una de las centrales sindicales organizadoras el éxito de la convocatoria. Su representante recibió abucheos y silbidos cuando, con tono de viejo sermón eclesiástico, se refirió a su central como la impulsora del homenaje, al que se adhirieron todos los partidos, a excepción de los nacionalistas de izquierda. Y ello a pesar de que Celso Emilio había sido uno de los fundadores de la UPG, en cuyas filas militaron gran parte de los habituales componentes de los otros dos partidos nacionalistas más radicales, el Partido Obreiro Galego y el Partido Socialista Galego, que tampoco estuvieron presentes.

Esto se explica por el protagonismo de Comisiones Obreras y UGT en la convocatoria, que no dieron tiempo a que se constituyese

tras la muerte del poeta alguna comisión suprapartidaria. Los nacionalistas justificaron a *D16* la ausencia, afirmando que «Celso Emilio y su obra son ya patrimonio del pueblo gallego, por lo que nadie debería apropiárselo encerrado en unas siglas».

Malia todo, o éxito da convocatoria foi innegable. Articulouse un espazo acaído para o efecto como foi o pavillón polideportivo do Sar. Nunha parede situáronse murais realizados por Xaime Quessada e Felipe Criado e no centro realizouse unha montaxe consistente nun túnel baixo o lema «*Longa noite de pedra*».

A *Hoja del Lunes* de Pontevedra (29-10-1979) sinala: «Diez mil personas, en el homenaje a Celso Emilio Ferreiro», e recolle as palabras pronunciadas por Xesús Alonso Montero («Estamos case radicalmente orfos logo da súa morte, pero a súa obra vai acompañarnos moito máis alá das circunstancias históricas que a motivaron»); por Ramón de Valenzuela («Vimos a utilizar a Celso Emilio Ferreiro e non deixaremos de utilizalo porque é un poeta que cantou a liberdade e rexeitou a tiranía»); por Carlos Casares («A obra do poeta de Celanova realizouse pensando nos seus homes, na súa dor e na súa inxustiza; co humor e o desexo de xustiza dos nosos homes e, fundamentalmente, coa nosa lingua»); por Santos Simões<sup>12</sup> (quen subliñou «a importancia de Celso

---

12 «Solidariamente convosco, traballadores da Galiza, aquí estou para vos acompañar nesta homenagem a um camarada vosso e meu. Aquí venho trazer o testemunho dos que na vossa e nossa longa noite de pedra foram estimulados, encorajados, pela voz pura que nos chegava na língua proletária da Galiza, na língua do trabalho da Galiza. Galego da outra margem do Minho, trago a gratidão dos camponeses analfabetos da minha terra para o Poeta que, cantando os seus labregos, ergueu a voz por eles num clamor de justiça (...)

Galego da outra margem do Minho, trago a gratidão dos explorados que nunca leram o Poeta seu irmão. Poeta de rara autenticidade. Poeta solidario com esses explorados (...)

Emilio para Portugal e para Galicia»); por Rafael Dieste (para quen o acto de homenaxe é un plebiscito do futuro de Galicia<sup>13</sup>); por Luís Bouza Brey, que fixo memoria do seu trato con Celso Emilio desde inicios dos anos trinta; e por Manuel Fernández Montesinos y García-Lorca, sobriño do poeta granadino, que subliñou as similitudes entre Galicia e Andalucía rexeitando o empeño de «relegarnos a ser regiones de segunda categoría, después de la aprobación de los estatutos vasco y catalán»<sup>14</sup>.

Adheríronse, asemade, diversos persoeiros con textos enviados *ad hoc* como foron os de Vázquez Montalbán, Eduardo Blanco-Amor, Pere Quart e Marcos Ana, para despois lerse poemas de Alberti, Carlos Álvarez, Xosé María Álvarez Blázquez, Carlos Oroza, Bernardino

---

Camarada na trincheira do traballo intelectual, venho aquí agradecer-lhe, perante todos vós que o representais, o exemplo caldeado no silencio da opresión e da violencia e tamén na amargura do exilio, o da inmigración. (...)

A grande homenaxe que todos podemos prestar a Celso Emilio Ferreiro aquí, na súa terra da Galiza e junto do seu pobo, ali, do outro lado do Minho, ou onde quer que a injustiza e a explotación do home polo home aínda prevaleza, é lutar por un mundo efectivamente libre (...)), de *O Povo de Guimarães*, recorte sen data, pero probablemente de outubro de 1979 (recollo o discurso de Santos Simões e prescindo dos versos de Celso Emilio que foi lendo).

13 O Estatuto en vigor aprobouse no referendo que tivo lugar o 21 de decembro de 1980 e que foi promulgado o 6 de abril de 1981.

14 «Hay muchas similitudes entre Galicia y Andalucía, desgraciadamente similitudes negativas (...) La explotación, el paro, la marginación, la desastrosa situación de los trabajadores de la pesca y los astilleros, la emigración. Y ahora, después de lo que pasó hace un par de días de Euskadi y Cataluña, quieren relegarnos también a ser regiones de segunda categoría. Hay también mucha similitud en la postura política y ética de Ferreiro y Lorca. Los dos llevaban dentro una gran preocupación por la suerte de los oprimidos, tanto de los suyos como de los de otras partes del mundo. Los dos querían un mundo de solidaridad y hermandad», reproduzo desde C.G., «Homenaxe de Galicia a Celso Emilio», *El Correo Gallego*, 30-10-1979.

Graña, Rábade Paredes, Manuel Vilanova, alén de actuacións musicais a cargo de Amancio Prada, Miro Casabella, Bibiano e Benedicto, entre outros.

*El País* completa a nova baixo o titular «Masivo homenaje al poeta Celso Emilio Ferreiro en Santiago» (con crónica de Perfecto Conde, 20-10-79), afirmando que destacara a ausencia de convidados non galegos pois só participaron o portugués Santos Simões, o catalán Narcís Comallera, o sobriño de Lorca e o castelán Carlos Álvarez, aínda que se sumaran outras persoas, xa citadas. Apunta tamén a adhesión, por exemplo, da Federación de Sociedades Gallegas da Arxentina. Recolle, asemade, outros fragmentos da intervención de Xesús Alonso Montero: «Se fue cuando estaba llegando a la cima de su lucidez (...), estos son tiempos complejos y difíciles; antes se podía emplear la hoz de la razón y la razón de la hoz, y hoy solamente podemos emplear la razón de la hoz (este homenaje tiene algo que no le gustaría a Celso Emilio Ferreiro... no diría yo que gobiernan los hermanos del anterior jefe del Estado, pero sí sus primos.»<sup>15</sup> Refire Perfecto Conde, asemade, na súa crónica, datos moi interesantes que revelan o momento de alta tensión política que se vivía no momento como este fragmento: «Eduardo Blanco-Amor, Antonio Tovar y Ramón Piñeiro enviaron adhesiones. Lo hizo

---

15 «Acaba de morrer un compañeiro de armas, i eso xa está ben dito. Pero acaba de morrer un poeta, un compañeiro de armas, si me permitides a paradoxa, cando aínda estaba vivo, e digo esto porque o Celso Emilio poeta estaba chegando, si non chegara xa, ó cumio da súa lucidez. Por eso eu diría contra o parecer de algunha xente, que estamos casi radicalmente orfos; certamente quedanos ese tesouro dos seus libros, esa chea de palabras compañeiras, esa chea de palabras quentes e solidarias que nos van acompañar aínda máis alá das circunstancias históricas que as motivaron. Pero tamén é certo que estamos en tempos difíciles e complexos e a súa palabra, seguramente a súa palabra, era unha das palabras máis necesarias i eu diría que era a primeira entre as necesarias. Por eso estamos enormemente orfos», reproduzo desde C.G., «Homenaxe de Galicia a Celso Emilio», *El Correo Gallego*, 30-10-1979.

también UCD, cuyo mensaje fue abrumadoramente abucheado» ou o que se revela tras o seguinte parágrafo: «El grupo poético Rompente, que había anunciado su presencia en el homenaje, envió finalmente un escrito disculpando la ausencia ante los organizadores y explicando que no participaba como protesta por el hecho de que aparecieran UCD y el Partido Galeguista mezclados en este homenaje con la clase trabajadora que lo organizaba. Una pancarta colocada por el MCG en el interior del local decía: «Quiroga, Rosón, Meilán, tampoco Celso es vuestro.» Por último, engade que tamén declamaron poemas Xavier Rodríguez Barrio, Xesús Valcárcel e tomaron a voz cantantes como María Manuela, Suso Vaamonde e Antón Ribeiro.

J. M. R. G., nas páxinas de *El Ideal Gallego* do 30 de outubro de 1979, subscribe unha longa crónica do vento baixo o título de «Celso Emilio, patrimonio conxunto do pobo», co subtítulo de «Más de ocho mil personas asistieron en Santiago al homenaje tributado al poeta de Celanova. Destacados escritores y artistas gallegos intervinieron en el acto». Á aludida politización do momento, segundo a crónica, engádesse o feito de que o acto se iniciou con Redondo Abuín, do sindicato CCOO, que solicitou un minuto de silencio pola morte de Germán González Blanco, militante socialista en Euskadi, asasinado por un comando autónomo de ETA. Logo engadiu que a homenaxe estaba fóra de «toda pretensión mezquina», insistindo en que defendían o patrimonio cultural de Galicia e que «aquí e agora decir cultura popular galega é decir Celso Emilio Ferreiro», e continuou o discurso cun recorrente «irmán Celso», terminoloxía, por certo, moi propia do galeguismo de preguerra.



Cuberta da edición de *Longa noite de pedra* de Akal.



Seguindo a mesma fonte, Víctor F. Freixanes tomou a palabra, comparando a poeta de Celanova con Rosalía, Curros, Lamas e Cabanillas, sen esquecer a referencia aos escritores que tamén faleceran había pouco como Lorenzo Varela, Luís Seoane e Darío Álvarez Blázquez, engadindo que Moraima non puidera desprazarse, pero si o fixeran os seus fillos Luís, Xosé María e Xavier. A información incorpora, asemade, a orde dos oradores: Ramón de Valenzuela<sup>16</sup>, Casares (do que extrae un fragmento interesante lembrando que el mesmo estivera presente cando a súa marcha a Venezuela); tras el falarían Santos Simões, Rafael Dieste e Luís Bouza-Brey, Manuel Fernández Montesinos e Alonso Montero, de quen se reproduce outro fragmento da súa intervención: «Fuco Buxán, Ramón de Sismundi e María Soliña son persoaxes aínda hoxe existentes e temos de facer as condicións pra que desaparezan», a carón da descrición dunha imaxe na que debuxaba unha gran pandeirada no ceo de Breogán, con Rosalía, Curros, Quintanilla, P. Feijoo, P. Sarmiento, Amador e Daniel, Moncho Reboiras, Bóveda, Luís Seoane, Novoa Santos, Valle e Castelao, e onde Celso Emilio Ferreiro cumpría o papel de «pandeyreiteiro» maior.

Freixanes dá lectura, a continuación, ás adhesións e telegramas de Gabriel Celaya, Soledad Bravo, Santiago Álvarez, Nicolás Guillén, Ernesto Cardenal, Eduardo Blanco-Amor, Vázquez Montalbán, Federación de Sociedades Gallegas, Pere Quart, Marcos Ana ou

---

16 «Falo neste acto coa autoridade que me dá ser grande amigo de Celso Emilio Ferreiro perante 50 anos. Os dous tiñamos 22 anos cando empezou a guerra e xa facía tempo que militabamos no galeguismo, cando no galeguismo eramos poucos. Seguimos sendo galeguistas nas dificultades, ameazas e castigos e os dous estivemos presentes onde e cando entendemos que debiamos estar», reproduce desde C.G., «Homenaxe de Galicia a Celso Emilio», *El Correo Gallego*, 30-10-1979.

Antonio Tovar Bovillo<sup>17</sup>, alén de lembrar a presenza dos artistas Acisclo, Baltar, Borrajo, Xaime Cabanas, Conde Corbal, Quique Conde, Correa Corredoira, X. L. de Dios, Alberto Datas, Fernando Ferro, Huete, Lodeiro, R. Patiño, Antonio e Xaime Quessada, Saco, Sucasas, Iñaki Vasallo, Virxilio e outros, ademais de informar sobre a futura publicación dun libro que recollese as intervencións, adhesións etc., á homenaxe, algo que aínda hoxe non se realizou.

O recital poético comezou por Inés Canosa e seguiu con Xavier Rodríguez Barrio. A continuación, Miro Casabella cantou «María Soliña» e sumáronse intervencións poéticas de Xesús Valcárcel, Carlos Álvarez, Pepe Cáccamo e Paco Redesca, e leuse o telegrama de «Rompenste» xa citado. Continuaron as voces de Pilocho, que cantou parte de «Soldado», ademais de recitárense poemas de Conde, Rafael Alberti –na voz de Carlos Álvarez– e de Cuña Novás. Logo, Xesús Campos cantou un poema de *Viaxe ao país dos ananos* e Inés Canosa deu lectura de novo a un poema para intervir, tras Xesús Rábade Paredes, Xavier Ferreiro, fillo de Celso Emilio, quen leu un poema de Emilio Álvarez Blázquez. Carlos Oroza collería a remuda para despois deixar paso a Ánxeles Penas e Bibiano.

O acto aínda continuaría coa presenza de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, de Xosé María Ferreiro Loredo, quen tras ler «Chove na casa do probe» deu as grazas entoando «Venceremos, venceremos», xunto con María Manuela, Narcís Comadira e Manuel Vilanova. Pilocho recitou un poema de Bernardino Graña, e tamén tomaron a palabra Suso Vaamonde, Antón Alonso Fontán, Amancio Prada, Xosé Sesto, Benedicto, Xosé A.

---

17 Valentín Carrera, na crónica «Diez mil personas rindieron homenaje a Celso Emilio» publicada en *La Región*, apunta outras máis: Galaxia, Radio Popular de Vigo e de Lugo, Real Club Celta de Vigo, Club Baloncesto Obradoiro, Sargadelos, Antón Campelo, Piñeiro, Basilio Losada, Bergamín, Tàpies, Cid Cañavelas, Alonso de los Ríos, Paco Umbral, Hortelano, Gil-Albert...

Araúxo, Rábade Paredes—que nesta ocasión recitou un poema de Arcadio López-Casanova— e Xavier Álvarez del Valle, que pechou a quenda de intervencións. Por último, oíuse unha gravación dos poemas «Non» e «Irmán» na voz de Celso Emilio antes de finalizar co Himno Galego<sup>18</sup>.

Nos arquivos da Fundación Celso Emilio consérvase unha copia do texto, asinado en Barcelona a 27 de outubro de 1979, que Manuel Vázquez Montalbán enviou aos organizadores da homenaxe para que se lle dese lectura pois non puido, finalmente, desprazarse a Santiago. Teño para min que é unha peza de interese que reproduzo a continuación:

Un compromiso adquirido con anterioridad me impide estar hoy junto a vosotros. Es un compromiso relacionado de alguna manera con el acto que os ocupa. Se trata de un homenaje a Blas de Otero. Blas, como Celso Emilio, convirtió la palabra prohibida en un instrumento de combate contra el fascismo, porque sabía que los poetas no pueden salvarse de uno en uno, refugiándose en torres de palabras. Se salvan o se condenan con su pueblo, luchando junto a él en busca de la palabra libre en la ciudad libre.

Y hubiera deseado estar porque conocí a Celso Emilio Ferreiro en varios encuentros dentro y fuera de España, el último en Venecia, en el transcurso de la Bienal, cuando un grupo de escritores de los

---

18 Existen outras crónicas do acto como «Homenaje de Galicia a Celso Emilio Ferreiro», *Mundo Obrero*, 30-10-79 e «Santiago: cerca de 8.000 personas recordaron al poeta civil Celso Emilio Ferreiro», *La Voz de Galicia*, 30-10-1979. Nesta última sublíñase que estiveron presentes Xaime Quintanilla, alcalde de Ferrol; o secretario xeral do PCG, Rafael Pillado; o alcalde do Grove, concelleiros composteláns e doutros concellos galegos: «Hay que señalar que no se contó con la presencia de representantes de la Xunta, Universidad, ni de la Real Academia Gallega. El organismo preautonómico no se pronunció. Si lo hizo el presidente de la Diputación coruñesa, Marfany Oanes, quien envió una adhesión por escrito.» Engade tamén algunhas adhesións como as do presidente do Centro Universitario de Aix-en-Provence, da Asociación Galega da Muller e Sociedade Afonso Eans, de Negreira.

distintos pueblos de España fuimos, como siempre, a contar nuestras cuitas históricas y estéticas; esta vez nuestras cuitas de huérfanos del franquismo. «Siempre nos quejamos, carallo», me comentó Celso Emilio y convenimos en que ya era hora de abandonar la queja para creer en las posibilidades que ofrecía la democracia.

No le hubiera sido difícil porque Celso Emilio era uno de esos ejemplares escritores que no separaba su lucha por una historia mejor, de un deseo de vivir la vida con todas sus consecuencias. Le recuerdo tan lleno de vida que me parece imposible que haya habido la suficiente muerte para sepultarle. Le recuerdo en la Plaza de San Marcos de Venecia marcando con los nudillos sobre la mesa el ritmo de una pandeirada, los ojos juguetones sobre la orquestina, los turistas, los curas, las muchachas en flor o sin flor. Cuantos pasaban ignoraban que aquel hombre contento era un símbolo vivo de la recuperación de un pueblo, de una nación. Que aquel hombre era un monumento humano, de esos escasos monumentos humanos que a veces justifican un cierto culto a la personalidad, un cierto culto a las personalidades que han enriquecido de palabra y obra el tesoro moral y estético de su pueblo.

## Madrid, novembro 1979

Entre a homenaxe en Compostela e a vindeira que se iría realizar en Madrid, a secretaría de Cultura da Hermandad Gallega venezolana organiza o 10 de novembro de 1979 un acto baixo a denominación de «Homenaje a los poetas celanoveses: Manuel Curros Enríquez y Celso Emilio Ferreiro». Primeiro paso para rehabilitar a memoria de Celso Emilio no lugar no que traballou e do que foi expulsado. Nel participarían amigos de Celso Emilio Ferreiro como María del Carmen Fernández, Farruco Sesto, Xulio Formoso, Gonzalo Gómez e Consuelo Noya.

## HOMENAJE A CELSO EMILIO FERREIRO

PALACIO DE LOS DEPORTES DE MADRID  
HOY, SABADO, A PARTIR DE LAS 6.30 DE LA TARDE

Por fin el gran poeta gallego, autor de «Longa noite de pedra»  
y de tantas páginas que recogen la vida, problemas y esperanzas de Galicia,  
tendrá, en Madrid, el homenaje musical, poético y artístico  
de todos los pueblos de España.

Introducción al acto: **EDUARDO BLANCO AMOR**

**PRESENTACION:** Fernando Rey, María Asquerino, María Paz Ballesteros, Pepe Martín.

**CANTAN EN GALLEGO:** Amancio Prada, Bibiano, Benedicto, Pilocho, Luis Emilio Batallán, Miro Casabella, Jei Noguerol.

**CANTAN EN CASTELLANO, CATALAN Y VASCO:** Pablo Guerrero, Pi de la Serra, Manuel Luna, Elisa Serna, Urko, Labordeta, seis componentes del antiguo Aguaviva.

**RECITAN POEMAS:** Aurora Bautista, Carmen Bernardos, María Luisa San José, Inés Canosa, Sabina de la Cruz, Francisco Rabal, José Luis Pellicena, Uxio Novoneyra, Pepe

Sacristán, Nela Iglesias, Antón de Santiago, Ezequiel Méndez, Sara Lezana (acompañada a la guitarra por Serranito) y los cuatro presentadores, María Cuadra.

**POETAS:** Ernesto Cardenal, Rafael Morales, Ramón de Garciasol, Rafael Alberti, Gamallo Fierros, Fariña Jamarido, Ana Caxiao, Xavier Vaz, Daniel Cortezón, Lauro Olmo, Antonio Colinas, Manuel Lacarta, Jesús Montoro, Andrés García Madrid, Julio Vélez, García Osuna, Diego Jesús Jiménez, Leopoldo de Luis, Manuel Cuiña Novás, Alfredo Conde, Apuleyo Soto, Javier Villán, Enrique Azcoaga, Maximino Castiella, Hebe Chás, Pablo Yague, Felis Maraña, Fernando Aramburu, Vicente Aragaus, López Casanova, Carlos Alvarez, Anxeles Penas, Xesús Alonso Montero.

**CONVOCAN:** Fundación «Pablo Iglesias», Irmandade Galega, Tertulia Hispanoamericana, Asociación Colegial de Escritores, Asociación de Artistas y Escritores, FIM, Secretaría de Cultura del PSOE, Amigos de la Unesco, *El Socialista*, *El Gallo*, *Mundo Obrero*, Ayuntamientos de Madrid, Vigo y Ferrol, Diputación de Madrid, Ateneo de Madrid.

*Recorte de prensa da Homenaxe a Celso Emilio en Madrid.*

Esa grande homenaxe que se dispoñía en Madrid, e que se ía celebrar no Palacio dos Deportes da cidade o 30 de outubro de 1979, contaba desde algún tempo atrás dunha comisión organizadora. A través do *ABC* do 21 de outubro sábese que Manuel Clavero Arévalo, ministro de Cultura naquela altura, autoriza a cesión do Palacio de Deportes para a devandita homenaxe. De feito houbo un baile de datas, pois semellaba nalgúns ámbitos percibirse certa resistencia para impedir a súa celebración por causas políticas: primeiramente prevíase para o 6 de outubro pero non se autorizou debido a que o Ministerio afirmaba que o Palacio de Deportes destinaba «estas instalaciones a actos deportivos y excepcionalmente a acontecimientos culturales organizados por el propio Departamento». Finalmente, novas xestións conseguen que a seguinte data que se baralle sexa a do trinta e un dese mes. Atrásase uns días aínda, datándose o día 3 de novembro e a comisión organizadora segue a traballar sen perder os azos: esta estaba constituída por Lauro Olmo, Daniel Cortezón, Pilar Enciso, Manuel Lacarta, Andrés García Madrid, Delfín Mariño, José María Bernáldez, Julio Vélez, José Antonio Gurriarán, Julián Baraña, Raimundo Patiño, Teresa Revuelta e Juan Iborr, coa colaboración da Fundación Pablo Iglesias, Amigos da UNESCO, da Irmandade Galega —que cofundara Celso Emilio en Madrid—, a FIM, Tertulia Hispanoamérica, Comisión



de Cultura do PSOE, *El Socialista*, *Mundo Obrero*, os concellos de Vigo, Madrid e Ferrol e a Deputación e o Concello de Madrid. Nos medios, asemade, fálanse xa das previsibles asistenciais como Carlos Mejía Godoy, o cantante sandinista nicaraguano, Ernesto Cardenal, Fernando Rey, Nuria Espert, María Asquerino, José Luis Pellicena, Fernando Guillén, Paco Rabal, María Paz Ballesteros, Aurora Bautista, Victoria Vera e tamén se conta co concurso de Gonzalo Torrente Ballester, Eduardo Blanco-Amor, Uxío Novoneyra, Carlos Barral, Pere Quart, Juan Vignoli, Dionisio Gamallo Fierros, Carmen Conde, José Agustín Goytisolo, Perfecto Conde, Carmen Martín Gaité, José María Castellet, Isaac Díaz Pardo, Buero Vallejo, Jorge Aranguren, Mercedes Rubial, Daniel Sueiro, Cuña Novás, Raúl Guerra... e grupos musicais e cantautores como Fuxan os Ventos, Amancio Prada, Bibiano, Emilio Cao, Benedicto, Xoán Rubia, Pilocha, Suso Vaamonde, José Afonso, Aguaviva, Urko, Lluís Llach, Pablo Guerrero ou Carlos Cano.

Por fin acórdase de vez a data de celebración para o 3 novembro, sábado, ás catro e media da tarde. Segundo a crónica de José Miguel Ullán («Homenaje al poeta Celso Emilio Ferreiro», *El País*, 4 de novembro de 1979) déronse cita unhas dez mil persoas<sup>19</sup> e no acto contouse coa presenza da viúva do homenaxeado, Felipe González, Nicolás Redondo, Tierno Galván e outros dirixentes do PSOE como Ignacio Sotelo ou Javier Solana. Eduardo Blanco-Amor xustificou a súa ausencia por enfermidade e envía un texto que é lido como introdución<sup>20</sup>, segundo

---

19 As máis das crónicas, con todo, elevan a cifra a unhas quince mil persoas.

20 Javier Pena, en «Política y poesía en torno a Celso Emilio» (descoñezo a fonte) reproduce parte deste texto que deixo aquí: «Destacó la doble vertiente lírica y política de la obra poética de Celso Emilio. Habló de él como del hombre que fustiga a su tierra porque la ama, porque siente el dolor del que advierte la paulatina y casi ineluctable destrucción de sus valores más propios. Su introducción al acto fue tanto un recuerdo como un alegato.»

Leo Carlos Álvarez

CANTIGAS EN VERSO DE GAITA GALLEGA

PARA CELSO EMILIO FERREIRO

Suene por ti, Celso Emilio Ferreiro,  
suene la gaita y con ella el pandeiro.

Suene  
Suene

De Calanova nos vino la rabia,  
de Calanova nos vino la ira;  
Antes cortarse la lengua que callar,  
antes la mano embustera que escribir.

Vientos del pueblo galaico lo empujan,  
vientos del pueblo galaico lo agitan;  
Curros Enríquez lo lleva en el viento,  
llora en el viento por él Rosalía.

La poesía es un arma de fuego  
que hace al tirar se abra en flores la vida;  
En su fusil Celso Emilio Ferreiro  
mete mil balas de versos al día.

Suene por ti, Celso Emilio Ferreiro,  
suene la gaita y con ella el pandeiro.

Suene con pena y a un tiempo resuene  
con el pandeiro un clamor de alegría *resuene*  
por Celso Emilio Ferreiro que canta  
vivo y con él baila toda Galicia.

Nunca serán ya lejanos los hijos.

¡Verde esperanza por él renacida!

Ya por el mar no navegan los lamentos,  
ya no se mueren las tierras vacías.

Suene por ti, Celso Emilio Ferreiro,  
suene la gaita y con ella el pandeiro.

Rafael ALBERTI

Madrid, octubre, 1979.

*Texto enviado á homenaxe de Madrid por Rafael Alberti  
e lido polo poeta Carlos Álvarez.*

algunhas fontes por Uxío Novoneyra. Participaron tamén como presentadores Fernando Rey, María Asquerino, Carmen Bernardos, Pepe Martín e María Paz Ballesteros. A montaxe escénica correu a cargo de Antonio Malonda e a da produción baixo a responsabilidade de José Luís García Alonso, coa colaboración do Concello de Madrid. Ao mesmo tempo, proxectábase editar un libro cos textos da homenaxe, en Akal, algo que lamentablemente nunca se levou a cabo.

Mentres se proxectaban diapositivas nunha pantalla le poemas Carlos Álvarez, pronúncianse versos de Alberti dedicados a Celso Emilio –«Suene por ti / Celso Emilio Ferreiro, / suene la gaita /y con ella el pandeiro» e outras crónicas engaden a participación doutras persoas<sup>21</sup>

---

21 «Multitudinario homenaje a Celso Emilio Ferreiro», *Pueblo*, 5 de novembro de 1979.

Nesta crónica alúdese á intervención de Alonso Montero: «Profunda y muy brillante (...). Habló de la marginación de la cultura gallega y de cómo este patrimonio irrenunciable debe ser respetado y protegido, habló de Celso Emilio y habló del próximo estatuto de autonomía en el que deposita su confianza el pueblo gallego.» E engádesse: «Un centenar de asistentes, al parecer de grupos políticos gallegos de extrema izquierda, que están contra el estatuto antes de nacer éste, intentaron reventar su interesante intervención, a base de silbidos, pero por dos veces el público estalló en aplausos y se puso en pié al finalizar la valiente interpretación de Alonso Montero.» A crónica do *Diario 16* «Homenaje en Madrid a Celso Emilio Ferreiro», 5-11-1979, engade algunha información máis, como a que se pode ver en «Celso Emilio Ferreiro recibió un emocionante homenaje en Madrid», *ABC*, 6-11-1979, páx. 39, mais é sobre todo en *Mundo Obrero* (nº 298, 4-11-1979), «Luz para la noche del poeta» onde se recollen máis palabras de Alonso Montero: «Estamos asistiendo y protagonizando un homenaje que es un tributo de reconocimiento que se hace, contadas veces en la historia, a los hombres hechos y derechos. *Longa noite de pedra* es lo más importante que haya escrito poeta alguno en la historia de un país, como lo es Galicia. Poeta galleguista, era un autonomista gallego que entendía la autonomía en el sentido más profundo que cabe dar a la palabra, en el sentido de realizarnos, económica y culturalmente, como una pequeña y, a la vez, grande patria.»

Outras crónicas sobre a homenaxe son a de *El Socialista*, de 11 de novembro de 1979, «Homenaje popular a Celso Emilio Ferreiro», a cargo de Julián Barraña, na cal engade



*Madrid, 1979. De esquerda a dereita: Tierno Galván, Nicolás Redondo, Felipe González, Moraima, Revilla (presidente da Deputación de Madrid) e Victorino Núñez.*

como José Prats; o alcalde de Vigo, Manuel Soto; Luís Cosculluela, representando o ministro de Cultura e Andrés García Madrid, Julio Vélez, Aramburu, Enrique Líster, concelleiros madrileños como Enrique del Moral, Ángel Hernández Craqui, Delfín Mariño, da Irmandade Galega, Ramón Akal, Vicente Araguas, Manuel Lacarta, Alfredo Conde, Ánxeles Pena, Saturnino García. Apúntanse tamén as intervencións de Pi

---

como asistentes a Enrique Moral, Ignacio Sotelo, Carlos Revilla, Eladio García Castro, Aramburu, María del Carmen Valderrama, José María Zufiaur, Pilar Enciso, Pepe Loira, Cipriano García e Hernández Craqui, incorporando tamén un texto de Borobó «Na noite estremecida de Celso Emilio». Outra crónica máis é a que se ofrece en «Homenaje en Madrid a Celso Emilio Ferreiro», de Antonio Garrido, *ABC*, 15 de novembro de 1979.

de la Serra e Elisa Serna, Urko, Pablo Guerrero, Manuel Luna e outras recitando poemas de Rafael Morales e Leopoldo de Luis e mais voces como as de Fariña Jamardo e Gamallo Fierros, mentres Sara Lezana recitou un poema de Lauro Olmo, alén de recibirse adhesións de Ernesto Cardenal, Buero Vallejo, Nicolás Guillén, Aleixandre, Celaya, Carlos Barral, Cela, José Agustín Goytisolo, Dámaso Alonso, Salvador Espriu ou Ricard Salvat, subliñando algúns momentos que cualifica de emoción:

cuando intervino el conjunto de música antigua de Madrid, quienes interpretaron con instrumentos de época cántigas de Alfonso X el sabio... También con las canciones de los gallegos Miro Casabella, Luis E. Batallán, Pilocho, Bibiano, Benedicto, Jei Noguero y Amancio Prada. [...] Sabina de la Cruz, viuda del otro gran poeta fallecido este año, Blas de Otero, recitó «María Soliña» y después se dirigió a donde se encontraba Moraima, con la que se fundió en un emocionado abrazo. Unos viejos combatientes de Mejorada del Campo rindieron el tributo de homenaje de la provincia de Madrid al pueblo de Celanova.

Resulta cando menos curioso que ningún dos textos xornalísticos derivados da celebración da homenaxe reparase no texto que enviou para ser lido Joaquín Marta Sosa<sup>22</sup>, realizado ex professo para o acto e que, no orixinal, consta datado e asinado o 20 de setembro de 1979. Particularmente paréceme un texto que define, á perfección, a influencia de Celso Emilio en quen a subscribe e como aquel exerceu un maxisterio persoal e literario imperecedeiro:

---

22 Marta Sosa (Nogueira, Portugal, 1940) é un poeta, xornalista, ensaísta e crítico venezolano. Foi profesor na Universidade Simón Bolívar de Caracas e presidiu a Venezolana de Televisión (VTV). Ademais, dirixiu *El Diario de Caracas* e foi parlamentario de Copei, entre 1969 e 1973 e deputado polo MAS entre 1974 e 1978. Coñeceu e tratou a Celso Emilio Ferreiro en Caracas e foi un dos seus grandes amigos.



Yo, Joaquín Marta Sosa, venezolano, para quien la amistad de Celso Emilio fue de lo más importante que le ha sucedido, intruso en este homenaje, quiero deciros muy breves cosas que siento muy intensamente: Celso Emilio pasó entre nosotros, esta terrible y hermosa Caracas, víctima de todos los mercaderes y campo de todos los combates por una vida justa, ocho años que se han ido convirtiendo en un tiempo exiguo, cortísimo. Para nosotros, sin embargo, que apenas comenzábamos a viajar por la poesía, fue como una luz insólita en medio de una cruel oscuridad.

Leímos con toda avidez *Larga Noche de Piedra* y supimos que era posible una poesía humana (del hombre hacia el hombre en el espacio de su tiempo); beligerante, sin dejar de ser lírica y sin desvincularse de la intimidad, la cual es —a fin de cuentas— la manera más decisiva de integrarnos al prójimo. Descubrimos con Celso Emilio una poesía intensamente cotidiana, en una lengua cívica y común. Es decir, con sus textos la poesía volvió a ser, para nosotros, noticia pública de la intimidad y de la sociedad. Y esa fue una enorme innovación para quienes estábamos obstruidos por una poesía sin cédula de identidad, sin sangre ni sudor, sin sexo histórico ni humano.

Más aún, con Celso descubrimos que el poeta no era un ser alado ni elegido. Era un ciudadano que elegía un compromiso: los otros, del cual el yo forma parte indestructible.

Quizá jamás llegaremos a conocer a nadie donde, como en Celso Emilio Ferreiro, la calidad poética sea la identidad de la calidad vital. Por hombre bueno fue gran poeta. Por buen poeta fue hombre grande. Y en esta hora no hay tristezas, sino la enorme alegría de vivir un tiempo donde nada justo está derrotado. El existencial ejemplo de Celso así lo demuestra.

Ahora él forma parte de nosotros. De allí que no hay despedidas sino un nuevo encuentro en otro horizonte: la puerta que se abre de par en par hacia lo que no muere.

E, igualmente, en ningunha nota xornalística consta a intervención lida do texto de Pompeyo Márquez<sup>23</sup>, secretario xeral do Movimiento al Socialismo (MAS) de Venezuela:

Nos hemos enterado de la muerte de un gran poeta de la tierra y la justicia: Celso Emilio Ferreiro, que entre nosotros vivió 8 años no siempre gratos ni siempre comprendido él.

Sabemos de su alto valor poético, es decir, humano y social; sabemos de sus combates a favor de Galicia, su Matria, como él gustaba decir; sabemos que con él toda la poesía civil recobró vitalidad en medio de una ejemplar modestia que no impidió, sin embargo, que fuese uno de los poetas más leídos y escuchados.

Nos unimos al dolor de todos y decimos que su recuerdo y su obra no se deben perder en nuestras manos; entre todos debemos seguir en la vida amando y luchando por la justicia, la libertad, la democracia, la eticidad, la tierra y la lengua propias. Luchas y amores que Celso ejerció y nos entrega plenos de hermosa dignidad.

La Dirección Nacional de Movimiento al Socialismo (MAS) de Venezuela se hace parte en estos homenajes al poeta, que son homenajes a lo mejor que la vida de hoy y de mañana nos depara para todos si, como Celso lo hizo, combatimos para conquistarlo y construirlo.

Caracas, 17 de septiembre de 1979<sup>24</sup>

---

23 Pompeyo Márquez (1922-2017) foi un político venezolano. Militou no comunismo desde os anos trinta, sumouse a accións guerrilleiras nos anos sesenta e abandonou as armas ao final desa década. Foi parlamentario, ministro e exerceu funcións diplomáticas. Fundou, asemade, o Movimiento al Socialismo (MAS) de Venezuela.

24 Caracas tamén se fai eco da morte a esta altura: nas páxinas de *El Nuevo Venezolano*, o 29-11-1979, F. R. fai un canto á memoria do autor de Celanova en «Homenaje a Celso Emilio Ferreiro», deténdose na súa vida en Caracas, nas vivencias do seu trato común e convidando a Antidio Cabal a que explique a súa obra lírica para rematar con diversos poemas de *Epitafios*.

## Os anos oitenta: tributos que non cesan<sup>25</sup>

Un dos últimos recoñecementos dos que teño constancia que se celebraron ao longo do ano 1979 é o que ten lugar na Galería Sargadelos de Barcelona (Provença, 274). Organízase aquí unha «homenatje / homenaje / homenaxe» o 12 de decembro coa participación de Xavier Costa, Basilio Losada e Ricard Salvat e cun recitado de textos poéticos a cargo de María Jesús Andany, María Josep Arenós, Bartomeu Olsina e María Vilanova.

Nos anos oitenta esta enxurrada de recoñecementos non cesa, ben con actos públicos ben cunha continua atención dos medios, como testemuña, por exemplo, a longa recensión de *Libro dos homenaxes* que ve a luz no *ABC* a cargo de Florencio Martínez Ruíz («Testamento de Celso Emilio Ferreiro», 16-3-80), onde disente de Alonso Montero, editor do volume, pois neste libro: «Destila su estado de ánimo, la total madurez de su espíritu [...] da en el poemario su testamento que no es otro que


---

25 É unha realidade incontestable que entre os documentos conservados destas homenaxes, mais tamén de tantos e tantos poemas dispersos por diferentes plataformas xornalísticas, e outros textos de carácter privado depositados nos fondos documentais da Fundación Celso Emilio Ferreiro, obteríase unha fantástica crestomatía composta, e só van algúns nomes, por creacións de Fiz Vergara Vilariño, Carlos Velo, Stella Leonardo Cabassa, Xosé Sesto, Manuel Lacarta, Claudio Rodríguez Fer, Joaquín Brotons, Carlos M. Hernández, Antonio Hernández, José Heredia Maya, Germán Aramburu, Antonio Alonso Fontán, Dionisio Gamallo Fierros, Maximino Castiñeiras, Carlos Álvarez, Carlos García-Osuna, Farruco Sesto Novás, Pacorrodesca, Xesús Rábade Paredes, Germán Cid Justo, Ernesto Rodríguez, Heliodoro Quinteiros, Ánxeles Penas, Xesus Manuel Valcárcel, Xosé Anta, Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo, Emilio Álvarez Blázquez, Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, Ana Caxias Maceiras, Antonio Manuel Chaves, Alfredo Conde, Rafael Alberti, Xavier Seoane, Javier Villán, María del Mar Alonso, Cuña Novás, Carmen García (Carmeliña), Ramón de Garciasol (Miguel Alonso Calvo), Gabriel Alente, Xoaquina Trillo e outros e outras moitas máis.

su eterna "saudade" y su amor al pueblo», e continúa: «Restablece la imagen más fidedigna del poeta [...] el más claro exponente de un lírico que predicó con el ejemplo, sin tiznarse de todo aquello que no fuera un genuino "aturuxo" de libertad».

Xa en maio de 1980, o Centro Galego de Madrid organiza uns actos vinculados ao Día das Letras Galegas, dedicado a Afonso X o Sabio naquela altura, e acolle unha conferencia de Xosé Fariña Jamardo titulada «Celso Emilio e a súa obra»; asemade, en maio tamén se dita a resolución do I Premio de Literatura «Celso Emilio Ferreiro» outorgado pola Irmandade Galega á obra *O paseante solitario* de Xosé María Martínez Oca.

Por outro lado, a partir do mes de xuño comeza a tomar forma a iniciativa de instalar un busto de Celso Emilio, en principio sen lugar concreto para a súa instalación. Comeza a se distribuír por toda Galicia unha invitación en forma de cartón onde consta: «Donación pró busto conmemorativo en lembranza do noso poeta Celso Emilio Ferreiro: Obra en bronce do escultor galego Eduardo R. Osorio»: un proxecto artístico que algún tempo máis tarde se instalaría na cidade de Vigo, como se terá ocasión de sinalar. Outro proxecto semellante, por volta do mes xullo, aparece nos medios de comunicación, como é a referencia ao estudo dun espazo monumental que se proxectaba erixir en Celanova co obxectivo de servir para lugar de encontro para pequenas e grandes xuntanzas: un proxecto que erguería na Alameda celanovesa, cun eixe que presidiría Curros e que se situaría paralelo á igrexa do Mosteiro e ao eixe do capela de San Miguel. O proxecto foi desestimado, pero non así o busto da autoría de Acisclo Manzano, sobre o que logo volveremos.



Cuberta da edición de *Viaxe ao país dos ananos* de Akal.

## Agora non cabe na morte

### A noite

Como un pasaro silencioso  
entrón a noite polo meu huídon  
e voou no postumo replantado  
caír das altas cascas.  
Parpadean  
na lostrada luz. Morte o día  
leccións en unaco de min  
desperado de min.  
Ista mare que eu son.  
cicia para construírme  
que todo navegante ten un tempo  
no rebón das horas implacables  
que marea o tempo do sufraxio.  
Alerta, capitán:  
Por sotavento arábigo o trebón.



### Cántiga nova que lle chamaron Manrique

Palabras amigas  
pidenme un cántico,  
na Castelo chaira  
bancado do mar.  
¿Onde están as freixas  
do vento águila?  
¿Onde as pallas bradas  
que trindaban nel?  
¿Onde están as rosas,  
onde o cearel?  
¿Que foi das bañadas,  
qué foi do rondel?  
Meu Kerya pendo á  
a miña saudade  
da vida e da morte  
feita mocidade?  
Escrita un segredo  
de min para ti:  
o man mar e morte,  
o man e vivir.

### Por sotavento, Celso Emilio Ferreiro

**H**ai un ano, cando a tarde de verán aliada Lila co-  
ntra os Farallóns, cando en Colón era un plomo  
o sol e as palabras de Curros alportaríanse diante  
do bíblico de Rensendo Iago, morría a sorrisa.  
Aquela mañá, Celso Emilio Ferreiro non stopa-  
ra o verso preciso e contentábase con asemir aquel agouro  
convertido en poema somente uns días máis. Non Lila para  
si que serían os aires do Farallón os que teceran a súa mortua-  
ria. Pensou na dirección de sotavento. Pero todo era un me-  
mor castiño, que comenza e que remata, terra e que habéda  
palmo a palmo, desde Ourense a Caranza, desde Vigo a Caba-  
niza. Aquela tarde, creíase que o Arxón no val reguila as  
serenates e facta que se aliecen as maternidades, a Vire do  
Cristal foi solidaria: ditou de ser poema, Curros na louta-  
nanza, e convertíase en poema. Agora anda unha voz  
rogando nas augas do río en Pontevedra, direse a matría ri-  
lendo por Vilanova, explianando tempo esbaldado, coita  
de poeta... porque esta é na a terra onde o mundo se chama  
Colón. Un poeta, un home de vitalidade, de profundas  
palabras que encorran serenates rocas e paisos espranzas de  
futuro. Aquí está Celso Emilio. Agora non cabe na morte.  
O suplemento cultural desta semá, a dous días de

cumplirse o primeiro ano do pensamento do poeta, tenta ser  
un acto de solidariedade con quen, biolicamente morto, sigue  
con nós, poema a poema, verso a verso, rima a rima, fista a  
fista. Quea este escrito, como seguramente lles ocorreu a  
melos dos seus amigos, queda da ditada vez que compaña  
horas co poeta unha lousa de fista e de baile, de pandeiro e  
de bon cantar. Celso que é a súa lousa tamén así. Por-  
que así presentábase máis perto do seu pobo, das súas voces,  
no taca e na rúa, no milite e en graxa seguindo ó gaiter-  
o, no cantares e na fista, seneno e bon.

Nese poema que reproducimos, Celso demostra estar  
agradado por sotavento a vista do gaiteiro maior. Todo un  
agouro que se cumpriu, tristemente. O poema é lido o  
mesmo que os versos dunha cántiga que llo encargaron para  
o V Centenario da morte de Jorge Manrique. Antoloxías  
poemas foron facilitadas polo profesor Xosé Montero, co  
comentamento de Mora, a vila de Celso.

Tributo, pois, das afortunadas ó que foi o poeta a ser  
un poeta do río de Galicia honrando e embalsamando a un  
tempo. Non hai polo non parte outra pretensión. As propos-  
tas gráficas son do pintor galgo Xosé Luis de Dios.  
Luis Alvarez Pouso

*Entrega especial do suplemento «Cultura» de La Voz de Galicia do 28-8-1980.*

Tras a convocatoria, algúns meses antes, da primeira edición do premio de poesía Celso Emilio Ferreiro, organizado polo Concello de Santiago, dítase a resolución e este acádao Román Raña Lama co libro *Retrato de sombra en outono*, que publicaría Edicións do Cerne en 1980, sendo galardoado nese mesmo premio, cun accésit, unha obra de Xosé Vázquez Pintor. O xurado constituírono naquela ocasión Antonio Fraguas, Benito Varela Jácome, Marino Dónega e Juan María Gallego Tato.

Igualmente Puente Cultural, o 20 de xullo de 1980, celebra en Madrid a inauguración do curso cunha homenaxe literaria a Celso Emilio na que



interveñen o poeta Antonio Hernández, Leopoldo Azancot —crítico e novelista—, ademais de Javier Lostalé e Miguel de Santiago, crítico literario.

Nas datas previas ao primeiro cabodano algúns medios atenden con xenerosidade e xustiza a efeméride. Deste xeito, o suplemento «Cultura» de *La Voz de Galicia*, o 28 de agosto de 1980 dedícalle un monográfico baixo o título «Agora non cabe a morte». Este ábrese co poema «A noite» e mais «Cántiga nova que lle chaman Manrique»; nesa primeira páxina Luís Álvarez Pousa, no texto «Por sotavento, Celso Emilio Ferreiro», realiza un canto memorialístico á ausencia do autor e tamén á súa presenza, reproducindo dous poemas inéditos, facilitados por Xesús Alonso Montero, co consentimento de Moraima<sup>26</sup>:

#### A NOITE

Como un paxaro silencioso  
entróu a noite polo meu balcón  
e vexo os postumeiros resplandores  
cair das altas cumes.  
Parpadexan  
na lonxanía luces. Morre o día  
levándose un anaco de min mesmo  
desprendido de min,  
desta nave que eu son,  
cicais para anunciarme  
que todo navegante ten un tempo  
no reloxo das horas implacables  
que marcarán o tempo do naufraxio.  
Alerta, capitán:  
Por sotavento achégase o trebón.

---

26 Sen compilar na *Poesía galega completa*, Xerais, 2004.

## CÁNTIGA NOVA QUE LLE CHAMAN MANRIQUE

Palabras amigas  
pídenme un cantar,  
na Castela chaira  
tan lonxe do mar.  
¿Ónde están as frautas  
do vento segrel?  
¿Ónde as gaitas ledas  
que trinaban nel?  
¿Ónde están as rosas,  
ónde o caravel?  
¿Qué foi das bailadas,  
qué foi do rondel?  
Meu Xorxe, perdoa  
a miña saudade  
da vida e da morte  
feita mocidade.

Escoita un segredo  
de min para ti:  
o mar non é morte,  
o mar é vivir.

O suplemento devandito, dedicado na súa totalidade a Celso Emilio, é ao meu entender do mellor que se ten publicado non só na prensa galega senón fóra dela nestas datas posteriores ao falecemento de Celso Emilio. As súas oito páxinas dedícanse por completo á figura do autor, completado visulamente con magníficas ilustracións de Xosé Luís de Dios. Deste xeito Alonso Montero, en «Nota breve: Celso Emilio Ferreiro un ano despóis» fai referencia ao acto multitudinario de homenaxe en Compostela, do que sinala «un ronsel de emoción foi o

fío morno, quente ás veces, que atravesou aquelas inesquencibles cinco horas de homenaxe» para logo engadir: «Este Celso Emilio Ferreiro plural, este engaiolante poeta polifónico, esta voz quente e solidaria, este necesario gladiador, este revelador das grandes cousas miúdas, este fecundo forxador de símbolos e de metáforas, este teimoso defensor de pequenos paraísos contra tódalas barbaries, é xa un nome, e grande, na historia da nosa cultura, na historia da Cultura.»

Fermín Bouza Álvarez, pola súa parte, en «Prá ler de vagar a Celso Emilio» recomenda, para achegarse á obra do celanovés, «esquecer os tópicos» pois «as angurias do home na vida, foron persoais ou colectivas, foron as súas teimas poéticas». Resolve en síntese, asemade, as fórmulas poéticas usadas por Celso Emilio —«o xogo das asonancias, que dominaba, e máilo endecasílabo resolto nun verso máis corto, foron as suas ferramentas»— e tamén repara en como acolleu as filosofías vivas da súa época: o existencialismo e o marxismo. Cómpre non esquecer, nese mesmo monográfico, o texto de Basilio Losada —«Celso Emilio na poesía galega de posguerra»—, composicións poéticas na súa memoria<sup>27</sup> e outro suxestivo texto de Joaquín Marta Sosa do que extraio este fragmento, desde a premisa de entender a amizade con Celso Emilio como aquela que agroma desde os territorios do extraordinario:

En alguna ocasión, hace ya años, pasaba por uno de los corredores de la Escuela de Letras de la Universidad Central de Venezuela y

---

27 «A tarde cheia de verán», Manuel Vilanova; «Contigo e sintigo», Xavier Rodríguez Barrio; «Un son de terra, meu amigo, na noite», de Arcadio López-Casanova; «Poesía de loito para Celso Emilio!», de Xesús Rábade Paredes; «Pranto por un poeta», de Xosé Díaz Jácome; «Elexía no remate de agosto», de Bernardino Graña; «Réquiem», de Cuña Novás... alén de engadirse «Cantigas en verso de gaita gallega», de Rafael Alberti; «Como un sol de viño tinto», de Salvador García-Bodaño; e «La veu más alta», de «Pere Quart» (Joan Oliver).

me detuve en una de las ventas de libros. Allí estaba uno cuyo título llamó mi atención: *Longa noite de pedra*.

Y, con la costumbre de años, comencé a hojearlo. Lo leí todo allí mismo. Era algo así como la poesía que muchos andábamos buscando.

A un amigo poeta, nacido en Canarias, le comuniqué mi hallazgo y Antidio Cabal me dijo que lo conocía mucho, porque el poeta Ferreiro estaba residenciado en Caracas desde hacía años. Me llevó a conocerle a los pocos días.

Yo estaba acostumbrado a un tipo de poetas intelectualistas, cultivadores de una supuesta superioridad con respecto al resto de los mortales, habitantes exclusivos y excluyentes del mundo hermético de las élites. Me encontré, en el caso de Celso Emilio, con una realidad marcadamente distinta. Un hombre a ras de lo humano, vitalísimo y, al mismo tiempo, tímido y humilde, siempre escuchando al interlocutor, dispuesto a aprender, nunca dictando cátedra fuese cual fuera el tópico de la conversación.

Formidable en el diálogo, sólido, cáustico, culto, creativo. Fuera de lo común en el humor, popular o corrosivo, político o negro. Centro radical de una hermosa tribu familiar. Exquisito cocinero de los platos gallegos, actividad que asumía como una ritual ceremonia de identificación y comunicación fundamental.

Entonces, este Celso Emilio ligado muy radicalmente a todas las cosas comunes de la humanidad, reconquistadas en él con un nuevo sentido donde lo secular resplandecía como un viejo sol a que se ha limpiado de la viciosa rutina de los tiempos.

Este poeta nos pareció, en esa primera perspectiva, una suerte de griego del nuevo siglo. Con el tiempo vine a descubrir que ese apego vital y voraz a la vida y a su sustancialidad cotidiana y humana, no le venían de ningún cultismo helénico, sino de la hechura gallega.

En ese mismo sentido vino nuestra segunda percepción de lo que había en Celso Emilio. Se trataba de un amor a la patria gallega,

como gustaba él de llamarla en un modo implícito de reivindicar a la mujer-madre, amor intenso y por sobre cualquier avatar.

(...)

Así pues, la virtualidad humana llevó a Celso al amor por la patria y de ésta a la poesía como beligerancia.


Y esa, precisamente, constituyó nuestra tercera relación de conocimiento con Celso Emilio Ferreiro (...). Su poesía era medio, mediación, para comunicarnos a unos con otros y no para separarnos, para distinguirnos de los adversarios de la vida, de la patria, de lo justo, lo bello, lo honesto. Y todo ello, sobre todo, desde la conquista de la igualdad fundamental entre los hombres, la reinstalación del trabajador como brote humano y de la ética-estética como fundación de la existencia socioindividual.

[...] encontramos nuestra cuarta caracterización de Celso, un poeta para comunicar mediante el empleo intenso del lenguaje real de los hombres. Sobre todo cuando el uso de la lengua gallega era, en sí, un combate cultural, es decir, político y democrático, a favor de una tierra, unos hombres y una historia vivos pero en forzado silencio.

[Na liña da poesía da patria] se coloca nuestra quinta caracterización de lo que Celso fue para muchos de nosotros en Venezuela. El estaba en una modalidad particular de exilio, era un exiliado. Pero esta condición siempre la asumió de un modo positivo. Es decir, nunca fue la desesperación ni el desarraigo su modo de estar al otro lado de las fronteras gallegas. Muy por el contrario, estar en el exilio era un desafío para no ser extrañado, para continuar cultivando la patria. Era, simplemente, otro modo de combate por reconquistar el derecho al uso público de Galicia y la justicia. Y fielmente lo cumplió. El exilio como positividad y no como drama, que ahora recomiendan Benedetti y Cortázar.



[...] Por éstas, y por tantas otras cosas, podemos decir de Celso Emilio lo que ha dicho el trovador cubano<sup>28</sup>: «Es un hombre que no cabe en la muerte» (...).



*Edición de Obra Completa, 3,  
Akal, Madrid, 1981.*

Por último, esta mesma entrega acolle un interesante texto de Claudio Rodríguez Fer titulado «En contacto co herdo mediaval galego» no que rastrea a intención celsoemiliana de achegarse ao pasado cultural galego «pero, no caso da tradición medieval, máis dun xeito nominal que real» e conclúese cun pequeno texto en catalán de Joan Oliver «Pere Quart», un poema de Alberti e outro de Salvador García-Bodaño.

Ao día seguinte do anterior, 29 de agosto, o *Faro de Vigo* dá a coñecer un suplemento baixo o titular de «Primeiro cabodano de Celso Emilio Ferreiro» onde, tras unha breve introdución, incorpora un texto de Alonso Montero —«Un poeta máis gabado que estudado»— onde realiza certo balance das homenaxes que se lle tributaron<sup>29</sup> ata o momento, a carón doutras

28 Na realidade refírese ao poeta dominicano Manuel del Cabral (Santo Domingo, 1907-1999): un dos autores máis representativos, xunto a Nicolás Guillén, da chamada poesía negra e diplomático durante moitos anos. O verso «¡No cabe en la muerte un hombre!» pertence ao poema «Aire durando».

29 Sinala Alonso Montero: «Lembro, con emoción tamén, ós profesores i estudantes da Facultade de Letras de Palma de Mallorca: recordo con nitidez a reacción do público granadino nunha conferencia miña de hai mes e medio», e engade «chegóu a hora de estudialo a fondo. Estes doce meses, que produciron unha cachoeira de discursos e de artigos, apenas orixinaron traballos verdadeiramente orientadores. Chegóu a hora de achegarse á obra deste grande e polifónico poeta de vagar e coas ferramentas que o profesional da crítica e da historia literarias esixe. Polo de agora samente conozo,

reflexións. Tamén se xunta a reprodución dunha carta de Celso Emilio Ferreiro a Alonso Montero, ao mes e medio do seu «autoexilio», isto é, con data o 12 de xullo de 1966, mais dous poemas: «Abril 1972», que pertencía á serie das homenaxes a Moraima publicadas en *Onde o mundo se chama Celanova* –non recollida tampouco na *Obra poética galega* (2004)– e, ao tempo, unha versión ao galego moderno dun poema de Martín Moxa: un labor que seica ocupaba ao celanovés nos seus últimos días e que, segundo Alonso: «Este texto e algún outro que conocemos deben entenderse como versións non definitivas.» Reproducimos ambos os dous:

#### ABRIL 72

A eme	A eme	Eme	Soio a eme
de Moraima	é un recramo	amorosa	de amén
namórame	un	eme	éme allea
mazá,	movimento	milagreira.	eme nemiga
madróa	molecular		meu Deus
mago	un máxico	Somente	metafórico.
maino	misterio,	temo	
mámoa	e mais aínda	ó mantelo da	
malva	a eme	noite	
mapoula	de mar	malenconía	
mármore	marmúrame	musa	
martelo.	marolas	malpocada,	
	maruxías	miña	
	na espuma	mágoa	
	matinal.	malia	
		o mundo.	

---

nesta línea, un traballo ambicioso e minucioso: a memoria de licenciatura do cate-  
drático de Literatura de Ponferrada (natural da Serra da Queixa) Xosé Anta Anta  
que mereceu, na universidade de Oviedo, a calificación de sobresainte «cum laude».  
Trátase dun estudo de *Longa noite de pedra*».

## MARTÍN MOXA XIV<sup>30</sup>

Tal e como dice a Sacra Escritura,  
o Anticristo anda pola Terra,  
pois xa non se gardan as trégoas nin os pactos  
e todos queren ir á guerra  
para facer o mal con mingoa de justicia.

I é tan grande a cobiza da xente  
que xa ninguén ademite consello de nadia,  
non respetan hospitales nin igrexas  
nin viaxeiros nin donas nin homes nin fidalgos,  
nin frades, por bós que sexan.

Violan ás mulleres e rouban nos camiños  
sin temor ós gardas nin ós merinos  
porque teñen grandes protectores

Os campesiños arruínanse nas cibdades  
porque non teñen quen os defenda:  
non labran as viñas nin as herdades  
nin tampouco teñen pra pagar as rendas.

Dignidade e xenerosidade  
son hoxendía calificadas de tolerías.

A continuación incorporáse no suplemento un poema de Xosé Anta titulado «Na morte de Celso Emilio Ferreiro», outro de Carlos Álvarez titulado «Esta nueva nos vino atravesando el mar», ademais doutra

---

30 Trátase do sirventés moral «Per como achamos na Santa Escritura» e as súas fontes manuscritas son B 887, V 471 (C 887). É, como se pode cotexar co orixinal, unha versión libérrima de Celso Emilio Ferreiro.

colaboración, realizada ad hoc para o suplemento da man de Farruco Sesto Novás e titulada «A propósito de Celso Emilio Ferreiro», que conclúe:

Contra tódolos doctrinarios, Celso Emilio Ferreiro foi un gran nacionalista. Soupo atopar os latexos máis íntimos do pobo traballador e vencellos a un proxecto de liberación que non ten fin. Servíu á súa patria e servíu a tódalas patrias. E, querendo a Galicia, foi capaz de se adentrar en paisaxes non limitadas por decretos, por dotas ou por linguas. O seu foi un nacionalismo de amplo voo. Os doctrinarios son incapaces de entendela. Pro hai que desculpar ós doctrinarios.

Tamén o recorda *La Región* a través dun artigo publicado o 30 de agosto de 1980 da man de Argimiro Rojo: «Emilio Ferreiro, aquel joven rebelde», onde relata o encontro con Celso Emilio, en setembro do ano 1978, para lle comunicar o obxecto de traballar sobre as Mocedades Galeguistas como tema da tese de doutoramento e do que sairía logo o seu libro editado en Galaxia en 1987 baixo o título de *As mocedades galeguistas*. E comparte cos lectores as palabras que Celso Emilio lle dixo particularmente: «Soio un rapaz de Celanova podía facer iste traballo de investigación, porque, en verdade, a nosa vila foi o centro neuráxico das Mocedades.» Tamén *El día*, o 31-8-80, ofrece unha escolma de poemas en castelán, entre os que se lle atribúe a composición «Cuando tenga trescientos años» que, porén, é da autoría de Aquilino Iglesia Alvariño.

Ao achegarse a data do primeiro cabodano, o 30 de agosto, a familia recorda a Celso Emilio na máis estrita intimidade cuns funerais aos que foron convidados amigos e familia e que se celebraron no santuario da Virxe do Cristal en Vilanova dos Infantes, estes si en lingua galega. Acto que logo contou cunha visita ao cemiterio a onde Moraima levou un ramo de flores de toxo, as chorimas, as súas preferidas.

O 20 de setembro de 1980, o Concello de Vigo organiza un acto para a presentación das bases do premio Celso Emilio Ferreiro de poesía, que finalmente non se fan públicas ao non seren aprobadas polos organismos pertinentes. Con todo, o acto celebrouse coa presenza de Moraima, no salón de sesións do Concello, coa presenza tamén de Bernardo Vázquez Gil, responsable de prensa do Concello, Víctor F. Freixanes, Xesús Alonso Montero —que gravara unhas palabras nun magnetófono— e recitáronse algúns poemas cunha representación teatral do grupo A farándula, para pechar o acto o cantautor Amancio Prada.


Xa no 1981 continúan os actos. O *Faro de Vigo* recolle en noticia do 6-2-1981 «Galicia lembra a Celso Emilio Ferreiro», en alusión aos que se desenvolverán entre o 23 e o 28 de marzo, baixo a coordinación da profesora María do Carme Enríquez Salido e que proxectaban contar coa presenza de Xesús Alonso Montero, Lauro Olmo, Antón Tovar e Anxo Tarrío, entre outros, prevendo a celebración de actos tanto en Ourense coma en Celanova.

Ao meu ver, foi esta, a de Ourense no ano 1981, a primeira homenaxe (semi)institucional feita en Galicia que contou cunha ampla representación do tecido social e cultural galego, algo que non ocorrera nas anteriores ocasións. Non en van secundaban o tributo asociacións, institucións, plataformas xornalísticas etc., como a AELG, o Concello de Ourense, o Cine-Clube Padre Feijoo, o Círculo Ourenzano-Vigués, o Colexio de Avogados, Arquitectos e Farmacéuticos de Ourense, os Colexios Universitarios de Ourense e Vigo, o Concello de Celanova, o departamento de galego-portugués das Universidades de Santiago e de Salamanca, Edicións do Castro, as Escolas Universitarias de EXB de Lugo e Ourense, a Enciclopedia Gallega, o Grupo Marcelo Macías, o Grupo de teatro Manuel Vidal, o instituto mixto Celso Emilio Ferreiro de Celanova, os institutos Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Blanco-Amor



de Ourense, o instituto de Xinzo de Limia, *La Región*, *La Voz de Galicia*, *La Voz del Miño*, o Liceo de Ourense, o Museo Arqueolóxico Provincial, o Orfeón Unión Orensana, o PSdeG-PSOE, Radio Nacional de España na Coruña, Radio Ourense, Radio Popular etc.

Ao respecto, unha crónica do redactor de Ourense de *La Voz de Galicia* («Homenaje en Ourense a Celso Emilio Ferreiro») completa a información: apunta como participantes, ademais dos que xa sinalamos, a Uxío Novoneyra, Benito Varela Jácome, artistas como Amancio Prada, Benedicto, Fuxan os Ventos, María Manuela, Miro Casabella e Bibiano, todos presentados por Fernando Rey. Tamén apunta a celebración dun premio da Deputación para estudantes de 1º de BUP «Celso Emilio Ferreiro, ensaio e poesía» e a colaboración do coro Solpor, de Celanova<sup>31</sup>.



Celso E. Ferreiro para nenos, edición preparada por Antonio García Teijeiro en 1988.

31 Foron numerosas as referencias xornalísticas aos eventos. Veláí algunhas: Redacción, «Homenaje en Ourense a CEF», *La Voz de Galicia*, 6-2-1981; Redacción, «Mañana, en Celanova, da comienzo la semana de homenaje a CEF», *Faro de Vigo*, 22-3-1981; Outomuro, J.B, «Comienza la semana-homenaje a CEF», *La Región*, 23-3-1981; Redacción, «Mesas redondas, conferencias e representacións en Ourense, Vigo e Celanova», *Hoja del lunes* (Vigo), 23-3-1981; Redacción, «Alonso Montero abriu la “Semana de homenaxe a CEF” en Celanova», *La Voz de Galicia*, 24-3-1981; Redacción, «Celso Emilio Ferreiro, recordado en un acto literario del Ateneo», *La Región*, 24-3-1981; Redacción, «Novoneyra, Olmo, Tovar y Tarrío recordaron la figura humana y la dimensión política de Celso Emilio Ferreiro», *Faro de Vigo*, 24-3-1981; Redacción, «Lauro Olmo, Uxío Novoneyra, Antón Tovar y Anxo Tarrío intervinieron en una mesa redonda sobre Celso Emilio Ferreiro», *La Voz de Galicia*, 24-3-1981; Redacción, «El domingo se clausuró en Orense la semana-homenaje a Celso Emilio Ferreiro», *Faro de Vigo*, 27-3-1981.

Foron estes actos que gozaron de moita difusión e importancia. Segundo as crónicas comezaron cunha ofrenda floral no cemiterio de San Breixo cun recitado de poesías a cargo de alumnado do colexio Curros Enríquez e mais do Sagrado Corazón das Madres Franciscanas. Máis tarde, Alonso Montero pronunciou unha conferencia<sup>32</sup> nos salóns de Solpor, á que asistiron Victorino Núñez, presidente da Deputación, Moraima Loreda, Xulio Ogando, representando a Real Academia Galega, e Celso Montero, senador, entre outras persoas.

A.T. (probablemente Anxo Tarrío, en «Leer todo Celso Emilio», *Hoja del lunes* –Vigo–, o 23-3-1981), desenvolve nun artigo-presentación dos actos en que el mesmo ía participar unha idea clave como era a de «ceibar ó autor de *Longa noite de pedra* da gaiola que, coa etiqueta de "poeta civil" ou "poeta social" se lle veu fabricando ó longo destes últimos quince anos», para rematar «vai sendo hora de lle devolve-la dimensión universal e intemporal que gardan no cerne os seus versos» e concluír coa afirmación de que «cecais seña tempo de face-la valoración exacta dos seus versos, sen esquecer ó home que el foi nin as circunstancias que lle cadraron vivir».

Un dos actos desenvolveuse nos locais do Ateneo ourensán e comezou cun recital a cargo de Uxío Novoneyra. O autor de *Os eidos* afirmou: «Quero devolverlle á súa palabra a siñificación orixinal, dar co seu acento xusto pra lembrar o poeta máis querido das mocedades que moveron a última Galicia.» Por diversas crónicas reconstruímos o acto, no que a continuación se celebrou unha mesa redonda baixo o título «Celso Emilio, poeta e amigo» con Antón Tovar, Lauro Olmo e Anxo Tarrío, actuando como moderadora María Xosé Porteiro.

---

32 Segundo as crónicas, Alonso Montero lembrou que a emoción só lle permitiu ler o poema «Irmaus» no seu enterro e apuntou que «os que nos dedicamos a explicar a Celso Emilio Ferreiro, non estamos destinados a perder o tempo, porque o poeta celanovés foi tan claro e meridiano que non precisa eséxese».

Proxectouse, asemade, unha película realizada por TVE, e a semana concluiría cunha conferencia de Xesús Alonso Montero baixo o título de «Celso Emilio, escritor». Na devandita mesa redonda Lauro Olmo transitou polo «camino de la intuición y el afecto», referíndose á fonda inxenuidade do poeta, ligada á súa infancia, que nunca perdeu e que se crispou nunha época posterior e conflictiva. Aludiu, asemade, a Celanova como o «país primicio», engadindo: «Nos asombraba su vitalidad, su ansia de vivir. Celso Emilio es un escritor comprometido con la libertad, es un portavoz del pueblo, que desaparece en un momento delicado, pero esperanzador», mentres que as arestas «provienen de su ingenuidad pisoteada». Antón Tovar, pola súa parte, evocou encontros co autor desde o seu primeiro trato nun recital no Orfeón para lembrar encontros en Ribadavia e a convivencia que mantivo con el ao longo da homenaxe que se lle tributou a León Felipe en México<sup>33</sup>.

Ao longo desa semana tamén se celebrou, na cidade de Vigo, unha conferencia de Benito Varela Jácome en Vigo nos locais da Asociación da Prensa<sup>34</sup> organizada polo Círculo Ourenseño-Vigués baixo o patrocinio do Concello de Vigo co título de «Función da poesía de Celso Emilio Ferreiro». O xornalista Francisco de Pablos entrevista<sup>35</sup> o profesor compostelán e este sinala, falando da obra ferreiriana: «Es de gran autenticidad, con un lenguaje perfectamente adecuado a su

---

33 Probablemente se refira ao tributo que se lle rendeu en México (1974), coa descuberta dunha estatua en el parque de Chapultepec. Foi un acto de significación histórica, organizado por Alejandro Finisterre. En Ourense, nesa semana á que nos referimos, houbo actuacións musicais de María Manuela, Benedicto, Jei Noguerol, Bibiano e o grupo Druída. Tamén se ditaminaría o resultado do primeiro concurso de poesía Celso Emilio Ferreiro, organizado pola Deputación Provincial de Ourense.

34 Redacción, «Se inicia hoy en Vigo el homenaje a Celso Emilio Ferreiro», 24-3-1981, *La Voz de Galicia*.

35 «Celso Emilio Ferreiro es un poeta testimonial y beligerante», *Faro de Vigo*, 24-3-1981.

contenido, puesto que trata la marginación, el subdesarrollo, la injusticia y el silencio en Galicia. La lengua de Celso Emilio Ferreiro tiene una evidente funcionalidad en la exploración de una realidad concreta. Es poesía testimonial; beligerante. Evidentemente, es un poeta muy de su tiempo. Por eso procuraré comentar su obra desde 1955 hasta el último de sus libros.»

Catro días despois, o 28 de marzo, Día da Reconquista, organízase no centro cultural Cidade de Vigo, na praza do Rei, un acto para a entrega do premio de poesía Celso Emilio Ferreiro, que se fallara uns días antes, celebrándose con diversos actos musicais e unha conferencia de Alonso Montero.

Pola súa parte, o 4 de xullo de 1981, o xornalista e escritor Xosé Antonio Perozo subscribe un lúcido artigo nas páxinas de *La Voz de Galicia* baixo o título de «De nuevo Celso Emilio» no que, ao fío tanto da recente aparición do terceiro tomo das obras completas do autor en Akal como da concesión da medalla, a título póstumo, da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, láíase dunha maior atención verbo da figura e obra de Celso Emilio alén das nosas fronteiras, quéixase dos intentos de silenciar a súa voz: «Sigue siendo una carta mal jugada en la partida de la historia, porque, del mismo modo que hoy lo han hecho en Santander, mañana vendrán a contárnoslo desde cualquier otro punto cardinal con o sin medalla de oro a título póstumo.» Uns días despois, o mesmo autor e no mesmo medio —«Celso Emilio Ferreiro e as novas xeneracións», *La Voz de Galicia*, 30-8-1981— porfía nas realidades editoriais que trouxo aquel segundo cabodano e refírese ao terceiro tomo das *Obras Completas*, publicadas por Akal; xusto nun momento en que, asemade, xa está no prelo *Celso Emilio Ferreiro compañeiro do vento e das estrelas*, en colaboración con María Xosé Porteiro, e anuncia a redacción, a cargo de Xesús Alonso Montero, dunha biografía, mentres

Galaxia tiña no prelo unha tesaña<sup>36</sup>. Subliña, asemade, a influencia da poesía de Celso Emilio nas persoas nadas entre 1940 e 1955, exaltando o magnetismo de *Longa noite de pedra* e evocando o espallamento que gozou a súa obra nun contexto pouco favorable, razóns que o levan a considerar como unha voz pertencente á «nosa infrahistoria personal dun xeito mítico e irrepetíbel» para concluír: «Atopamos nel a un home relativamente contradictorio pro terriblemente humano, e a rebeldía que levaba na pel, espichándolle visceralmente, transmitíanos a realidade dun ser tímido que, se cadra, se sentiu abourado.»

O 27 de agosto de 1981, de novo o *Faro de Vigo* lembra o segundo cabodano do poeta a través dun suplemento cultural, coordinado por Francisco Fernández del Riego, que acolle un extracto, asinado polo heterónimo Arístides Silveira, sobre *Cartafol de poesía*, que debería de ir nas páxinas limiares do vol. III das *Obras Completas*, e ao que se incorpora un artigo de Alonso Montero, outro de Filgueira Valverde e dous poemas, subscritos por Celso Emilio e Xosé Velo, pertencentes ao *Cartafol de poesía*.

O 4 de setembro de 1981 tamén o profesor Alonso Montero escribe nas páxinas do suplemento cultural do *Faro de Vigo* un artigo titulado «Nota sobre "Lingua proletaria do meu pobo"» e tamén nese día pronuncia unha conferencia no auditorio da Caixa de Aforros de Vigo, no seo dun acto organizado pola Agrupación Socialista de Vigo do PSdeG-PSOE, presentado por Miguel Barros. Ao día seguinte, o mesmo profesor ditará a conferencia «Poeta da guerra e poeta do amor» no auditorio do Concello de Vigo, cunha presentación a cargo de Miguel Barros.

Nun retallo xornalístico que manexamos, sen autoría<sup>37</sup>, xa se fala da convocatoria do Día das Letras para o 1982, algo que polo propio

---

36 Hase referir, sospeito, ao título *A poesía de Celso Emilio Ferreiro*, Galaxia, 1982, de María Ánxeles Borreguero.

37 «Hoy, homenaje al poeta Celso Emilio Ferreiro», *Faro de Vigo*, 4-9-1981.

regulamento da iniciativa nunca podería levarse a cabo: «Se ha cursado otro escrito a la Real Academia Gallega interesándose favorablemente por la noticia, aparecida en los medios de comunicación, dando como probable que al poeta de Celanova le sería dedicado el Día das Letras Galegas del año 82.»

Acaba o ano cunha noticia importante para Moraima Loredó e os seus fillos: o «Instituto Nacional Mixto de Bachillerato» de Celanova cúrsalle un documento expedido o 22 de decembro de 1981 no que se informa da copia da comunicación do Ministerio de Educación e Ciencia mediante o que se outorga a denominación de «Celso Emilio Ferreiro» ao devandito centro de ensino medio e acompañan notificación dos actos celebrados o día 22: ofrenda floral, conferencia a cargo do profesor de lingua galega e literatura do centro, Ignacio Castro Mera, e descubrimento do rótulo «Celso Emilio Ferreiro» na fachada do edificio.

No ano 1981 tamén aparecen edicións da poesía de Celso Emilio na serie Akal bolsillo, da editorial Akal. Trátase de edicións exentas de *Longa noite de pedra* e *Viaxe ao país dos ananos*, que suscitan un comentario moi desfavorable a cargo de Alonso Montero, no *Faro de Vigo* do 14 de xaneiro de 1982, no artigo «Un poeta editado sin xeito», onde apunta que non se consigna quen é o tradutor, nas versións bilingües, alén doutros «sensabores» filolóxicos e editoriais como supresión de poemas e outros, para rematar: «Editar poetas é tarefa que se ha de facer, cando menos, desde elementales coordenadas de respeto e de rigor. Certamente o redobrannte Celso Emilio Ferreiro merecía outro tamborileiro.» Algúns meses despois o profesor, no artigo «Outra vez Celso Emilio Ferreiro» (*Faro de Vigo*, 8 de xullo de 1982), referirase aos últimos tres libros publicados sobre o celanovés: o libro de entrevistas de X.A. Perozo e María Xosé Porteiro, o de Ánxeles Borreguero (antes citados os dous) e a súa biografía e antoloxía publicados en Júcar.



Esta dinámica non cesa. Uns meses antes, na cidade de Pontevedra, o 22 de setembro de 1981, Carlos Casares abre un curso sobre Curros Enríquez no Museo de Pontevedra no que a presenza de Celso Emilio non estará ausente ao serlle concedida, tanto polos ecos do seu traballo nos relatores –Filgueira, Alonso Montero, Carvalho Calero...– como polo feito de recibir, a título póstumo, a medalla de ouro da universidade internacional Menéndez Pelayo, en recoñecemento aos valores culturais da súa poesía, que sería entregada polo reitor Raúl Morodo da UIMP e que en anteriores convocatorias se outorgara a persoas como Tierno Galván ou Salvador Espriu. A medalla recolleríaa Moraima Loredó.

En maio de 1982 decídese desempoar un busto que levaba algún tempo no despacho do alcalde de Vigo, Manuel Soto Ferreiro, e situalo, preto do Concello, nun pequeno xardín da rúa Marqués de Alcedo que, desde aquela, leva o seu nome. Tratábase do busto de bronce da autoría de Eduardo Rodríguez Osorio que proxectaran, como homenaxe, tres amigos de Celso Emilio residentes en Madrid como foran Lauro Olmo, Pilar Enciso e Daniel Cortezón e para o que idearan unha recadación económica popular. O día 15 dese mes inaugurouse a escultura coa presenza de moito público e dun bo número de escritores e poetas. Tras o acto celebrouse un concerto no centro cultural Cidade de Vigo a cargo do pianista Humberto Quagliata e da Orquestra de Cámara de Vigo, dirixida por Daniel Quintás.

No acto, ao pé do busto, alén do alcalde e doutros membros da corporación, asistiron Moraima Loredó, X. M. Álvarez Blázquez –cronista da cidade–, Xesús Alonso Montero, que leu tres poemas do celanovés, Mario Granell, que falou en nome dos exiliados, e Daniel Cortezón. O máis relevante fóra do interese que a corporación municipal amosou por perpetuar a memoria do escritor foi talvez, ao meu ver, a lectura que Xosé María Álvarez Blázquez realizou dun texto suscrito

polo seu irmán, Emilio Álvarez Blázquez, e titulado «Donde o mundo se chama Celso Emilio». Nunha antoloxía de textos dedicados á memoria do poeta, este ocuparía un espazo salientable e non podería estar ausente deste libro, alén de que foi unicamente reproducido, o 3 de setembro de 1983, nas páxinas do *Faro de Vigo*:

Nos derradeiros anos da súa vida, Celso Emilio Ferreiro gastaba lentes de vista cansa e locía un bigode branquexado pola cinza do tempo. O seu rostro daba unha imaxe amábel e contradictoria. A cinza dos cabelos falaba, ben ás craras, da atafegada camiñata do tempo, das angurias, medos e renunciadas pasadas e do duro vivir en terra allea. E falaba aínda con máis podente voz, de ise outro sofrimento, vagante e soterraño, que padece, sin remedio nin cura, o que nace, como il naceu, poeta de solemnidad.

Os seus lentes, que eran bifocales, pra ollar a vida de perto e de lonxe, tiñan un aire de engado faiscante e movedizo, como un trebello de feira popular, pois refrexaban unha paisaxe longa enriba con soutos, carballeiras e montañas antre a néboa, a unha paisaxe homildosa embaixo, algo así, como un minifundio de orballos en arrendo, soparadas as dúas paisaxes por unha curva que fendía, como un arco da vella permanente, o cristal e a mirada do poeta soñador...

Non deixou papel, nin había testigos diante –descontado o mar, que non está obrigado a declarar en preitos de poesía– i eu perdinme pra sempre un tesouro de cristales líricos e un trasplante de terras, de ríos, de solpores e mencerses, grande perda pra quen, sendo poeta precisaba como eu un legado dos aforriños alleos pra retellar de soños a casa donde vivo erguida, como a Ferreiro lle praciá, «na propiedade horizontal do vento».

Pero a máis grande perda pra todos a da súa compañía. Os que hoxe lle choran non botan de menos os seus versos, que quedaron


pra sempre gardados na urnia sagra dos libros, nin a súa voz, que quedou sementada no sulco inerte do magnetofón. Bótase de menos a súa presenza, que nos tornaba a todos ricos de alegrías e esperanzas. Cando Ferreiro erguía a cunca pra botar un grolíño de tinto do país e crarexar a gorxa; cando chiscaba un ollo pra non deixar fuxir o río das lembranzas; cando poñía o bigode terciado á funerala, como quen presenta armas á procesión solemne das palabras, nacía da súa voz, do seu aceno, do teatro total da súa figura unha historia verdadeira da terra, que unhas veces era triste e outras rexoubenta, como a vida mesma, como Galicia mesma.

Os seus contos, as súas historias e lembranzas tiña o eco solermiño do gurgullar dos rigueiriños da aldea; sabían ao pan de centeo das mañáns labradoras, e tiñan algo de gravedade, de fartura ou da miseria, da terra mesma das parroquias...

Ao remate das historias escoitábase —e probe de quen non tivera ouvidos pra escoitalo— o canto de un cuco, escondido e lonxano, que somellaba unha burla monocorde e noxenta ou a triste badalada de un reló perdido no bosco escuro do tempo.

Ledicia e misterio, pranto e risa, traía sempre pra nós Celso Emilio Ferreiro que tiña ás veces nos ollos o fulgor alegre de unha pítima amistosa, e outras a caída e a melanconía de aquil Conde Laíño da barba orballada, Conde Laíño de doce mirar que esfarrapadiño e triste, camiñaba polas estrofas do vello romance, aquí con que Ferreiro gostaba de pechar, na rolda dos amigos, as portas do día, logo de regalarnos a todos unha pandeirada irrepitíbel de versos e de historias.

Agora, nun relanzo de paz que mira ao mar de Vigo, érguese o seu busto, sobre o que cairán chuvias e soles abrentes e noites, vida e tempo. Penso que a cidade remata de inaugurar unha fonte nova de amor, pois certo será que, de agora en avante, os namorados acollerán iste turreiro do alto pra se prender dos ollos e das mans e decirse, diante do poeta calado, as palabras novas dos amores vellos.



Celso Emilio Ferreiro.  
Estudio de Xesús Alonso  
Montero, Júcar, 1982.



Celso Emilio Ferreiro:  
compañero do vento  
e das estrelas, de X. A.  
Perozo e M.ª. X. Porteiro,  
Akal, 1982.

–Agárdame, mañán, pola tardiña...

–¿E donde, amor, donde che agardo?

–Donde o mundo se chama Celso Emilio...

Donde o mundo se chama Celso Emilio, tamén se  
chama amor, sin máis palabras.

Tres días despois, un colexio en Coia (Vigo), o actual CEP Celso Emilio Ferreiro, celebra un acto oficial polo que pasa a denominarse co nome do poeta, completándose estes actos oficiais cunha charla de Alonso Montero sobre o poeta.


Comentouse liñas arriba que no ano 1982 aparece, en Júcar e a cargo de Alonso Montero, a biografía e antoloxía *Celso Emilio Ferreiro*, un ensaio e unha escolma insubstituíbles que, no primeiro caso, foi pioneiro en revisar e actualizar o periplo biográfico e literario do autor ata aquela data: un libro do que partiron moitos estudos posteriores. Igualmente, nese ano, sae á luz *Celso Emilio Ferreiro: compañeiro do vento e das estrelas*, libro de conversas clave que, xunto con *Unha ducia de galegos* (1976), de Víctor F. Freixanes, abriron un camiño relevante para o coñecemento e difusión das voces máis relevantes da literatura galega contemporánea.

En agosto de 1982 sae á luz a nova de que as «Xustas Literarias» compostelás fallaron o premio Celso Emilio Ferreiro, convocado polo Concello de Santiago de Compostela, que recaeu no título *Perdendo o tempo que fuxe como Xoan Sebastian Bach*, do escritor ourensán Paulino Pereiro, e o segundo premio desta categoría concederíase a Darío X. Cabana polo seu libro *Cantigas do amor vilao*.

Nese mesmo mes, publícase en *La Región* o artigo «Poeta da calle arriba...», asinado por Mariel Rodríguez-Prenta en Celanova, a 1 de agosto de 1982. É un texto moi interesante porque, dalgún xeito, explica a posterior publicación de *Birimbao*, e remitimos a ese libro, editado neste mesmo ano 2020 por Edicións Xerais da man de Xavier Ferreiro, onde se reproducen os poemas aquí rescatados e outros máis.

Un ano despois, no cuarto cabodano, a atención nos medios vai diminuindo. Si atopamos o 1 de setembro de 1983 unha referencia á ofrenda floral que se lle tributa no camposanto de San Breixo e a lectura de varios poemas na súa honra, que naquela altura organizara a agrupación cultural Coelerni Solpor, actividade que manterán durante algúns anos consecutivos. Asemade, a finais de 1983, non me resulta posible concretar a data, Alonso Montero publica nas páxinas do *Faro de Vigo*, na sección que mantiña baixo o título «No eido da palabra, nº 13», un texto titulado «Sobre o monumento a Celso Emilio Ferreiro» e subtitulado «Epístola, lixeiramente censoria, ó PSOE de Galicia» onde é notoria a recriminación ao PSOE de Celanova polo esquecemento, ou o non cumprimento, da resolución que adquiriran de erguer un monumento na súa vila natal. En agosto de 1985 o mesmo profesor lamentábase de que «a prensa do país non lle adicou a mais pequena lembranza. Así, polo momento é o país, e así é a prensa, xénero literario que ten moi pouco que ver coa inocencia». Un ano despois, tamén no *Faro de Vigo*, lembra o autor por mor da aparición da edición de *Longa noite de pedra*, de Xosé María Álvarez Cáccamo en Edicións do Castro.

En novembro do 1986 será Xosé Luís Méndez Ferrín, nas páxinas do *Faro de Vigo* e no artigo «Por Celso Emilio» —descoñeza a data



Birimbao. Poemas de mí para ti (1937-1939), edición de Xavier Ferreiro, Xerais, 2020.

exacta da súa publicación— quen se sume á petición do Día das Letras na súa memoria, algo que xa fixeran algúns asociacións e institucións previamente como o Concello de Celanova, o Patronato Curros, a Asociación Coelerni-Solpor ou a Asociación Cultural Virxe do Cristal, ao que engade que con certeza a Fundación Celso Emilio Ferreiro, «recén criada [...] non deixará de xuntarse a este clamor. E da postura da Asociación de Escritores en Lingua Galega non me caben dúbidas», malia que «outras entidades culturais que viven e actúan dirixidas por Realidade Galega non se pronuncien a favor de tan importante proposta, e, aínda, que o fagan de maneira hostil e negativa». E xustifica esta afirmación en virtude de que:

O noso amigo Ferreiro andivo pola vida, coma Curros, de toxo. Despertou ao seu redor antipatías, polo simpático e ledto que era; envexas, polos seus resoantes éxitos poéticos; odios, polos salseiros de amor universal que se movían nos seus ollos, misteriosos como a Lagoa da Serpe que divide diversos mundos no camiño vello de Acebedo. E así foise criando en Galicia un club de inimigos de Celso Emilio Ferreiro. Nel milita canto de minúsculo e resentido alenta, na política e na cultura entre as pesadas néboas da Nosa Terra, que xa se sabe que é unha illa. E, se ben é certo que os amigos do poeta somos moitos máis, resulta que temos moito menos poder, ou se cadra non temos absolutamente ningún. [...]

E ben merecía a pena de lle adicar o DdL a ese poderoso vate e a este reiseñor ferido. (...) voltar os ollos para dar unha paseada polo «Wild side», polo confín selvaxe que é a escrita de Celso Emilio Ferreiro, habería de ser cousa instructiva para a mocidade, incitante para a ciencia literaria e consoladora para todos nós.

[A súa obra] é un estrume, un pentimento, un sustrato fumegante que está, en grados diferentes, baixo de case toda a literatura galega posterior á guerra civil. O lugar común da crítica simplísimas non



ten reparado nunca en que Celso Emilio Ferreiro, ademais dunha obra, é un clima que configurou outras obras, e estouvos a falar ao vello modo de Taine. [...] O mundo chámase Celanova e Celanova somos, no clímax do prodixio, todos nós e todo Celso Emilio.

En efecto, a Fundación Celso Emilio Ferreiro nace no ano 1985 co obxectivo de «promover e defender a cultura galega, fomentar o coñecemento e a difusión da obra ferreiriana tanto no territorio galego como na emigración». Segundo os seus estatutos, ademais, alén de difundir a obra cultural e política de Celso Emilio Ferreiro, ten vocación de servir como axente «cultural nas comunidades galegas da diáspora e nos países que as recibiron», e engádese que no «desenvolvemento do noso traballo colaboramos en todo tipo de actividades culturais que redunden en beneficio da clase traballadora (revistas, libros, conferencias etc.)». As actividades da fundación, un ente singular pois traballa desde os seus comezos ata a actualidade sen solicitar os fondos públicos que tería dereito a percibir, caracterízase tamén por catalizar numerosos proxectos musicais e editoriais, culturais nunha palabra, dos que se irán dando conta neste mesmo libro.

Tamén no ano 1985 a Universidade de Trieste dirixe a ollada cara a Celso Emilio publicando o opúsculo *Celso Emilio Ferreiro: dieci poesie*, a cargo de M. Francisca Cruz-Rosón Fiorentino, e un ano despois o Patronato Curros galardoa co premio Casa dos Poetas Xoaquín Lorenzo «Xocas» e igualmente se lembra en Celanova o pasamento do poeta coa colaboración dos centros de ensino medio, para o que se celebrou unha mesa redonda baixo o título de «Literatura e compromiso político de Celso Emilio Ferreiro», na que participaron Luís Ferreiro e o propio Méndez Ferrín.

Os artigos, as homenaxes, a conmemoración das efemérides seguen a estar presentes pero, como se sinalou, cunha menor intensidade. Entre os

actos máis relevantes o alcalde de Madrid e mais o presidente do Ateneo de Madrid organizan, o 20 de setembro de 1988, un acto para inaugurar unha placa na memoria do poeta, na calle de Juan Bravo, 53, onde Celso Emilio e Moraima viviron os seus últimos anos madrileños e, ao tempo, cómpre non esquecer, alén dos libros xa citados neste capítulo, outros que viñeron demostrar que o lume que alampeaba seguía aceso, máis aceso que nunca<sup>38</sup>.

---

38 Algúns deles serían: a *Poesía Completa*, Edicións Sálvora, 1983, con estudo, cronoloxía e bibliografía de Xesús Alonso Montero; a antoloxía titulada *Gabriel Aresti, Salvador Espriu e Celso Emilio Ferreiro*, Editorial EREIN, nunha edición conxunta das Asociacións de Escritores de Cataluña, Euskadi e Galicia, 1988; *Celso Emilio para nenos*, Ediciones de la Torre, en edición de Antonio García Teijeiro, 1988; e varios poemas na *Antología de poesía gallega, portuguesa y brasileira contemporánea*, Edicións 62, 1988, en edición de Josep Llompart.


**1989**

**DÍA DAS  
LETRAS  
GALEGAS**



Nunca marchou —e pasara unha década— da actualidade cultural. Mesmo, como se viu, houbo xa no 1981 e 1982 ruxerruxes da súa candidatura para o Día das Letras, algo que, como se apuntou, resultaba imposible. De feito, o seu caso tamén foi extraordinario pois non se cumpriran, exactamente, dez anos desde o seu falecemento cando a Real Academia Galega declara o Día das Letras de 1989 dedicado a Celso Emilio Ferreiro.

A Fundación Celso Emilio Ferreiro é a primeira institución que fai pública a persecución deste obxectivo, concretamente o 7 de outubro de 1988, cando se dirixe á institución da rúa Tabernas, daquela presidida por Domingo García-Sabell —a maior parte dos medios galegos fanse eco da noticia nas entregas do día 8<sup>39</sup>— e axiña comezan a secundar a iniciativa moitas outras voces e institucións como Uxío Novoneyra, en calidade de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que apoia con resolución a iniciativa<sup>40</sup>. Súmanse axiña a Fundación Castelao<sup>41</sup>, o Ateneo de




Viaxe ao País dos Ananos,  
Sálvora, 1984.

39 «Piden que o Día das Letras esté adicado a Celso Emilio Ferreiro», *La Voz de Galicia*, 8-10-1988.

40 «Día das Letras para Celso Emilio», *Diario de Galicia*, Vigo, 12-10-1988.

41 J. L., «A Xunta instalará unha alarma no Panteón de Galegos Ilustres», *Diario de Galicia*, 13-10-1988.



Voz e voto. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X aniversario do seu pasamento, Edicións Patronato Curros Enríquez, 1989.

Arousa<sup>42</sup>, o grupo popular no Parlamento Galego<sup>43</sup>, Xavier Alcalá<sup>44</sup>; a entidade veciñal de Lavadores<sup>45</sup>, o concello de Ourense<sup>46</sup>...

Aos poucos días xorden voces aquí e acolá, disentindo ou matizando a proposta. Un artigo anónimo, titulado «Escomenza a manipulación política de Celso Emilio Ferreiro»<sup>47</sup>, tan só oito días despois de que a noticia comezase a circular, faise eco do acontecido no Parlamento do Hórreo diante da proposición non de lei do grupo popular que avogaba por que a Cámara solicitase oficialmente á Real Academia Galega a escolla de Celso Emilio como protagonista do Día das Letras. O PSOE, na voz de Miguel Barros, amosouse «contrario á politización sistemática da figura á que se adica o Día das Letras Galegas» e engadiu que podería quedar en dúbida o prestixio da institución<sup>48</sup>.

---

42 «El Ateneo de Arousa, en apoyo de la Fundación Celso Emilio», *Faro de Vigo*, 16-10-1988.

43 «Letras Galegas, para Celso Emilio Ferreiro», *Diario de Galicia*, 21-10-1988.

44 Alcalá, Xavier, «Todos por Celso Emilio», *El Correo Gallego*, 30-10-1988.

45 «La entidad vecinal de Lavadores pide que el Día das Letras se dedique a Celso Emilio Ferreiro», *La Voz de Galicia*, 9-11-1988.

46 «El Ayuntamiento de Ourense baja la contribución urbana», *Diario de Galicia*, 11-11-88.

47 *Diario de Galicia*, 16-10-1989.

48 Manuel Riveiro Loureiro, en «¿O prestixio de quen?», *Diario de Galicia*, 21-11-1988, con ironía e retransa, afirma que o PSOE debería estar contento de que o rival político fose o primeiro en defender e admirar a un «destacado membro do partido rival» e que Miguel Barros debería saber que a Real Academia Galega «xa non ten prestixio ningún».




Tamén Conde, á sazón conselleiro de cultura naquela altura, le un poema de Celso Emilio Ferreiro onde atacaba «duramente á dereita de sempre, que tentaba apropiarse a figura de Castelao, cando fora a que o tivera desterrado».

Entrementres o grupo socialista presenta unha emenda á proposición popular postulando que a Xunta declarara oficialmente 1989 como Ano Celso Emilio Ferreiro, emenda que apoiou coaga Emma González Bermello. A iniciativa víase como unha oportunidade para que o PSOE lle restase moralmente competencias a García-Sabell, delegado do goberno amais de presidente da Real Academia Galega. Con todo, a emenda foi rexeitada polos grupos que sustentaban á Xunta. O *Diario de Galicia* recollía unhas declaracións de Moraima nas que se manifestaba de acordo coa escolla aínda que afirmaba que «non deben prevalecer as ideoloxías, senón as obras literarias e o senso galeguista de Celso Emilio».


Fóra das diatribas políticas, os máis dos xornais incorporan na portada, o día 21 de novembro de 1988, que a Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras a Celso Emilio baseándose no seguinte argumento: «Pola intensidade e calidade da súa obra poética.» Fóra das noticias de axencia, algúns medios afondan na valoración daquela elección naquel xusto momento. Velaí como Fernando Franco<sup>49</sup>, diante das dúbidas de que todos os que sentan na Real Academia

---


49 En «Unánimes ante Celso Emilio», *Faro de Vigo*, 22-11-1988.



Antología poética,  
edición a cargo de Vicente  
Araguas, Visor, 1994.



Longa noite de pedra,  
Biblioteca da Cultura  
Galega, Galaxia, 1994.



Celso Emilio Ferreiro para nenos,  
*de Xesús Alonso Montero,*  
*Xunta de Galicia, 1989.*

Galega<sup>50</sup> asumisen con convicción tal decisión, cuestiona «un académico, un poeta e un narrador-editor». Manuel María subliña que é un dos poucos acertos da institución, que era un clamor popular pois «é un dos poucos poetas que segue vivo trala súa morte, con longos ecos populares» e engade que «hai académicos que non lle manifestaron precisamente querencias namentras estaba vivo»; Víctor F. Freixanes, pola súa parte, subliña que a súa poesía «foi unha bandeira de enganche para as novas xeneracións daquel tempo (...) agora habería que empezar a poñelo no seu lugar, como un dos poucos que superaron as nosas fronteiras literarias»; finalmente, Carlos Casares cre que foi unha decisión acertada e valora que por vez primeira se formulase desde a rúa a proposta, e tamén desde instancias diversas: «O feito de que a Academia atendera a petición é un dato que manifesta a súa atención ó que sucede na sociedade galega e, no caso dun escritor caracterizado como il, outro feito que demostra que non ten esta institución prexuícios de tipo ideolóxico á hora da elección.»

Paralelamente, a Fundación Celso Emilio, xa a finais de ano, presidida por Antonio Rodríguez, Luís Ferreiro Loredo, membro da Xunta

---


50 A sesión ordinaria estivo presidida por Domingo García-Sabell e estiveron presentes ou representados os académicos numerarios Trapero Pardo, Araújo Iglesias, Casares Mourino, Chao Espina, Río Barja, García González, Gil Merino, Lorenzo Fernández, Marino Dónega Rozas, Fraguas Fraguas, Olga Gallego, Meixide Pardo, Eduardo Moreiras Collazo, Filgueira Valverde, Torre Enciso, Torres Queiruga, Torres Martínez e Vidal Abascal. Non é difícil rastrexar algunhas ausencias nunha sesión na que o punto máis importante do día foi unicamente ese.

reitora, Carlos Sixirei, secretario, e Bartolomé Pidal, director, constitúe unha comisión para organizar actos centrados na divulgación, estudo e homenaxe, na que alén deles mesmos participan Xaime Barreiro, Cuña Novás, Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo, María Xosé Porteiro, Manuel Gómez Rojo (alcalde de Celanova), José Lage Lage, Uxío Novoneyra, Xavier Alcalá e Carlos Casares. Entre outros obxectivos puxeron en marcha unha exposición bibliográfica, a través de fotografías, debuxos, poemas e textos en prosa, para subliñar e difundir a traxectoria vital do autor.

Unha das iniciativas que adoptaron unha formulación necesaria neste Día das Letras foi a de lembrar que a obra de Celso Emilio gozou dunha relevancia inequívoca a través da súa difusión musical. Velaí como, subvencionado pola Consellería de Cultura, se editou un disco-homenaxe encadrado nun proxecto de colaboración de todos os Ateneos galegos no que poñen voz aos poemas de Celso Emilio Ferreiro artistas como Miro Casabella, Manuela e Miguel, Pilocho, Luís Emilio Batallán ou Bibiano..., alén de reproducirse nel a conferencia que Celso Emilio pronunciou no Ateneo da Coruña en maio de 1978. Outra proposta neste



*Mataselos Celso Emilio Ferreiro, 1989.*



VV.AA., Celso Emilio Ferreiro,  
*Xunta de Galicia*, 1989.

ámbito xurdiu de Sons Galiza e de Eloi Caldeiro, que coordinou outro disco-homenaxe<sup>51</sup> cunha vintena de grupos de música galega, incluíndo un poema recitado na propia voz de Celso Emilio e para o que contou coa participación de grupos e cantautores como Cana Verde, César Cano, Jei Noguerol, Luar na Lubre, Manuela e Miguel, Alecrín, Arco da Vella, Belida, Brath, Marea Baixa, Na Lúa, O Carro, Paco Campos e Chaira, Quintás Canella, Saraibas, Suso Vaamonde, Taranis, Xoán Eiriz e Xosé Manuel Eirís.

Desde finais de 1988 comezan a aparecer en prensa artigos sobre Celso Emilio Ferreiro: nalgúns casos panexíricos, noutros reflexións fondas nas que asoma tamén a peripecia (auto-) biográfica e o contacto ou amizade con Celso Emilio. Antonio Fraguas, Ramiro Fonte e Méndez Ferrín, por exemplo, son cuestionados a este respecto por Fernando Franco<sup>52</sup>. Ferrín, malia valorar a escolla académica, refírese á simpatía que emanaba do escritor mais tamén dos odios que a súa figura xeraba, subliñando que foi obxecto de persecución polo grupo de Realidade Galega e cualificando como «escandaloso» que a Real Academia Galega, controlada polo devandito grupo, lle negase a entrada en vida, ao tempo que lle abría a porta a bispos, teólogos, avogados etc., e resume así o comportamento da Academia (publicado en castelán polo xornalista): «Se trata de una acomodación política. Quien pidió inicialmente a la Academia que consagrara este día al escritor fue la Fundación Celso

51 Redacción, «“Sons Galiza” presentou en Compostela o disco “Homenaxe a Celso Emilio”», *El Correo Gallego*, 25-10-89.

52 «En torno a C. Emilio Ferreiro», *Faro de Vigo*, 27-11-1988.

Emilio Ferreiro, del PSOE, que por cierto goza de todas mis simpatías a pesar de su afiliación. El hecho es que Realidade Galega está al servicio incondicional del PSOE (García-Sabell, delegado del Gobierno, Ramón Piñeiro, presidente del Consello da Cultura Galega...) y fue capaz de estrangular sus odios íntimos para hacer mostración pública de su sumisión al poder, supongo que a cambio de algo.»

Inicia, asemade, o autor de Vilanova dos Infantes unha serie de artigos en prensa sobre Celso Emilio Ferreiro; deste xeito é moi interesante este grupo de textos xornalísticos que, até o que sabemos, está constituída por unha serie<sup>53</sup> de colaboracións publicadas xa desde novembro de 1988 ata xuño de 1989.


O «Guieiro Cultural» de *A Nosa Terra*, por facer algunhas pequenas calas, expón na entrega do número 38 o seguinte titular: «Celso Emílio Ferreiro, o máis celebrado Día das Letras», e o expresivo subtítular: «Programas na televisión, diaporamas, vídeos, discos, reedición da obra e dúas exposicións itinerantes», polo que se deduce que, realmente, foi a partir desta celebración cando a dimensión desta festa literaria acadou cotas ata entón descoñecidas, pois foron realmente innumerables os actos que se celebran, por exemplo, na universidade galega, como unha exposición bibliográfica coa edición dun catálogo<sup>54</sup>, conferencias e mesas

---

53 Todos no *Faro de Vigo*: «A caste de Celso Emilio» (28-11-1988); «Celso Emilio Ferreiro con Ascón» (8-5-1988); «A conducta política de Celso Emilio Ferreiro I» (29-5-1989); «O comportamento político de Celso Emilio Ferreiro (II)», 5-6-1989; «O comportamento político de Celso Emilio Ferreiro (III)», 12-6-1989; «O comportamento político de Celso Emilio Ferreiro (IV)», 19-6-1989; «O comportamento político de Celso Emilio Ferreiro (V)», 26-6-1989. Estes artigos provocarían unha resposta de José María Franco García («Celso Emilio Ferreiro en Caracas», 21-6-1989) á que lle respondería X.L. Méndez Ferrín: «Sobre Celso Emilio, falen cartas e calen barbas» (27-6-1989).

54 Varela Orol (coord.), *Celso Emilio Ferreiro: catálogo da mostra bibliográfica organizada pola Biblioteca Universitaria de Compostela*, 15-31 de maio de 1989. Santiago de Compostela: Vicerreitorado de Investigación, 1989.





*Edición facsímile de Longa noite de pedra, con limiar de X.L. Méndez Ferrín e prólogo de Ramón Nicolás, Xerais-Fundación Celso Emilio Ferreiro, 2002.*

redondas en numerosos concellos, ateneos e asociacións culturais<sup>55</sup>, a apertura dunha estafeta de Correos en Celanova que puxo en funcionamento un mataselos dedicado ao Día das Letras, o cambio de denominación en Ourense da rúa Capitán Cortés por rúa Celso Emilio Ferreiro, o diaporama «Esa palabra existe», realizado polo Obradoiro de Creación Audiovisual de Vigo sobre a figura de Ferreiro, con textos elaborados por Ramiro Fonte; a celebración, organizada polo Grupo Cultural de Galicia en Madrid, dunha mesa redonda coa participación de Alonso Montero e Florencio Martínez Ruíz, crítico do *ABC*, con Mourelle de Lema como moderador, actos que terían continuidade no centro cultural Conde Duque xa no mes de xullo dese ano, por só citar algunhas iniciativas.

Con todo, érguense voces que alertan sobre marxinações ou esquecementos talvez non fortuítos, como Avelino Abuín de Tembra<sup>56</sup> apunta, ou outras voces discordantes como a de Xosé Fernández Ferreiro<sup>57</sup> ou algunhas

55 Rastrexei actos na súa honra en concellos como A Coruña, Ferrol, Ourense, Marín, Redondela, Caldas, Verín, Monforte, Culleredo, Sarria, O Grove, Castro Caldelas, Zas, Carral, Lugo, O Barco, Fene, Cambre, Neda, Cambados e un longo etcétera.

56 En «Celanova», *El Correo Gallego*, 17-5-1989 afirma: «Pero na conmemoración de Celso Emilio tamén se producirán moitos olvidos. Ou marxinações. Cuña Novás e Torres. Blanco Teixeira. Xosé Velo, Luís Soto, Iglesia Alvariño, Reimundo Patiño, Méndez Ferrín, González Alegre. Moitos outros. Pode que pase desapercibido o propio Arístides Silveira.»

57 No artigo «Un nome imposto» (*La Voz de Galicia*, 17-5-1989) apunta, malia recoñecer os méritos de Celso Emilio para protagonizar a conmemoración, que «parece que o nome de Celso Emilio Ferreiro non foi libremente elixido pola RAG para adicarlle o Día das Letras Galegas. Foille imposto por cuestións de tipo político. Isto molestou




que ofrecen matizacións ao devalar dos acontecementos, como Alonso Montero<sup>58</sup>.

Malia constatar o éxito da celebración, houbo intensas tirapuxas que lle deron unha e mil voltas á xestación e decisión da Academia. Traio aquí algúns exemplos da época como o de Alfredo Conde que, nunha

---

moito nos medios literarios do país desde que a cousa foi coñecida, aínda que do conto nada se dixo», e engade: «Foi imposto por xentes ou forzas políticas alleas á Academia e quizais á mesma Galicia», engadindo que xa que se barallaban os nomes de Pimentel ou Bouza-Brey aos que se lle debían dar prioridade —na súa opinión— pois a figura de «Celso está moi viva na nosa memoria. Mellor sería, xa que logo, que esta homenaxe se lle tributase dentro duns anos, cando o seu nome, inevitablemente, comence a devalar. Claro que quen manda, manda. ¿Non si?».

58 Nunha participación, no seo da Semana Cultural de Ourense, tinxo a súa participación dun espírito moi crítico para os factores que, ao seu xuízo, determinaron a súa escollo para protagonizar o Día das Letras: «Me extraña el extraordinario interés que el PSOE tiene por la figura de Celso Emilio [...] En este sentido, explicó que quizás Celso Emilio fuese para el PSOE «un ejercicio de autocrítica, porque Celso Emilio es anticapitalista, anticonsumista, es solidario, no cree en el becerro de oro, no cree en los signos externos y en los cachivaches que tanto seducen a los del PSOE...», en «Alonso Montero: “Quizá Celso Emilio es ejercicio de autocrítica en el PSOE”», *La Región*, 17-5-1989. E nesta perspectiva persevera en Cotelo, María do Carme: «Alonso Montero asegura que houbo presións do PSOE para adicar o “Día das Letras Galegas” a Celso Emilio», *La Voz de Galicia*, 17-5-1989. Pola súa parte, o vicepresidente do PSdG-PSOE, Antonio Rodríguez, declarou que «no PSOE sentímonos moi satisfeitos de que Celso Emilio fose militante do partido nos seus últimos anos, e non hai ningún tipo de capitalización. Eu, coma presidente da Fundación CEF, fago fincapé en que cando falo coma presidente da Fundación non son político, aínda que non é fácil separar esas dúas facetas. Entón, non hai ningún tipo de utilización, o que si hai é que Celso Emilio está na sociedade, está entroncado no pobo galego, a súa poesía foi comprometida e, ademais, foi a voz dos proletarios, a voz dos desherdados, a voz da xente que ten problemas neste país. E aí hai unha conexión evidente co Partido Socialista, coa xente do Partido Socialista e con calquera tipo de persoa que se considere progresista», en Redacción: «O pobo de Celanova volcou, en definitiva reconciliación con CEF, no Día das Letras Galegas», *La Voz de Galicia*, 18-5-1989.



Poesía Galega Completa, BAG,  
*Edicións Sálvora, Santiago  
de Compostela, 1983.*

entrevista<sup>59</sup> concedida en calidade de Conselleiro de Cultura, afirma:

A elección fíxoa libremente a Academia. Mesmo cando no Parlamento se tentou dicir á Academia a quen se lle debería adicar o Día, o Goberno votou en contra, por respecto á liberdade que os académicos precisan, sen intromisión dunha institución tan seria e representativa dos galegos como é o Parlamento. A Academia decidiu que fose Celso Emilio e a Consellería ve a este escritor, sen separar o coñecemento persoal de moitos do equipo, con todo o agrado que significa o feito de que un amigo, desaparecido hai moi pouco e nun prazo tan breve, teña xa un recoñecemento tan importante como este. Isto é unha satisfacción.

García-Sabell<sup>60</sup>, pola súa banda, cuestionado por esta polémica, afirma:

O presidente da Academia asegurou que «persoalmente, eu non tiven ningunha presión, nin directa nin indirecta, nin por activa nin por pasiva, de ningunha clase. A min parecía que Celso Emilio Ferreiro cumpría agora os dez anos da morte, que é o requisito

---


59 P. Flores, Carmen, «Alfredo Conde: Celso Emilio está por riba dos ananos», *El Correo Gallego*, 17-5-1989. Tamén Isaac Díaz Pardo, malia formar parte da comisión convocada pola Fundación CEF, afirma: «A Academia Galega acho que neste caso estivo presionada por unha serie de elementos alleos. Pode que para a Academia fora comprometido o de Celso Emilio Ferreiro, pero como houbo tantas voces e desde tantos lugares tivo que acceder a iso, naturalmente» en P. Flores, Carmen, «Isaac Díaz Pardo: *Longa noite de pedra* define a dictadura», *El Correo Gallego*, 17-5-1989.

60 Redacción, «O pobo de Celanova volcouse, en definitiva reconciliación con CEF, no Día das Letras Galegas», op cit.

indispensable, e parecíame que era un acto de xusticia cultural, e o espallamento que está tendo a festa ben o demostra. Sobor de min non houbo absolutamente ningunha presión, ningunha indicación, ningunha consigna, como agora se di, e supoño que sobre os outros académicos que, unanimemente dixeron Celso Emilio Ferreiro, tampouco.

O que eu non comprendo –explicou o delegado do Goberno na súa condición de presidente da Academia Galega– é por que hai malestar por adicar o Día das Letras a unha figura tan indiscutible, tan absolutamente firme, como é a de Celso Emilio, ¿onde está o malestar?, ¿é que imos negar a nosa propia cultura? Eu, se hai ou non imposición, non teño a menor idea, eu falo persoalmente de min, que son o presidente da RAG. A min ninguén me dixo: conviría que Celso Emilio Ferreiro fose a figura que, por outro lado, sería normal, a xente da rúa tamén ten a súa opinión, pero, vamos, sobre min non houbo ningunha presión de ningunha clase. Supoño que tampouco irían académico por académico exercendo presións.

Alguns meses antes dáse conta tamén nos medios da organización da chamada «Semana de Celso Emilio» ofertada a todos os concellos galegos, organizada pola Fundación Celso Emilio Ferreiro e apoiada pola Consellería de Cultura, e que consistía en exposicións gráficas e bibliográficas, recitais de cantautores, escenificacións poético-teatrais, conferencias, acceso a un catálogo-homenaxe e proxección dun diaporama. A iniciativa desenvolveuse en distintas cidades galegas como Pontevedra<sup>61</sup> e, sobre todo, na



*Antoloxía, edición a cargo de Antonio García Teijeiro, Xerais, 1989.*

<sup>61</sup> Entre o 28 de abril e 5 de maio sucedéronse conferencias de Xesús Alonso Montero, Rosario Álvarez e Arcadio López-Casanova; mesas redondas con Filgueira, Casares,

vila de Celanova<sup>62</sup> que tamén acolleu, o día 17 de maio, os actos oficiais da Academia: pola mañá realizouse unha ofrenda floral no cemiterio para logo descubrirse o busto creado por Acisclo Manzano con discursos de Gómez Rojo, alcalde de Celanova e Moraima, que agradeceu o traballo do artista responsable do busto tanto no seu nome como «en nombre del poeta que si en estos momentos nos está viendo, sonreirá satisfecho y complacido», engadindo: «Esto será y así lo espero, un precedente para que de este año en adelante se dedique el Día das Letras Galegas a muchos hombres que están injustamente olvidados», para concluír que «Celanova le debía este homenaje a Celso Emilio y hoy creo que ha cumplido con su deuda. Desde Celanova diré que el poeta estará complacido porque aquí vuelve a hacerse realidad lo que él siempre quiso y lo que él más amó. Para él el mundo siempre se llamó Celanova.»<sup>63</sup>

A continuación interviría o presidente da Xunta de Galicia, Fernando González Laxe, cun discurso no que subliñou a continuidade da lingua

---

Cuña Novás e Sabino Torres (coordinadas por Modesto Hermida) e un recital poético con Salvador García-Bodaño, Xesús Rábade Paredes, Xavier Rodríguez Barrio e Ánxeles Penas, presentado por Luís G. Tosar.

62 O día 13 maio acolleu un Festival de Corais; o 14 inaugúranse as exposicións programadas e celebrouse un recital poético a cargo de Xavier Rodríguez Barrio, Cuña Novás, X. M. Álvarez Cáccamo e membros do grupo de teatro Solpor. O día 15 actuou o Grupo de Teatro do Atlántico coa peza «Eu, Gulliver Ferreiro»; o día 16 organizouse unha mesa redonda con Méndez Ferrín, Anxo Tarrío e Manuel María, á que só asistiu finalmente Ferrín. En «Ferrín reivindica la figura de Celso Emilio como poeta do seu tempo», *La Región*, 17-5-1989 recóllense estas palabras do autor de *Arraianos*: «Celso Emilio non deixou de falar nin un só día de Celanova, convertíndoa nunha especie de símbolos das raíces da vida e elevando ese mundo á categoría de mito literario», alén de manter toda a súa vida «unha nostalxia mordedora de aquel neno loiro e da terra da súa infancia».

63 Información tirada de César Moreiras, «Celanova, capital da cultura galega», *Atlántico*, 18-5-89.

galega, expresando «de forma nidia e rotunda todo o que significa un país, unha gran nación coma Galicia, acosada nuns tempos determinados por aqueles que tentaban esmaga-la nosa lingua»<sup>64</sup> criticou aos que «prohibiron o galego na nosa propia terra como foron ex-ministros que veñen agora disfrazados de camaleóns» e remarcou o «sentimento garimoso que significa a construción dun país».


En sesión vespertina as intervencións oficiais e académicas –era esta a segunda vez que a Academia recalaba en Celanova tras realizalo na inauguración do busto de Asorey dedicado a Curros, cando o centenario do seu nacemento en 1951–, protagonizáronas inicialmente o presidente da Academia, Domingo García-Sabell, abrindo a sesión, quen cedeu a palabra a Carlos Casares, secretario da entidade, que leu a acta da sesión na que se acordou o nomeamento. A continuación foi Antonio Fraguas quen realizou o perfil biográfico<sup>65</sup>, para logo intervir Xosé Filgueira, lembrando tres intres da súa relación de amizade con Celso Emilio. Tamén tomaría a palabra Carlos Casares, que daría lectura á intervención de Constantino García, que non puido asistir á sesión, salientando a defensa do idioma galego do autor celanovés. García-Sabell pechou o acto subliñando que o feito de dedicar o Día das Letras a Celso Emilio «foi un acordo entusiasta que agora estase espallando por Galicia enteira, porque hai no país unha especie de ledicia espontánea e colectiva arredor da súa figura, debido a que a súa obra resiste o paso do tempo e serve para esa cultura permaneza.»<sup>66</sup>

---

64 Redacción, «O pobo de Celanova volcou, en definitiva reconciliación con Celso Emilio Ferreiro, no Día das Letras Galegas», op. cit.

65 Ese mesmo ano publicaría *Ferreiro, Celso Emilio, 1912-1979*, A Coruña, Real Academia Gallega, 1989.

66 En Rodríguez, Fernando, «Celso Emilio Ferreiro fue homenajeado en Celanova por sus partidarios y oponentes», *La Voz de Galicia*, 18-5-1989, recóllense estas declaracións de Méndez Ferrín: «Debería de caerle la cara de vergüenza a García-Sabell y a



*Folla informativa do Simpósio Celso Emílio Ferreiro,  
Santiago, abril de 1989.*

Fóra destes actos institucionais o certo é que a atención á figura de Celso Emilio foi intensa: a Asociación Galega da Língua e a Asociación Nacional de Estudantes de Letras organizan un «Simpósio sobre Celso Emílio» os días 20 e 22 de abril na Facultade de Maxisterio de Santiago de Compostela; asistiron como relatores Manuel María, Bernardino Graña, Henrique Rabunhal<sup>67</sup>, Luis Gonçales Blasco, Xosé M<sup>a</sup> Dobarro, Manuel Amor e Ricardo Carvalho Calero, quen o pechou. Asemade, a Universidade de Santiago convoca o I Premio de Investigación Lingüística e Literaria 1989 dedicado á figura de Celso Emilio Ferreiro,

---


los demás académicos, al venir a Celanova a rendirle homenaje a un hombre al que siempre rechazaron y cerraron todas las puertas». Inquirido sobre por que a Academia se negou a incorporar o homenaxeado como académico de número respondeu García-Sabell: «Nunca hubo una propuesta firme sobre ello, pero tengo que decir que si hoy viviera, Celso Emilio estaría indiscutiblemente entre sus integrantes.»

<sup>67</sup> Henrique Rabunhal publicaría no nº 17 da revista *Agália* (1989) o artigo «Apresentación da vida e da obra de Celso Emílio Ferreiro», pp. 65-73.



cuxos traballos galardoados —a cargo de Javier Gutiérrez Carou, Teresa Moure e Ramón Nicolás— e outros realizados ad hoc viron a luz en dous volumes baixo a coordinación da profesora Rosario Álvarez Blanco<sup>68</sup>.

Por último, este ano de 1989 foi celmoso en publicacións, como era de esperar, sobre Celso Emilio. Alén dalgunha reedición —como *A fronteira infinda*, en Xerais—, algúns dos títulos foron *Celso Emilio*, de autoría múltiple, coordinado por Marcelino Abuín e publicado pola Fundación Celso Emilio Ferreiro; *Celso Emilio Ferreiro (1912-1979): Día das Letras Galegas 1989*, publicado pola Consellería de Cultura e Deportes; a *Antoloxía poética*, a cargo de Antonio García Teijeiro, na colección Biblioteca das Letras Galegas de Xerais, editorial que tamén publicou *Celso Emilio Ferreiro 1912-1979: unha fotobiografía*, a cargo de X.L. Méndez Ferrín e outros, ou o número monográfico da revista editada pola Universidade de Santiago de Compostela, *Boletín Galego de Literatura*, que inclúe colaboracións que resultan, aínda, de rendible operatividade para abordar diversos aspectos literarios de Celso Emilio<sup>69</sup>.



A fronteira infinda,  
Xerais, 1988.

68 *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1992.

69 Algúns libros publicados no ano 1989 e anos despois, sen afán exhaustivo e por data de publicación:

VV.AA., *Voz e voto. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X Aniversario do seu pasamento*, Patronato Curros Enríquez, Celanova, 1989.


VV.AA., *Celso Emilio Ferreiro (1912-1979) Día das Letras Galegas 1989*, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Direcc. Xeral de P. Lingüística, Santiago, 1989.

VV.AA., *Celso Emilio*, Fundación Celso Emilio Ferreiro, Santiago, 1989.

VV.AA., *Celso Emilio Ferreiro: común temos a pátria*, Vigo, A Nosa Terra, 1989.

VV.AA., *Celso Emilio (1912-1979). Unha fotobiografía*. Vigo, Xerais, 1989.

VV.AA., *Seiva*, nº 1, Fundación Celso Emilio Ferreiro, 1989.



Xesús Oreiro, Celso Emilio Ferreiro (O home e a obra), Edicións do Cumio, 1995.

A finais de década, concretamente en 1999 e por mor do seu vinte cabodano, o 6 de novembro e na cidade de Cádiz, a Asociación Cultural, Artística e Literaria Foro Libre celebrou un encontro literario sobre a vida e obra de Celso Emilio. E no ano 2002 aínda salientaría dous feitos editoriais que volveron a ollada cara a *Longa noite de pedra* no cincuentenario da súa primeira edición; refírome á edición do título na colección Biblioteca Galega 120 (nº 40) de *La Voz de Galicia* e unha edición facsímile da primeira, publicada en coedición por Edicións Xerais e a Fundación Celso Emilio Ferreiro, con documentado e valioso limiar de X.L. Méndez Ferrín e outro prólogo de quen isto escribe<sup>70</sup>.

Navaza, G., «Introducción» en Ferreiro, C. E., *Longa noite de pedra*, Vigo, Xerais, 1990.  
Álvarez Cáccamo, X.M., en Ferreiro, C.E., *Onde o mundo se chama Celanova*, Vigo, Xerais, 1991.

Fonte, R., «Introducción» en Ferreiro, C. E., *O soño sulagado*, Vigo, Xerais, 1991.

Llompарт, Josep M., *Veinte poemas de Celso Emilio Ferreiro*, Gráficas Miramar, Mallorca, 1991.

Ferreiro, Celso Emilio, *Antología poética*, Visor, Madrid, 1992 (edición bilingüe a cargo de Vicente Araguas).

Nicolás, R., *O soño sulagado* de Celso Emilio Ferreiro, Vilaboa, Edicións do Cumio, 1992.

Álvarez, R. (coord.), *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, Santiago, Universidade de Santiago, II vols., 1992.

Oreiro Pensado, X., *Celso Emilio Ferreiro: O home e a obra*. Vigo, Edicións do Cumio, 1995.

Villar, M., *Unha lectura de... O soño sulagado*, de Celso Emilio Ferreiro, Vigo, Xerais, 1998.

<sup>70</sup> Cómpre non esquecer, igualmente, o ensaio de Luís Gonçalves Blasco, «Foz», patrono da Fundación Celso Emilio Ferreiro, editado ese mesmo ano: «Anotacións a propósito da UPG e do papel de C.E.Ferreiro e outros», en *O Máximo*, suplemento de documentación e información da revista *Agália*, n. 64 e, tamén, da súa autoría, «Vida e obra de Emilio Ferreiro Miguez» en *Boletim da AGLP*, número 6, 2013.

Concluye hoy con la conferencia de Ricardo Carvalho Calero sobre el discurso político y poético en la literatura gallega moderna

## Más de doscientas personas asisten al simposio sobre Celso Emilio Ferreiro

Santiago (Redacción). El simposio sobre Celso Emilio Ferreiro concluye hoy en la Escuela de Magisterio con la conferencia de Ricardo Carvalho Calero titulada «Discurso político e discurso poético na literatura galega moderna». Más de doscientas treinta personas están acudiendo a las actividades de este simposio en el que han participado Manuel María, Bernardino Graña, Isaac Alonso Estravís, Luis González Blasco «Foz» o José María Dobarro, entre otros estudiosos de la obra del poeta de Celanova, autor de obras como «Longa noite de pedra» o «Onde o mundo se chamaba Celanova».

Celso Emilio Ferreiro está de renovada actualidad al resultar escogido para la celebración del «Día das Letras Galegas» de este año. La organización de este encuentro, que pretende poner al día la imagen del poeta, corrió a cargo de la asociación nacional de estudiantes de letras (ANEL) y de la asociación galega da lingua (AGAL), siendo el primero que tiene lugar en Santiago sobre su figura.

El jueves fue la primera jornada del congreso que se inició con la conferencia de Manuel María sobre Celso Emilio Ferreiro. En su charla, Manuel María destacó la importancia de Celanova y la taberna de «O Galo» en las vicisitudes del escritor y aportó novedades sobre la correspondencia mantenida con él. A continuación, Henrique Rabunhal Corgo habló sobre la vida y la obra de Celso Emilio Ferreiro y puntualizó algunos aspectos del autor.

En la mesa redonda que siguió a la conferencia de Henri-

que Rabunhal, Luis González Blasco «Foz» hizo públicas unas cartas firmadas y enviadas desde Caracas por el escritor —ya en el año 72— que ponen en evidencia las afirmaciones de algunos estudiosos sobre el compromiso de Celso Emilio con el nacionalismo gallego. Manuel Amor analizó el poema «Longa noite de pedra» y disertó sobre la existencia de una poesía cívica o social. José María Dobarro hizo un panorama de los temas, motivos e ideario del poeta de Celanova.

### Bernardino Graña

Manuel Aians, miembro del seminario de filosofía del «Aula Castela» de Pontevedra, expuso sus trabajos e investigaciones sobre la presencia en la obra del Celso Emilio de las tesis marxistas. Ayer, en la segunda jornada de las conferencias, Bernardino Graña fue el invitado al estrado para hablar del recuerdo personal del poeta. Antes de ocupar la tribuna de oradores, Bernardi-

no Graña explicó «la memoria de Celso Emilio nos años 50 cuando empezaba a vivir en Vigo».

Bernardino Graña recordó a un Celso Emilio multifacético, impresión que confirma cuando revisa su obra. «Hablar de Celso Emilio sólo como poeta es limitarlo y si se añade lo de poeta social todavía más», aseguró Bernardino Graña haciendo mención de todos los textos escritos por Celso Emilio que se salen del registro poético como son sus ensayos, artículos o relatos.

### Un gran vitalista

Bernardino Graña definió a Celso Emilio con los calificativos de simpático, sincero y «contagiaba mucha la risa». En definitiva, un gran vitalista. Uno de los aspectos que más criticaba el escritor desde sus artículos en las distintas revistas que fomentó era la falta de imaginación de la enseñanza que estaba saturada de cientifismo, como recordó ayer recordó Graña durante su turno de charla.



Celso Emilio Ferreiro, protagonista del simposio en Santiago

Posteriormente, tuvo lugar una nueva mesa redonda en la que participaron Isaac Alonso Estravís, Xosé Antonio Souto Cabo, María do Carme Henrique y Manuel Portas Fernández, además de la profesora de la propia escuela de Magisterio donde se celebra el simposio, Aurora Marco López. En este

coloquio se intentó situar a Celso Emilio Ferreiro en el contexto que le tocó vivir.

Esta mañana, a las once, Ricardo Carvalho Calero pronunciará la última de las charlas sobre el discurso político y poético en la literatura gallega actual y, a continuación, será la entrega de diplomas.

Antes de envorcárense os esforzos no vinte e cinco cabodano ao ano 2003 cómpre sinalar a orixinalidade dun proxecto levado a cabo pola Fundación dos Premios da Crítica Galicia, que publicou un opúsculo baixo o título de *O poema «Irmaus» de Celso Emilio Ferreiro nas linguas dos que vivimos en Galicia* en cuxo prólogo afirmaron que a entidade patrocinadora da publicación «quere chama-la atención da sociedade galega sobre o feito de que empezamos a ser multiculturais e que temos que aprender a convivir harmonicamente coa diversidade». O simbólico poema de Celso Emilio contaba xa con versións que ían do ucraíno ao árabe, do bretón ao sueco ou do romanés ao quechua entre outros moitos. Tamén, nese mesmo ano, ve a luz a edición dunha medalla conmemorativa do 40 aniversario do Día das Letras Galegas na colección «Galicia ao pé da Letra», nun proxecto auspiciado por *La*

*Voç de Galicia* e, asemade, publícase en Xerais un volume baixo o título de *Obra narrativa de Celso Emilio Ferreiro*, en edición de Mónica Góñez, que reúne nun volume os dous libros publicados en prosa do autor: *A fronteira infinda* (1972) e *A taberna do galo* (1978).

Beiträge

Digo petróleo, ferro,  
 mineral, trampa,  
 lobo, caimán, polaris, còbrega,  
 miseria, diplomacia.  
 Digo devastación que USA, usa.

Apenas digo nada.  
 Digo Viet Nam i está xa dito todo  
 cunha soa palabra.

Fra abranguer a vergenza do mundo,  
 digo Viet Nam e basta.

Ich sage Erdöl, Eisen,  
 Mineral, Falle,  
 Wolf, Kaiman, Polaris, Schlange,  
 Elend, Diplomatie.  
 Ich sage Zerstörung, Usus der USA.

Und mehr sage ich nicht.  
 Ich sage Vietnam, und alles ist gesagt,  
 mit einem einzigen Wort.

Um die Schande der Welt zu umfassen,  
 ich sage Vietnam und basta.

(Übersetzung: Nuno Oliveira und Montse Bascoy)

Was sich so tut. Über VertreterInnen der neuesten galicischen Prosa

Franck Meyer (Vigo)

*Se algo maravilloso ten o mundo da literatura é a liberdade absoluta. En ningures se pode atopar unha liberdade tan auténtica.* Usía Casal

Beim Versuch, einen Überblick über diejenigen galicischen Prosa-Schriftsteller zu gewinnen, die seit 1996 ihr literarisches Debüt gaben, stößt man schnell auf ein Informationsproblem. Wer berichtet von ihnen und wo? Muß man alle Bücher aller Verlage kaufen, um informiert zu sein und auf dem laufenden zu bleiben? In der Lyrik ist das ganz anders. Da reicht es, mit gewisser Regelmäßigkeit und Interesse Zeitungen und Zeitschriften zu verfolgen: Oft finden Lesungen und Tagungen statt, werden Manifeste veröffentlicht, und immer wieder treten Kollektive ans Licht, die über ein nicht geringes Talent für Public Relations verfügen und dies nutzbringend anwenden. Während in früheren Zeiten die Einsamkeit ein durchaus schickes Attribut von Lyrikern war, scheint in Galicien nun endgültig die Zeit der Gruppenbildung an- und ausgebrochen zu sein. So findet man Projekte wie das «Batallón literario da Costa da Morte», den kleinen Verlag Letras de Cal, die Zeitschrift *Valdeleite*. Fügt man diesen Initiativen das Programm einiger weniger Verlage hinzu (Espiral Maior, Edicións Positivas, die Reihe «Ablativo Absoluto» von Edición Xerais de Galicia), so hat man quasi die gesamte neueste galicische Lyrik auf einen Blick erfaßt, und die tritt mit viel Energie in Szene, mit einer beeindruckenden Zahl vieler sehr junger Poeten und vor allem auch Poetinnen. Ja, und die Prosa? Galicien Land der Dichter?

Es wäre sicherlich ein Irrtum, sich von Stereotypen leiten zu lassen, die nur scheinbar die Wahrheit sagen. Wir wissen alle nur zu gut, daß das Bild, welches die Massenmedien uns

von der Welt vermitteln, nicht mit der Realität übereinstimmen muß. Die Aufmerksamkeit, die in Galicien die Medien der Lyrik widmen, zusammen mit der Idee eines Lands der Dichter sagt keinesfalls etwas über die soziale Wirkung des Phänomens aus. Zunächst gälte es zu prüfen, welche Leute und wieviele Leute tatsächlich Lyrik lesen, um ihre Relevanz innerhalb der Gesellschaft bestimmen zu können. Selbst wenn Galicien ein *sitio distinto* sein mag, so ist dennoch wahrscheinlich, daß in einer minoritären Angelegenheit wie der Literatur im allgemeinen auch in Galicien, wie in anderen Kulturen, die Lyrik eine Minderheit innerhalb einer anderen darstellt.

Dieser kurze Vergleich mit neueren Entwicklungen in der Dichtung bringt uns auf die richtige Spur und liefert interessante Daten auch für den Bereich der Prosa. Weder sind die Debitanten in diesem Feld im allgemeinen auffällig jung, noch treten sie über Gruppeninitiativen ans Licht, weder wecken sie sonderlich das Interesse der Medien, noch spielen die weiblichen Vertreter eine so herausragende Rolle wie in der Lyrik (oder wie auch in der deutschen Prosa, in der junge Autorinnen wie Judith Hermann große Erfolge feiern). Was sich zudem feststellen läßt, ist eine gewisse Demokratisierung bzw. sozio-kulturelle Erweiterung, welche durchaus als positiv für den Prozeß der Normalisierung des literarischen Systems in Galicien betrachtet werden kann. Was bedeutet das? Nun, während in der Dichtung die Bereiche Schulwesen (Lehrer), Universität (Dozenten, Studierende) und Journalismus mehr als überproportional vertreten sind, was die «Rekrutierung» neuer Generationen von Schriftstellern angeht, so vollzieht sich in der Prosa eine ganz andersartige Entwicklung. Hier finden sich zunehmend Vertreter dessen, was der Kritiker und Literaturtheoretiker González-Millán einmal als «neue soziale Identitäten» bezeichnet hat.

*Artigo publicado no número 8 do Galicien Magazin no ano 1999 que contém un poema de Celso Emilio Ferreiro traducido ao alemán.*

**2004**


**O CAMIÑO  
CARA AO  
VINTE E CINCO  
CABODANO**





O vinte e cinco cabodano de Celso Emilio Ferreiro gozou, fundamentalmente, de catro actos centrais –alén de moita produción editorial de e sobre o autor, que se publicou nos anos anteriores e posteriores– que pasamos a dar conta.


O primeiro deles apunta a unha iniciativa que ten lugar no verán dese mesmo ano cando, na Deputación de Ourense, o deputado provincial socialista Gonzalo Iglesias Sueiro facía pública a intención de que o grupo ao que pertencía solicitaría a declaración de «Fillo predilecto» da provincia na corporación provincial. O seu presidente, José Luis Baltar, anunciaba o apoio do grupo do PPdG e, asemade, a voceira do grupo do BNG, Tereixa Paz, sumábase á proposta para honrar co acordo o que entendía como o intenso traballo e a resistencia antifranquista que se encerraba na figura de Celso Emilio Ferreiro. Ao pouco tempo, o 23 de xullo, a Deputación ratificaba a proposta en pleno, que foi



*Guía de lectura de  
O soño sulagado,  
de Ramón Nicolás,  
Edicións do Cumio, 1992.*



*Actuación do grupo Pínfano na homenaxe tributada  
a Celso Emilio Ferreiro en Caracas no ano 2004.*



*Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro.  
Xunta de Galicia, 2005.*

cara a unha aprobación por aclamación, de maneira que deste xeito non se tería que comezar o proceso regulamentado para estes casos que debería ir cumprindo uns pasos como a apertura dun expediente de honra e a recollida de datos, testemuños e documentación.

O segundo deles, desde o punto de vista cronolóxico, nace da vontade institucional, concretamente da chamada daquela Consellería de Emigración, de articular un punto de encontro, para o que sería xustamente operativa a figura de Celso Emilio Ferreiro ao pór en valor o traballo que desenvolveu no seo da Hermandad Gallega de Caracas, de onde foi expulsado como ben se sabe. Dos actos podemos falar en primeira persoa ao ser convidado para ditar unha conferencia no seo daqueles locais aos que asistiu un bo número de socios da institución, ademais dos seus directivos,

o conselleiro da Emigración, Aurelio Miras; José Luis Valladares, alcalde de San Cristovo de Cea, o embaixador de España en Venezuela, Raúl Morodo e Luís Ferreiro, fillo do autor, que interviñeron no acto.

Alén dunha exposición fotográfica con material que cedeu a Fundación Curros distribuída ao longo de quince paneis informativos, o acto central desenvolveuse no Teatro Rosalía de Castro da Hermandad onde interveu tamén, fóra dos discursos institucionais, o grupo Pífano Teatro –composto por Xavier Picallo, Mela Casal e Gloria Ferreiro–



*Fotografías das Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro (Vigo, outubro de 2004). Nas fotos superiores: Antidio Cabral, Isabel Soto, X. L. Méndez Ferrín, María del Carmen García Campelo, Manuel Bragado e Xesús Alonso Montero. Abaixo: Monica Góñez, Ramón Nicolás, Isabel Soto e Ramiro Fonte; Miro Villar, Bernardino Graña, Isabel Soto e Vicente Araguas; Carlos Díaz, Sabino Torres, Isaac Díaz Pardo e Manuel Bragado.*

escenificou a peza *Ventos*<sup>71</sup> e o grupo folclórico da entidade Semente Nova. A revogación oficial do despedimento e expulsión de Celso Emilio Ferreiro e dos seus fillos nunca se chegou, sequera, a albiscar e aínda de hoxe non se produciu.

71 Segundo a compañía sinalaba: «Estamos diante dunha nova ollada sobre a obra do poeta ourensano na que se aposta pola liñas panteísta, amatoria e pop, esta última un tanto descoñecida e sorprendente pola actualidade dos contidos destes textos. En escena, dúas divas que compiten por se-lo centro de atención da escena e un director que trata de sacar adiante o espectáculo aguantando as impertinencias das divas. Un toque de humor en escena que non lle resta solemnidade os textos se non que lle axuda ó público máis novo a introducirse na obra de Celso Emilio.» A peza teatral circularía por varios espazos escénicos e centros de ensino por Galicia acompañándose dunha unidade didáctica a cargo de Iris Cochón.

Por outro lado, o 28, 29 e 30 de outubro celebráronse na cidade de Vigo unhas xornadas dedicadas a Celso Emilio Ferreiro, por mor do devandito vixésimo quinto aniversario do seu pasamento. Estes actos, organizados polo Consellaría de Cultura xunto coa colaboración da Fundación Celso Emilio Ferreiro e mais de Edicións Xerais de Galicia, veñen a cadrar no tempo, alén do acto antes referido, coa reedición de parte da súa obra poética e narrativa, coa emisión de tres documentais producidos pola TVG e dirixidos por Rosa Castro e Xosé Durán e mais outra homenaxe musical e poética que tamén se celebraría en novembro na cidade de Vigo.

O balance global destas xornadas de estudo e posta en común das últimas investigacións e interpretacións do percorrido biográfico, literario, político e cultural de Celso Emilio Ferreiro resultou positivo, pois veu confirmar o crecente interese que a figura e mais a obra do autor de *Longa noite de pedra* sucitaba, xa non só entre especialistas, senón entre os lectores máis novos e naquelas persoas interesadas no devalar da nosa literatura contemporánea. Á masiva presenza de asistentes – máis dun cento de matriculados– cómpre engadir a intervención dunha longa nómina de participantes que souberon actualizar, analizar e pór ao día moitas das súas dimensións entre o legado que nos deixou.

As xornadas deron comezo coa intervención de Xosé Luís Méndez Ferrín, quen artellou un instrutivo percorrido pola participación política do celanovés desde os primeiros pasos na preguerra dados no seo das Mocedades Galeguistas, pasando pola fundación da UPG até a actividades dos seus últimos días no PSG e mais no PSOE, relatorio que, asemade, sistematizou as pólas do pensamento e da praxe nacionalista tras a guerra civil. Non menos elucidadora foi a conferencia ditada por Xesús Alonso Montero que versou arredor das «tres censuras da época (1962-1968)» facendo referencia tanto á autocensura do autor ao publicar en tempo de ditadura, como a que denominou «autocensura asesorada» e que afectou

a algúns poemas, para rematar subliñando a importancia da Lei de Prensa e Imprenta do 1966, a denominada «Lei Fraga», exhumándose o favorable informe que un censor anónimo redactou arredor de *Longa noite de pedra* nestes termos: «Colección de poesías gallegas de tono lírico en que el autor se proyecta sobre las cosas que le rodean con la fina ironía a que se presta la lengua vernácula. Puede autorizarse.»


Outro dos momentos relevantes das Xornadas constituíuno a primeira mesa redonda celebrada baixo o título de «A experiencia editorial» no que Isaac Díaz Pardo, Carlos Díaz, Manuel Bragado e Sabino Torres —creador da histórica colección Benito Soto—, debateron arredor da relación vital e profesional que os vinculou coa obra de Celso Emilio.

No ámbito das acordanzas persoais cómpre destacar unha liña común que pasou pola evocación das pegadas que Celso Emilio Ferreiro deixou en persoas de diferentes xeracións como Víctor F. Freixanes, Vicente Araguas e Bernardino Graña.

A análise da emigración e do exilio correu a cargo de Núñez Seixas, mentres que os profesores López-Casanova e Miro Villar achegaron diversos aspectos críticos da súa poesía con rigorosidade e acerto. Do mesmo xeito que o poeta e editor canario, amigo de Celso Emilio, Antidio Cabal, chegado expresamente de Alacant para participar nestas xornadas, e nunha excelente intervención, descubriu e evidenciou a presenza de símbolos de validez universal na poesía




Semblanzas, crónicas e artigos, de Celso Emilio, edición de Ramón Nicolás, Xerais, 2005.



Conversas con Celso Emilio Ferreiro, edición de Ramón Nicolás, Xerais, 2009.





Escolma poética, con  
imaxes de Baldo Ramos,  
Faktoría K, 2008.



La frontera infinita,  
tradución ao castelán  
d'A fronteira infinda  
realizada polo autor,  
Faktoría K, 2007.

do celanovés, fóra de informar sobre unha edición de *Cemiterio privado* en español que el mesmo se encargou de editar, polo que parece de limitada circulación e da que non se tiña noticia.

A dimensión estritamente poética foi analizada polos profesores Gonzalo Navaza, Armando Requeixo e Ana Acuña e a que se relacionou coa narrativa debateuse coas intervencións de Ramiro Fonte e Mónica Góñez.


Outro aspecto importante foron os debates ou a quenda de preguntas dos asistentes. Fóra de sinalarse a ausencia dalgúns aspectos que podería iluminar outras perspectivas –teño para min que talvez faltou unha atención maior ao tratamento musical que moitos dos seus poemas gozaron–, nos devanditos espazos de opinión plasmouse un acentuado contraste derivado das opinións encontradas –aínda– da visión da emigración que se desprende de libros como *Viaxe ao país dos ananos*, mais tamén se coincidiu na «necesidade» da celebración destas xornadas, alén da urxente publicación da súa obra xornalística naquela altura –nomeadamente tanto da sección de prosas que viu a luz no *Faro de Vigo* a finais dos cincuenta baixo o título de *La Jaula de los Pájaros Raros* coma dos seus poemas satíricos en castelán, o seu famoso *Cabronario*, precisado dun editor máis que valente vista a extremosidade e virulencia do aguillón crítico que alí exhibe–. Finalmente todo se espellou no libro que viu a luz, afortunadamente, ao ano seguinte baixo o título de *Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro: actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de*



*Promoción Cultural en Vigo, os días 28, 29 e 30 de outubro* (Consellería de Cultura, Santiago de Compostela, 2004, coordinado por C. Ferreiro e I. Pena) e que traduce todo o sinalado até agora.

E, por último, cómpre referirse ao recoñecemento que o 23 de novembro de 2004 se lle tributou a Celso Emilio Ferreiro polo Concello de Vigo. Antes do acto en si, que se titulou «Voces da cidade para Emilio», na rúa Urzáiz viguesa descubriuse unha placa onde reza: «Nesta casa viviu e traballou o egregio escritor e poeta Celso Emilio Ferreiro de 1957 a 1966. No cabodano do seu pasamento, o Concello de Vigo. Novembro 2004.»

O Centro Cultural Caixanova foi o lugar escollido, nun espectáculo deseñado por Xosé Cermeño, cunha intervención plástica de Xaime Quessada e que foi presentado polos xornalistas Anxo Quintela e Nieves Rodríguez para un acto nucleado arredor de tres eixes como foron a palabra e a lectura de textos realizados ad hoc para o evento, as imaxes coa proxección dun vídeo sobre a vida de Celso Emilio e, finalmente, a sección musical na que interviñeron Miro Casabella e Luís Emilio Batallán. Asemade leron textos poéticos do autor o director de PSA Citroën, Javier Riera, o futbolista Michel Salgado, a patinadora Tamara Valderrama, o actor Manuel Manquiña e o adestrador Fernando Vázquez, nalgúns casos de forma virtual. A estes sumáronse Isaac Díaz Pardo, a montañeira Chus Lago, Domingo Docampo, reitor da Universidade de Vigo, María do Carmo Kruckenberg, o representante dos inmigrantes africanos en Vigo, Ibrahima Nang ou a alcaldesa Corina Porro e Luís Ferreiro, un dos fillos do escritor, ademais doutras persoas como un taxista ou un neno en representación da cidadanía.




*Larga noche de piedra,*  
*tradución a cargo*  
*de Moisés Barcia e*  
*Penélope Pedreira,*  
*Rinoceronte Editora, 2007.*



1. Edición bilingüe galego-castelán de Longa noite de pedra, tradución ao castelán de Ramón Nicolás e ilustracións de María Lires, Auga Editora, 2011.
2. Edición bilingüe galego-castelán e de peto de Longa noite de pedra, Akal, 2011.
3. Novoneyra / Celso Emilio, estudo de Manuel Castelao, Laiovento, 2009.

No ámbito das publicacións que viron a luz neste ano cómpre lembrar a publicación dunha edición anotada a cargo de A. Requeixo de *Viaxe ao país dos ananos*, na colección Biblioteca das Letras de Xerais, cun limiar do profesor Xesús Alonso Montero e, tamén no ano 2004, a publicación da *Poesía galega completa* (Xerais). A comezos de 2005 aparece o volume *Semblanzas, crónicas e artigos* (Xerais) que compila boa parte dos artigos xornalísticos de Celso Emilio Ferreiro.

De camiño cara ao ano 2012, alén da insistencia nas homenaxes anuais que se lle renden en Celanova, reparo nun título verdadeiramente especial e, logo, en dez títulos máis publicados. O título singular ao que me refiro, e moi pouco coñecido por outra banda, é un traballo realmente único como foi unha edición para bibliófilos e amantes da arte, en forma de carpeta de obra gráfica titulada *Longa noite de pedra. Gravados e ilustrada* polo artista Silverio Rivas, que asina a páxina de portada,




1. Poesía galega completa, edición de Ramón Nicolás, Xerais, 2004.
2. Viaxe ao País dos Ananos, edición de Armando Requeixo, Xerais, 2004.
3. Fotobiografía sonora, Ouvirmos, 2008.

láminas e unha placa de altorrelevo que conteñen as edicións comerciais. O proxecto realizouse da man do editor Carlos Díaz e da empresa que daquela dirixía: Producións Culturais Artesa, domiciliada na cidade da Coruña. Este proxecto, longamente acariñado por Carlos Díaz, viu a luz no ano 2006 baixo o selo Edicións A Serpe. O editor<sup>72</sup>, que xa o fora doutras obras de Celso Emilio en Xenebra, deulle forma a unha edición de gran formato que constaba unicamente de 180 exemplares do que se comercializaron 150, xunto con 20 para editorial, 5 para o autor e outros 5 sen numerar de promoción comercial. O libro reproduce o prólogo da sexta edición de *Longa noite de pedra* (Castrelos, Vigo, 1975) e o texto na versión testamentaria do autor. Ademais, inclúe un limiar a cargo de X.L. Méndez Ferrín titulado «Pequena historia deste libro» onde afirma:

---

72 Véxase o artigo de Manuel Bragado «Carlos Díaz Martínez», *Faro de Vigo*, sección «Campo de Granada», 8-4-2007.




**Celso Emilio Ferreiro**  
FOTOBIOGRAFÍA SONORA

O Tenente de Alcalde de Vigo  
SANTIAGO DOMÍNGUEZ OLVEIRA  
e o Concelleiro Delegado  
da Área de Cultura e Animación Sociocultural  
XESÚS LÓPEZ CARREIRA

comprácese en convidar a vostede á inauguración  
da exposición  
*Celso Emilio Ferreiro. Fotobiografía Sonora*

que terá lugar o vindeiro **martes 7 de outubro de 2008 ás 20 horas**  
no Verbum – Casa das Palabras.

Vigo, outubro de 2008



*Convite para a presentación da Fotobiografía sonora (Ouvirmos)  
no Verbum de Vigo en outubro de 2008.*


*Longa noite de pedra* é unha pedrafita no decorrer da nosa poesía. Veu no tempo xusto e contribuíu a mover aceleradamente o noso mundo contra a adversidade e espertar entre multitudes, galegas e non galegas, un sentimento de insatisfacción nobre e de dignidade. Non envellece, senón que co pasar dos anos *Longa noite de pedra* vai revelando matices que na súa orixe permaneceron apagados por outras luces de urxencia e de punxencia.

Os amentados dez títulos serían, en primeiro lugar, a edición en castelán de *Larga noche de piedra*, de Rinoceronte Editora, en tradución de Penélope Pedreira e Moisés R. Barcia, que viu a luz no ano 2007. Nese ano Faktoría K publica *La frontera infinita*, baseado na tradución que o propio Celso Emilio preparara do orixinal galego *A fronteira infinda*. Tamén cómpre destacar a aparición da *Fotobiografía sonora*, en 2008, publicada polo selo Ouvirmos, con artigos de Xurxo Souto, entre outras persoas, en que recollen máis de

cen fotografías do autor con soportes dixitais nos cales se pode escoitar a propia voz do autor recitando as súas composicións e mais unha antoloxía composta por quince cancións elaboradas sobre composicións poéticas de Celso Emilio Ferreiro de grupos como Fuxan os Ventos, Suso Vaamonde, Dios Ke Te Crew, Los Tamara ou Benedicto.

Ese mesmo ano 2008 ve a luz, en Factoría K de Libros, o título *Celso Emilio Ferreiro. Escolma poética*, un proxecto no que o poeta e artista celanovés Baldo Ramos dialoga cunha antoloxía textual representativa da obra de Celso Emilio.

Igualmente un ano despois, en 2009, publícanse tanto o volume *Conversas con Celso Emilio Ferreiro* (Xerais), que compila e ordena un feixe de entrevistas que o celanovés deu ao longo da súa vida para xornais e revistas, galegas, castelás e americanas, como *Novoneyra/Ferreiro*, un ensaio que viu a luz en Laiovento sobre estas dúas voces a cargo do profesor Manuel Castelao. No ano 2010 publicaríase *O mellor de... Celso Emilio Ferreiro*: unha escolma de textos e comentarios baixo responsabilidade de Xosé Carlos Caneiro publicada pola *La Voz de Galicia*. E por último, en 2011, a editorial asturiana Pez de Plata edita a tradución ao castelán de *A taberna do Galo* e tamén aparece no mercado unha edición bilingüe de *Longa noite de pedra* en Auga Editora con ilustracións de María Lires e con prólogo e versión ao galego de quen isto subscribe, alén doutra edición bilingüe galego-castelán, agora en formato de peto a cargo da editorial madrileña Akal.



*Cartel realizado polos Editores de Madrid dentro da promoción dunha campaña de lectura (2007).*







▲ *Cartel anunciador do Encontro coa arte. Lembrando a Celso Emilio, Brión, xuño de 2009.*

La taberna del Galo,  
*tradución d'A taberna do Galo,*  
*a cargo de Ramón Nicolás,*  
*Pez de Plata, Asturias, 2011.* ▼

*Cartel anunciador da Homenaxe*  
*ao poeta en Celanova,*  
*agosto de 2010.* ▼







▲ *Cartel anunciador da homenaxe a Celso Emilio no 30 cabodano (Celanova).*

◀ *Acto institucional na Hermandad Gallega de Caracas (2004): primeiro á esquerda, sentado, Luís Ferreiro.*

◀ *Mural en Foz, creado en 1981 e reconstruído en 2004.*

◀ *Homenaxe en Celanova no seu vinte e cinco cabodano (2004).*

*Na páxina seguinte, Celso Emilio Ferreiro por Woźniak (Le Monde Diplomatique), 12-2015. ▶*



**2012**

**CENTENARIO  
DO SEU  
NACIMENTO**



Olladas as actividades realizadas ao longo do ano 2012, creo non errar se afirmo que estas supuxeron un proceso de posta ao día como nunca antes se fixera arredor da figura e da obra de Celso Emilio Ferreiro. Non percibín, asemade, indicios de tensión ou polémica como si son doados de colixir en celebracións acontecidas en anos anteriores e das que se deron conta aquí: o obxectivo parecía, e así foi, o de reivindicar a obra de Celso Emilio, difundila e estudala. Coido que un obxectivo, como pequena peza desta engrenaxe, por outra parte, logrado.

De feito foron xa, no seu inicio, diversas as institucións que chegaron ao acordo de dedicar o ano 2012 á figura de Celso Emilio Ferreiro por mor do seu centenario. Algo non moi habitual nos últimos anos da nosa historia, na medida en que o protagonismo literario ou cultural adoita vir da man da celebración do Día das Letras Galegas, naquel ano centrado en Valentín Paz-Andrade.

O *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (nº 563, con data de 20 de outubro de 2011), así pois, publica unha proposición non de lei que presentara o Grupo Parlamentario Popular de Galicia para o debate en Pleno con data do 21 de setembro de 2011. Pasado o tempo correspondente, o Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 10 de outubro de 2011, adoptou o seguinte acordo, que foi aprobado sen modificacións:



*Cuberta de Celso Emilio fai 100 anos, Asociación Arraianos, 2012.*

08/PNP-1388 (70877)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Sobre a declaración pola Xunta de Galicia do ano 2012 como Ano de Celso Emilio Ferreiro e as actuacións que se deben levar a cabo co fin de conmemorar o centenario do seu nacemento

BOPG núm. 549, do 29.09.2011

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 75 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

O Parlamento insta a Xunta a:

1.- Declarar o ano 2012 como Ano de Celso Emilio Ferreiro e a destacar o seu labor como renovador da literatura galega e a súa actividade política e literaria de compromiso con Galicia en defensa das liberdades democráticas.

2.- Esta declaración incluírá actuacións de promoción e difusión da súa biografía e obra e procurará a implicación de institucións públicas e culturais, singularmente a Fundación Celso Emilio Ferreiro, co fin de conmemorar o centenario do seu nacemento.

3.- A Xunta de Galicia elaborará preferentemente antes do 4 de xaneiro de 2012 o catálogo das actuacións que se levarán a cabo durante o ano para coñecer a figura e obra de Celso Emilio<sup>73</sup>.


---

<sup>73</sup> Con todo, algunha información ao respecto, sinala certas disonancias, como o artigo publicado por Óscar Iglesias («La asociación Arraianos abre el homenaje civil a Celso Emilio Ferreiro», *El País*, 8-1-2012) onde apunta: «La declaración de 2012 como Ano Celso Emilio a proposta de la Xunta, la acordaron en el Parlamento de forma unánime las tres fuerzas políticas. No sin disonancias, sobre todo cuando la oposición hizo notar el contraste entre los actos del autor y el lugar político de los promotores de la celebración. Quiso arreglarlo el portavoz de Cultura del PP, Agustín Baamonde, sosteniendo que al que fuera miembro de la UPG y candidato al Senado por el Partido Socialista Galego, en 1977, “no puede apropiárselo” ninguna formación.»




Pasado algún tempo tamén a comisión de Cultura do Congreso dos Deputados debate, o xoves 8 de marzo, unha proposición non de lei baixo a denominación «Relativa a la celebración del centenario del nacimiento del escritor ourensano Celso Emilio Ferreiro. Presentada por el Grupo Parlamentario Socialista. (Número de expediente 161/000248.)». No Diario de Sesiones do ano 2012, nº 48, páxinas 15-18, pódese consultar a defensa da proposición a cargo da deputada Seara Sobrino e as respostas da deputada Vázquez Blanco e dos deputados Jorquera Caselas, Cantó García del Moral e Yuste Cabello: globalmente todas as voces salientan a relevancia dunha figura como a de Celso Emilio e finalízase coa aceptación da deputada Seara dunha transacción, de xeito que se aproba posteriormente unha proposición non de lei que reza: «El Congreso de los Diputados insta al Gobierno a colaborar con las instituciones gallegas y con la Fundación Celso Emilio Ferreiro en la realización de actividades, exposiciones, publicaciones y demás acciones que se consideren oportunas en el marco del Año 2012 como Año Celso Emilio Ferreiro.»

Pasemos, pois, a revisar aqueles actos, acontecementos, publicacións e demais eventos que se desenvolveron ao longo deste ano desde o mes de xaneiro. Comezan pronto as actividades, pois o día 4 inaugúrase a campaña «Cen anos.



*Camisola con imaxe, sinatura e fragmento poético de Celso Emilio Ferreiro.*



*Cartón co logotipo e información do albariño Moraima.*




*Marcapáxinas realizados pola Sociedade Filatélica, Numismática e Vitofílica Miño (2012).*

Cen comercios. Cen poemas» en Celanova: unha iniciativa innovadora, coa colaboración dos comerciantes e que contou co apoio do Concello de Celanova, Fundación Curros Enríquez, Secretaría Xeral de Cultura, Secretaría Xeral de Política Lingüística e Dirección Xeral de Comercio, de maneira que calquera persoa que pasease ou andase pola vila atoparía versos do poeta impresos en vinilo e expostos nos escaparates para achegar a figura de Celso Emilio á cidadanía a través de circuítos non convencionais, facendo a poesía presente e viva na rúa. A actividade, por outra parte, tamén gozou dunha dimensión escolar orientada aos estudantes que visitasen en 2012 a Casa dos Poetas de Celanova, ao redor do poema «Longa noite de pedra».

Tres días despois preséntase o monográfico *Celso Emilio fai 100 anos* na Casa dos Poetas, editado pola Asociación Cultural Arraianos e coordinado por Aser Álvarez: unha publicación de referencia e heteroxénea onde participaron un total de dezanove colaboradores entre os que se inclúen poetas como Manuel Vilanova, Miro Villar ou Baldo Ramos, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín, Quessada ou Isaac Díaz Pardo, entre outras persoas. Tiráronse por volta de cincocentos exemplares e incluía, ademais de moita documentación en forma de cartas, fotografías etc.,





*Documentación do nomeamento da rúa Celso Emilio en Caracas.*

together with the interventions of Luís Ferreiro (director of the Fundación Celso Emilio Ferreiro), Isabel Ferreiro (daughter of the poet) and Ramón Nicolás, a nephew of Manuel Bragado (director of Ediciones Xerais), who acted as moderator.

In February, I launched a website at [www.celsoemilioferreiro.org](http://www.celsoemilioferreiro.org), which contains contrasted information about the poet's life and work, as well as images from a family album, songs and music that inspired Celso Emilio Ferreiro: a virtual space that has become an element

O Ateneo de Santiago, nestas datas, organiza unha conferencia sobre Celso Emilio Ferreiro en que participou quen participou quen isto escribe a carón do poeta e escritor Salvador García-Bodaño e de Pilar Sampedro<sup>75</sup>.

O día 24 celébrase unha mesa redonda no Club Faro de Vigo co gallo do Ano Celso Emilio, que con-

<sup>75</sup> Hai unha crónica do acto nun artigo de Fran P. Lorenzo publicado en *El Correo Gallego*, o día 18 de xaneiro de 2012.

de referencia no universo Celso Emilio. O seu obxectivo é difundir o legado artístico do autor e dar a coñecer a súa poliédrica personalidade. Baixo a coordinación de contidos da Fundación Celso Emilio Ferreiro, e promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, a web serve como base documental de libre acceso para a formación de escolares e adultos. A través dos seus contidos, dispoñibles en galego, castelán e inglés, pódense coñecer as diferentes etapas vitais polas que pasou o autor, toda a súa creación literaria, unha ampla fonoteca con diversas gravacións, a bibliografía de e sobre a súa figura e a discografía que se inspirou nos poemas de Celso Emilio. Desde novembro de 2011 até maio de 2020 a páxina web foi visitada por un total de 123 470 usuarios diferentes, cunha porcentaxe de retornos á web próxima ao 12.3%, e cunha maior actividade no ano 2014 e unha maioría de usuarios de España, mais tamén de todo o mundo. As cidades das que proceden as máis das visitas son Madrid (14,79%), Vigo (11,31%), A Coruña (10,27%) e Santiago de Compostela (7,01%).

O día 11 de febreiro, por outra parte, a Sociedade Artística Ferrolá promove unha homenaxe a Celso Emilio en forma de recital que tivo lugar no seo dos actos de inauguración do primeiro local propio da entidade tras corenta anos de existencia. No acto interveu o xornalista Ramón Loureiro, quen pronunciou unhas palabras<sup>76</sup> sobre Celso Emilio

---

76 Reproduzo dous fragmentos: «Aínda que algúns amigos que aquí están poidan pensar o contrario (e eu sei ben, entre outras razóns porque coñezo a súa xenerosidade, que o pensan), pouco, ou case nada, poden eu dicir, que vostedes non saiban, de Celso Emilio Ferreiro. É certo que algunhas persoas moi queridas por min o trataron ao longo de boa parte da súa vida –esta mesma mañá estiven, por certo, a falar cunha delas–. E igualmente certo é que outro grande amigo, Ramón Nicolás, é non só o seu biógrafo, senón quen quizais máis empeño puxo en recuperar aqueles textos de Celso Emilio que estaban –poderíamos dicilo así– perdidos. Pero a verdade é que o camiño dos libros que eu máis amo é outro moi distinto: o que permite manter vivo o irrenunciábel dereito a soñar. A chamada «poesía social» sempre me interesou menos que





### *Percorrido da actividade «Cen poemas en Celanova».*

a que transita as sendas do misterio que nos envolve. E non porque non reconeza eu o seu valor, senón porque sempre desconfiei de que as miserias do mundo se pudiesen amañar con versos. Non obstante, e como o señor presidente da SAF me advertiu moi ben de que a miña intervención non superase en caso ningún os dez minutos, e que mellor sería aínda se fosen cinco, permitinme aceptala.

Non vou falar eu por Celso Emilio (por certo, outro inciso: mándame unha forte aperta para todos vostedes quen foi outra grande amiga del, a poeta Helena Villar Janeiro, auténtica herdeira ademais do espírito de Rosalía de Castro), porque xa el o fará por si mesmo, dentro duns instantes, a través dos que recitarán os seus versos. [...] Pero case acabando xa, coa celeridade que procede, si quero aquí salienta un aspecto fundamental do que, intúo eu, debeu de ser a súa vida, tan xenerosa e tan fértil: unha permanente loita contra a incompreensión.

Todos os anos, cando volvo a Celanova e vexo o seu magnífico mosteiro, non podo esquecer que entre aquelas pedras venerables, fillas en múltiples sentidos do gran San Rosendo, estivo Celso Emilio preso cando en tempos de barbarie se decidiu utilizar aquel lugar, que sempre debeu de estar consagrado á Palabra, como quixo o seu fundador, para manter a xente na cadea.

Somos, todos, fillos dos nosos propios erros. Feliz día este, no que Ferrol se volve lembrar de Celso Emilio. El, que agora xa sabe o que nós, antes ou despois, tamén saberemos, atoparase agora, sen dúbida, feliz, gracias a vostedes.» [https://celsoemilioferreiro.org/2012/02/palabras-do-xornalista-e-escritor-ramon-loureiro-na-presentacion-da-homenaxe-a-celso-emilio-ferreiro-na-sociedad-artistica-ferrolana-11-2-2012], consultado o 22-4-2020.



e deu paso a algúns poetas convidados como foron Aurora Varela, Francisco Vila e Marcelino Sisto Deibe.

O día 17 de febreiro preséntanse, en rolda de prensa, os amplos contidos institucionais proxectados para dar cumprimento á proposición non de lei do Ano Celso Emilio Ferreiro e, ao mesmo tempo, ponse en marcha un xogo literario no marco dos «Cen anos. Cen comercios. Cen poemas» xa sinalado e coordinado desde a Casa dos Poetas. A actividade lúdica formulaba a procura de certas estrofas distribuídas en distintos locais comerciais de Celanova para completar o poema «Longa noite de pedra». Os participantes percorreron a vila á busca dos comercios colaboradores seguindo un mapa que imita unha liña de metro para atopar cada unha das estrofas que completaban o devandito poema. Unha vez xa con el, os propietarios dos comercios selaron o plano e ao final da súa visita os participantes levaban o plano selado e a poesía completada.

Tamén neste mes o grupo Radio Lugo-Cadena Ser puxo en marcha o proxecto «O son da nosa fala. Celso Emilio Ferreiro. Cen anos», que consistiu na emisión diaria de poemas e pezas biográficas sobre o autor, lidas por figuras públicas e pola cidadanía en xeral. O proxecto coordinouse polo locutor Paco Nieto e a xornalista Tania F. Lombao co obxectivo de recompilar 1000 voces. A iniciativa converteuse, tempos despois, nun cedé que se presentou a finais de ano, como logo referenciaremos.

Ao longo do mes de marzo presentouse o proxecto «Poemas na rúa», que se trataba dunha instalación permanente de catorce paneis con outros tantos poemas e textos de Celso Emilio Ferreiro, Curros Enríquez, Pepe Velo e Méndez Ferrín nas rúas de





*Páxina de inicio virtual da Unidade Didáctica Celso Emilio Ferreiro para primaria e secundaria (2012).*

setembro, de maneira que a figura de Celso Emilio viaxou ao longo do 2012 por diversas localidades galegas a través desta mostra interactiva e itinerante que mesturaba contidos virtuais con obxectos físicos do autor. Entre os primeiros presentábase unha biografía multimedia a través da obra, das imaxes, dos fetiches, dos sons e da voz do propio autor, estruturada ao



*Acto de presentación da exposición interactiva e itinerante sobre Celso Emilio na Biblioteca Ánxel Casal. De esquerda a dereita: Valentín García, Carina Fernández, Anxo Lorenzo, Xesús Vázquez Abad, Luís Ferreiro e Ángel Currás.*

Celanova alusivos aos lugares onde van ser instalados, creando con eles o primeiro itinerario poético urbano de Galicia e que foi dinamizado pola Fundación Curros Enríquez. Asemade, esta fundación, o Concello de Celanova e a Secretaría Xeral de Política Lingüística poñen en marcha unha exposición sobre Celso Emilio nas bibliotecas nodais que se estendería ata o mes de setembro, de maneira que a figura de Celso Emilio viaxou ao longo do 2012 por diversas localidades galegas a través desta mostra interactiva e itinerante que mesturaba contidos virtuais con obxectos físicos do autor. Entre os primeiros presentábase unha biografía multimedia a través da obra, das imaxes, dos fetiches, dos sons e da voz do propio autor, estruturada ao redor dunha pantalla de acceso táctil a aplicacións interactivas a carón dunha mesa de luz con obxectos persoais de Celso Emilio, como as súas lentes ou as súas cartas, grazas á colaboración da Fundación Celso Emilio Ferreiro. A mostra, promovida pola Secretaría Xeral de Cultura e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, instalouse en períodos de dúas semanas nas bibliotecas nodais, como se dixo, de Vigo, Santiago

de Compostela, Lugo, Ourense, A Coruña e Pontevedra, así como en centros de ensino secundario doutras nove localidades.

Ademais, puxéronse a disposición das persoas interesadas, fundamentalmente pertercentes ao mundo da docencia, unidades didácticas dixitais centradas tanto na biografía como na obra de Celso Emilio, para primaria e secundaria, dentro do proxecto Abalar; e tamén outra unidade didáctica desde a web da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, baixo o título «Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro».

Por outro lado, o 17 de marzo en Celanova, inaugurouse o I Encontro de Xornalismo *Onde o mundo se chama Celanova*, no cal interviñeron Miguel Anxo Murado e Xosé Luís Méndez Ferrín, organizado tamén pola Fundación Curros Enríquez.

Finalmente, o 21 de marzo a cátedra Inditex de Lengua y Cultura Españolas da Universidade de Dhaka (Bangladesh) celebrou o centenario de Celso Emilio Ferreiro, dedicándolle o Día Internacional da Poesía cunha serie de paneis informativos e divulgativos onde se recollía a tradución dalgúns dos seus poemas máis coñecidos ao castelán e ao inglés.



*Cuberta da publicación Vivo na rúa Celso Emilio Ferreiro (Xunta de Galicia, 2012).*



*Cartel da exposición Celso Emilio Ferreiro na Universidade de Dhaka (Bangladesh), 2012.*



*Universidade de Dhaka  
(Bangladesh), 2012.*

No mes de abril púxose en marcha a campaña «Vivo na rúa Celso Emilio Ferreiro» en 28 localidades, distribuíndose nas caixas de correo nas vivendas situadas na rúa Celso Emilio Ferreiro deses núcleos poboacionais<sup>77</sup> unha publicación divulgativa da vida e obra do poeta que consistiu nun folleto de dezaseis páxinas con información detallada sobre o autor, presentada de maneira lúdica e orixinal –en formato de fotonovela– con contidos biográficos, información sobre os discos que recollen no mercado os seus poemas musicados, un catálogo das súas obras e mesmo unha proposta de pasatempos (labirinto, sopa de letras, encrucillado etc.) sobre algunha desa información. A denominación da campaña aludía ao sentido plurisignificativo do termo «vivo», isto é, coa noción de habitar mais tamén abrazando a idea de termos un Celso Emilio «vivo» e actuante no noso tempo.

Por outro lado, na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, entre os días 11 e 12, organízase un acto de homenaxe


---

<sup>77</sup> En Galicia estas son as localidades con rúas Celso Emilio Ferreiro: A Coruña, Ares, As Pontes de García Rodríguez, Cambre, Carballo, Cerceda, Culleredo, Ferrol, Oleiros, Oroso, Narón, Ribeira, Santiago de Compostela (A Coruña); Burela, Lugo, Monforte de Lemos, Monterroso, Sarria, O Saviñao, Viveiro (Lugo); Celanova, O Carballiño, Ourense, Ribadavia, Vilamartín de Valdeorras, Xinzo de Limia (Ourense) e Cambados, Cangas, Nigrán, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Ademais tamén existen en Alcobendas (Madrid), Zaragoza e Rubí (Cataluña), esta última co nome de Plaça del Poeta Celso Emilio Ferreiro. En Móstoles (Comunidade de Madrid) tamén un colexio bilingüe leva o seu nome: CEIP Celso Emilio Ferreiro.



a Celso Emilio con varios relatores e, un día despois, Celanova acolle outro evento musical e un recital poético en directo, ademais de diversas proxeccións audiovisuais. O acto celebrouse no Auditorio Municipal Ilduara de Celanova (AMIC), no marco do programa de actividades institucionais para celebrar o centenario do nacemento do poeta e contou coas actuacións musicais de María do Ceo, Luís Emilio Batallán e Davide Salvado, así como con recitais poéticos a cargo de Luís González Tosar e mais de escolares de Celanova. E o 16 de abril, o Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid organizou un recital poético en homenaxe ao poeta, no que participaron profesorado e alumnado da Universidade Complutense de Madrid.


O 25 de abril, a Federación de Asociacións Galegas de la República Argentina, na súa sede de Chacabuco 955 do barrio porteño de San Telmo, celebra un acto, no Salón Arturo Cuadrado, onde tras as palabras do titular da Federación, Francisco Lores, interviñeron Anxo Lorenzo como secretario xeral de Cultura, Luís G. Tosar, a cantante galega María do Ceo e ditouse unha conferencia ao meu cargo sobre Celso Emilio Ferreiro. Un día despois mantívose tamén un encontro no instituto educativo arxentino Santiago Apóstol no que se repasaron diversos aspectos arredor de Celso Emilio Ferreiro.



*Cartel do recital poético-musical celebrado na Universidade de Deusto (2012).*



*Monólito da Cruz da Maceira cun fragmento poético de Celso Emilio Ferreiro (Marín, 2012).*



Cuberta da revista Raigame  
(2012).

O 26 de abril Andrea Nunes, Lorena Souto e Mario Regueira participan na Universidade de Deusto cun recital poético-musical baixo o título «Recuperemos a esperanza. Celso Emilio Ferreiro en tres poetas actuais».

Por outro lado, no ciclo «Galicia, ceo das letras. Sábado de...», correspondeulle a quenda á figura de Celso Emilio Ferreiro cunha conferencia acompañada dunha intervención artística<sup>78</sup>. Ao tempo, na Biblioteca de Galicia, na mesma Cidade da Cultura, desenvolveuse unha actividade lúdica de lectura de poemas de Celso Emilio Ferreiro especialmente deseñada para o público infantil na que participaron María Lado e Borxa Ínsua, coa dinamización de Marta Ríos.

Tamén neste mes inaugúrase un monólito do Alto da Maceira, en Marín, que lembra as vítimas da represión nos anos da guerra civil no que están gravados estes coñecidos cinco versos do libro *Cimiterio privado*:

Pode o corpo ser vencido,  
pode o dereito ser torto,  
mais o lume que alampea,  
mais o lume que alampea  
xamais o veredes morto.

O mes de maio foi, talvez, un dos máis intensos en actividades, como adoita acontecer polo festexo do Día das Letras. Neste sentido comeza o mes coa publicación dun monográfico da revista *Raigame*, dedicado a Celso Emilio Ferreiro e Valentín Paz-Andrade, revista promovida polo

---

<sup>78</sup> Velaquí o programa: 12.00 | *Relatorio*: Ramón Nicolás Rodríguez 13.00 | Labregos do Tempo dos Sputniks (35'). Presenta: Luís Ferreiro.



Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo (Deputación Provincial de Ourense) con colaboracións de Luís Ferreiro, Francisco López-Barxas, Antonio Piñeiro, José Ángel García López ou Afonso Vázquez-Monxardín, entre outros.

Xa o luns 7 de maio, no Salón de Actos da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, a Liga Estudiantil Galega organiza un acto de homenaxe sobre o autor e a obra no que participan Manuel Forcadela e, a continuación, María Lado e Lucía Aldao, que realizaron unha actuación-recital poético.

O 16 de maio a Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Vigo acolleu un acto denominado A Resaca das Letras 2012, promovida por alumnado e profesorado do centro, que rendeu, ademais de a Valentín Paz-Andrade, un tributo á vida e obra de Celso Emilio Ferreiro en conmemoración do centenario do seu nacemento para o que se convidou a Xosé Manuel Beiras, Henrique Monteagudo e Xesús Alonso Montero, baixo a coordinación do profesor Benigno Fernández Salgado.

O 17 de maio foron multitude os actos que se organizaron, como dixeran, na súa honra. Destaco o que organizou a Sociedade Filatélica Miño de Ourense, que puxo en



*Cartel anunciador dun acto en recoñecemento dos 50 anos da publicación de Longa noite de pedra na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (2012).*

circulación un selo postal alusivo a Celso Emilio e que foi presentado na romaría «Raigame» celebrada aquel día en Vilanova dos Infantes, ou o I Encontro de Xubilados de Galicia, organizado pola UXT e a UPJP Galicia, que dispuxeron no programa de actividades unha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro.

O día 22 orgánizase, tamén en Celanova, unha xornada baixo o título de «Onde o mundo se chama Celso Emilio». Nela, alumnado dos colexios Curros Enríquez da Coruña e Celanova e tamén do Sagrado Corazón celanovés, participaron na elaboración dunha pintada nas lousas da Praza Maior de Ourense, co gallo da IV Xornada de convivencia dos centros Curros Enríquez de Galicia e onde case un cento de escolares –axudados por monitores especializados en Belas Artes– reproduciron o gravado que Pablo Picasso dedicara a Celso Emilio, o logotipo do Centenario, así como fragmentos do poema «O Reino» e interpretacións gráficas deste.



*Luís Ferreiro en Celanova.*

O 24 de maio, o Consello da Cultura Galega sumouse á celebración coa xornada «Xigantes ou Ananos? Ferreiro e o debate sobre a emigración na historia de Galicia», co propósito de afondar neste fenómeno a partir da publicación da *Viaxe ao país dos ananos*. Na xornada, ademais de quen isto escribe, que expuxo un relatorio sobre a biografía político-intelectual de Celso Emilio, interviñeron Raúl Soutelo, que se detivo na emigración galega a Venezuela en tempos de Celso Emilio, e Núñez Seixas, que abordou o debate sobre a emigración «corenta anos

despois», ao que se sucedeu unha mesa redonda, tamén sobre a emigración, na que tomaron a palabra Xosé Neira Vilas, Ildefonso de la Campa, Anxo Lugilde e María Xosé Porteiro.

ORGANIZA: Consello da Cultura Galega. Arquivo da Emigración Galega  
COORDINA: Xosé Manuel Núñez Seixas

Consello da Cultura Galega  
Plazo de Razo, 7 andar  
Praza do Obradoiro s/n  
15700 Santiago de Compostela  
T. 981 957 202 - Fax 981 957 205

Máis información e inscrición en [www.conselloda cultura.org](http://www.conselloda cultura.org)

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Celta cento anos 2012

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

**Xigantes ou ananos?  
Celso Emilio Ferreiro  
e o debate sobre a  
emigración galega**

DATA: xoves 24 de maio de 2012  
LUGAR: Consello da Cultura Galega

**PROGRAMA**

- 10:00 h. Inauguración
- 10:15 h. *Celso Emilio Ferreiro: unha biografía político-intelectual*  
RAMÓN NICOLÁS
- 11:15 h. *A inmigración galega en Venezuela en tempos de Celso Emilio*  
RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ
- 12:15 h. Pausa
- 12:45 h. *Revisando os ananos: a interpretación da emigración galega en Celso Emilio Ferreiro*  
XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS
- 17:00 h. *Ananos ou xigantes? A actualidade do debate sobre a emigración, 40 anos despois*  
Presenta e modera: RAMÓN VILLARES  
XOSÉ NEIRA VILAS  
ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ  
ANXO LUGILDE  
MARÍA XOSÉ PORTEIRO

**E**sta xornada, organizada co gallo da conmemoración do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979), ten como obxecto debater a actualidade das propostas críticas verbo do papel histórico e presente da emigración galega. Para iso reavaliárase, dende unha perspectiva actualizada, a discusión que provocara a aceda crítica ás colectividades de emigrantes galegos en Venezuela que continúa *Viaxe ao país dos ananos*, e tentarase traxer cales poderían ser os paralelismos e as leccións desa discusión no presente, despois de que nos últimos anos a cuestión da reforma do dereito a voto dos auses estivese na axenda política e volva estar de novo con vistas a unha segunda reforma.

No decurso da xornada abordárase a biografía político-intelectual de Celso Emilio Ferreiro de antes e despois da súa emigración a Venezuela; o contexto e os trazos principais da inmigración galega e da colectividade galega en Venezuela entre as décadas de 1940 e 1970; e mais a discusión transnacional, na propia Galicia e nas comunidades de emigrantes de América e Europa, que foi provocada polas acusacións de Celso Emilio, o que tamén se vencellaba coas propias ideas do poeta arredor do feito migratorio. Concluírase cunha mesa redonda en que se reflexionará sobre a actualidade ou non das propostas do celanovés e dos seus críticos, e tentarase un posíbel balanzo da relevancia que a emigración e mais as comunidades de emigrantes desempeñaron na historia e no presente de Galicia.

Xigantes ou ananos? Celso Emilio Ferreiro e o debate sobre a emigración galega

*Díptico informativo sobre a Xornada «Xigantes ou ananos? Celso Emilio Ferreiro e o debate sobre a emigración galega», organizada polo Consello da Cultura Galega.*





*Fotos dos actos institucionais celebrados en Celanova en xuño de 2012. Na parte superior: descuberta da placa na casa onde viviu Celso Emilio Ferreiro. De dereita á esquerda e de arriba a abaixo: Roberto Castro, Baltar, Feijoo, Luís Ferreiro e X. L. Méndez Ferrín; Antonio Mourinho, alcalde de Celanova. / Barros, Marila Abad, Neira Vilas e Pilar Gallego, da Sociedade Miño de Ourense; Miguel Santalices, Pilar Gallego, Marila Abad e Barros. / Salón de Actos do Auditorio Ilduara; Barros, Marila Abad, Amancio Prada, Darío X. Cabana, Pilar Gallego e Víctor F. Freixanes.*







**SESIÓN PLENARIA DA REAL ACADEMIA GALEGA**  
**CON MOTIVO DO**  
**I CENTENARIO DO NACEMENTO DE**  
**CELSO EMILIO FERREIRO**

Celanova, 9 de xuño de 2012



Autoretrato 1938

**XUNTA DE GALICIA**  
 PARLAMENTO DE GALICIA

**Antonio Mouriño Villar**  
 Alcalde do Concello de Celanova  
 Presidente da Fundación Curros Enríquez

*ten a pracer de convidalo ás actos que terán lugar o sábado, día 9 de xuño, a partir das 11,00 horas na rúa Curros Enríquez e no Auditorio Municipal Idhara de Celanova (AMIC) e que contarán coa presenza do Sr. Presidente da Xunta e do Sr. Presidente da Real Academia Galega, co fin de conmemorar o I Centenario do nacemento do poeta Celso Emilio Ferreiro.*

*Agardando poder contar coa súa presenza, reciba un cordial saúdo.*

Celanova, 29 de maio de 2012

**PROGRAMA**

**10.30:** Alborada a cargo da Banda de Música Municipal de Celanova

**11.00:** Recepción dos académicos, autoridades e participantes  
 Simbura do Presidente da Xunta e do Presidente da RAG no libro de honra do Concello  
 o Lugar: Salón de Sesións do Concello de Celanova

**11.30:** Descubrimento placa conmemorativa do Centenario na casa onde naceu o poeta  
 - Antonio Mouriño Villar (Alcalde de Celanova e Presidente da Fundación Curros Enríquez)  
 - Luís Ferreiro Lorenzo (Fillo de Celso Emilio Ferreiro)  
 - Xosé Luís Méndez Ferrín (Presidente da Real Academia Galega)  
 - Alberto Núñez Feijóo (Presidente da Xunta de Galicia)  
 o Lugar: Casa natal de Celso Emilio Ferreiro (Rúa Curros Enríquez)

**12.15:** Cortexo cívico pola rúa Celso Emilio Ferreiro ata o Auditorio Municipal Idhara


**12.30:** Sesión Plenaria Extraordinaria da Real Academia Galega  
 Intervención musical de Amancio Prada:  
 "Cairo berbermusa" (cantaración de Celso Emilio)  
 o Lugar: Auditorio Municipal

**Confirmacións:** 988 431481 - 988 45 11 76 ou fundacion@currosenriquez.es

*Convite da sesión plenaria da Real Academia Galega en Celanova o 9 de xuño de 2012.*



*Finalización do acto da descuberta da placa na casa natal de Celso Emilio.  
 De fronte, de esquerda a dereita: Anxo Lorenzo, Roberto Castro, Xosé Manuel Baltar,  
 Alberto N. Feijoo, Luís Ferreiro, Antonio Mouriño, Méndez Ferrín e Valentín García.*



*Díptico informativo do Curso Celso Emilio Ferreiro, celebrado en Noia.*

O día 25, no salón de actos da Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña, Alberte Suras impartiu unha conferencia baixo o título de «Aquela noite de pedra. A esperanza de Celso Emilio Ferreiro», e o 27 de maio Alonso Montero pronunciou unha alocución na Aula de Cultura do Liceo de Ourense, no comezo dunha nova edición do Ciclo de Conferencias «Visións de Galicia» que organizaba a Sección de Literatura do Liceo.

No mes de xuño celebrouse, concretamente o día 9, unha sesión extraordinaria da Real Academia Galega en Celanova. Segundo a crónica da web da Academia<sup>79</sup>, tras a recepción na Casa do Concello, autoridades como o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez

Feijoo; o presidente da Deputación de Ourense, Xosé Manuel Baltar Blanco; o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, alén do alcalde de Celanova, Antonio Mouriño, e diversos deputados e académicos dirixíronse até a casa natal do poeta, no número 25 da rúa Curros Enríquez ou *Callarriba*, como é popularmente coñecida. Tras as intervencións de Antonio Mouriño, Luís Ferreiro Loredó e Méndez Ferrín, que considerou o homenaxeado como «meu amigo, meu mestre, meu camarada», alén de constituírse nun «poeta xemelgo, ou paralelo, de Curros Enríquez», interveu Núñez Feijóo, quen afirmou, entre outras consideracións, que «Celso Emilio non calou, por iso nin a alegría, nin a luz, nin a esperanza se apagaron».

<sup>79</sup>[https://academia.gal/novas/-/asset\\_publisher/E4jf/content/plenario-extraordinario-da-rag-centrado-en-celso-emilio-ferreiro](https://academia.gal/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/plenario-extraordinario-da-rag-centrado-en-celso-emilio-ferreiro) [consultado o 17-4-2020].



A continuación foi no Auditorio Municipal Ilduara onde se desenvolveu a sesión plenaria extraordinaria da Academia. Abriu a sesión o presidente, para despois o secretario, Xosé Luís Axeitos, dar lectura á certificación do acordo que se tomou en sesión ordinaria do Pleno o 30 de marzo de 2012 para a celebración deste plenario extraordinario. Despois tocoulle a quenda a diversos académicos como Margarita Ledo Andión, quen defendeu un relatorio titulado «Celso: editor clandestino»; Darío Xohán Cabana reparou na influencia de Celso Emilio e Curros Enríquez na súa formación como poeta; e Francisco Fernández Rei detívose na análise da lingua de Celso Emilio. Para rematar, Salvador García-Bodaño analizou a complexidade vital e da obra do homenaxeado e concluíu cun poema elexíaco seu dedicado ao poeta baixo o título «Palabras para o seu retorno posible».

O presidente da Academia pechou o acto afirmando, entre outras cuestións, que «a literatura galega, grazas a Celso Emilio Ferreiro, ten unha historia distinta da literatura española. É autónoma» para dar paso ao cantautor berciano Amancio Prada, que interpretou diversos poemas musicados de Celso Emilio.

O 11 de xuño, Alonso Montero clausura un curso sobre Celso Emilio Ferreiro que se celebrou na Casa da Cultura de Noia, coordinado polo profesor Xavier Castro. Nesta ocasión o acto foi presentado por María Golán, profesora do instituto Virxe do Mar. E antes pasaron por aquel espazo Luís Ferreiro, Ramón Nicolás, Baldo Ramos, Luis Menéndez e A. Requeixo.



*Cartel anunciador do concerto homenaxe a Celso Emilio Ferreiro (Vigo).*



Cuberta de Galegos de Ourense  
(Deputación de Ourense, 2012).

No ámbito do recoñecemento do mundo docente salienta, pola súa relevancia, o que tivo lugar ao longo de dous días –mércores 20 e xoves 21 de xuño– na biblioteca do IES Celanova, baixo a organización desta biblioteca do centro e da coordinadora comarcal de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística Terra de Celanova e Baixa Limia, alén da colaboración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e da Fundación Celso Emilio Ferreiro. Unha serie de actos que se agruparon baixo a denominación *No centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro*<sup>80</sup>.

80 Velaquí o intenso programa de actividades que se celebraron eses dous días en forma de exposicións: *Celso Emilio Ferreiro. Letras Galegas 1989* (IES de Celanova), elaborada no I.B. Celso Emilio Ferreiro no curso escolar 1988-1989; *Descubrinto a Xocas* (CEIP Xaquín Lourenzo «Xocas»-Bande): un libro feito polo alumnado de Educación Infantil; *O foxo do lobo das Covateiras* (CEIP Xaquín Lourenzo «Xocas»-Bande); unha maqueta elaborada a partir do libro de Davide Pérez *Os foxos do lobo. A caza do lobo na cultura popular*; os *Moais do val do Limia* (IES Aquis Querquernis-Bande) e *Os ollos das palabras: unha exposición de obra gráfica de Baldo Ramos*. Celebráronse dúas presentacións: a da *Mostra bibliográfica Escritores da comarca Terra de Celanova-Baixa Limia* (IES de Celanova); e a do volume *Vieiros de palabra. Terra de Celanova-Baixa Limia en letras de autor*, que contiña textos orixinais de corenta e cinco autores vivos da comarca, editado pola librería Conde, de Celanova.

Non se esqueceu a faceta audiovisual con vídeo-poemas de diversa autoría nin tampouco recitais poéticos cun recital musicado dos poemas «Nai», «Soldado» e «Moraima», de Celso Emilio Ferreiro (IES de Celanova) e a interpretación musical dos poemas «Bande» e «María Soliña», de Celso Emilio Ferreiro (IES Aquis Querquernis-Bande). Por último, interviñeron Luís Ferreiro (que falou sobre Celso Emilio no contexto de había cen anos), Cesáreo S. Iglesias leu un manifesto elaborado pola AELG baixo o título de «Escritores da Terra. Terra de escritores» e logo léronse textos de autores da comarca da comarca de Terra de Celanova-Baixa Limia.

Asemade, o 26 de xuño articulouse na cidade de Vigo un concerto homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, no Teatro do Centro Cultural Novacaixagalicia. O evento congregou diversas propostas artísticas, dos ámbitos musical e poético, baseadas na obra do escritor, da man de voces novas da cultura galega. Así, contouse con actuacións de Ataque Escampe, El Puto Coke, Patricia Moon e Frans Banfield, Davide e Luís Emilio Batallán, que compartiron escenario con Inma López Silva, Rexina Vega ou Xesús Alonso Montero. No concerto, que foi presentado por Yolanda Castaño, tamén participou alumnado da Escola Superior de Arte Dramática e do IES Álvaro Cunqueiro de Vigo, así como a Coral de Beade.

Tres días despois, o 29 de xuño, a Fundación Novacaixagalicia de Lugo promove o ciclo Galicia Classics, co recital poético-musical «*Onde o mundo se chama Celanova. De Curros a Celso Emilio*», ideado con motivo da conmemoración en 2012 do centenario. No Centro Sociocultural Novacaixagalicia celebrouse o acto musical no que a Compañía Lírica Ofelia Nieto –coa soprano e actriz Patricia Morchón e o barítono e actor Antón de Santiago– e mais o Grupo Instrumental Cítola interpretaron composicións de autores galegos inspiradas nalgunhas das máis destacadas figuras da nosa literatura.

No mes de xullo a Universidade Internacional Menéndez Pelayo, en colaboración co Concello de Celanova e a Fundación Curros Enríquez, impartiu en Celanova un dos seus cursos de verán co título «Celso Emilio Ferreiro (1912-2012): Ética e poética», onde se abordou a ética vital do autor e a súa poética de signo social. O curso dirixiuno o catedrático de Teoría da Literatura na Universidade da Coruña, José María Paz Gago, e estivo enfocado a estudantes e investigadores da área das ciencias sociais e humanidades. Nel participaron Xesús Alonso Montero, quen isto escribe e Luís Ferreiro Loredó, Vicente Araguas, Luís García

Jambrina, Basilio Rodríguez Cañada, Manuel Bragado, Alfredo Conde, Ramón Pernas, Xosé A. Perozo, César A. Molina e Carlos G. Reigosa, ademais de incorporar un recital lírico a cargo de Antón de Santiago.

O 9 de xullo celébrase un acto conmemorativo na Casa de Galicia en Madrid, coa colaboración da Fundación Celso Emilio Ferreiro, destinado a favorecer a difusión da conmemoración do centenario do autor e promover, así, fóra de Galicia un maior coñecemento da súa obra e da súa singradura vital. Alén das intervencións institucionais, a cargo de José Ramón Ónega López, delegado-director da Casa de Galicia en Madrid, Miguel Pastrana de Almeida, membro da xunta directiva do Ateneo de Madrid, Luís Ferreiro Loredó, Álvaro Ballarín Valcárcel, concelleiro presidente do Distrito de Moncloa-Aravaca en Madrid e Xesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, tivo lugar un recitado de poemas de *Longa noite de pedra* onde interviñeron Carlos G. Reigosa,



*Monumento aos emigrantes en Celanova, que reproduce uns versos de Celso Emilio Ferreiro.*

Antón Reixa e Luís Ferreiro ou Carme Lamela entre outras persoas, alén da actuación musical de Amancio Prada. O 28 de xullo celebrouse, asemade, a IV Edición da Festa da Palabra dedicada a Celso Emilio, organizada pola Fundación Insua dos Poetas, promovida polo presidente do centro PEN-Galicia, Luís González Tosar, que contou cun acto literario e coa inauguración da escultura «Irmaus» de Manuel Penín na Insua dos Poetas (Esgueva-Madarnás, O Carballiño).

Un dos principais actos que reivindicaron a memoria de Celso

Emilio no mes de agosto foi o organizado pola Asociación Arraianos, concretamente o día o 31, onde se outorgou o nomeamento de Arraiano Universal a Celso Emilio Ferreiro e Arraiano Maior da Raia Seca a Xesús Alonso Montero pola longa e dilatada actividade a prol da difusión da obra de Celso Emilio, polo seu labor no eido da sociolingüística



*Presentación de Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro en Ferrol (23-4-2013). Fran Alonso, R. Nicolás e Luís Ferreiro.*

e tamén polos estudos feitos sobre escritores galegos. Todo isto enmarcado<sup>81</sup> na conmemoración do trixésimo terceiro cabodano de Celso Emilio Ferreiro. Uns días antes, concretamente o 10 de agosto, o Concello de Celanova xa lle rendera homenaxe aos seus emigrantes colocando un monumento no lugar onde moitos deles se despediron da vila para coller o barco en Vigo cun texto gravado de Celso Emilio que se corresponde a unhas estrofas do poema «Alma da terra». A obra foi unha doazón do mallorquino instalado en Ourense Leandro Sánchez, que o realizou como agradecemento á acollida que recibiu en Celanova cando veu residir a Ourense. A escultura foi cambiada do lugar orixinal ao ser substituída por outra no ano 2016.

No mes de setembro só puiden consignar dous actos. O primeiro celebrouse o día 28, ás oito da tarde, nun local hoxe desaparecido chamado JT Photogallery, na rúa Abeleira Menéndez 13 de Vigo, no cal

<sup>81</sup> Ademais destes actos, pola tarde celebrouse unha festa da fin de rodaxe do documental *Celso Emilio fai cen anos, unha biografía 100% CEF* do que falaremos máis adiante.



se presentou a biografía *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*. No acto participaron Luís Ferreiro, Isabel Ferreiro, Manuel Bragado, Abel Caballero e o autor. Ao remate das palabras, interviron Labregos do tempo dos Sputniks que cantaron poemas de Celso Emilio Ferreiro.

O outro evento celebrouse o venres 28 ás oito do serán na sede do Patronato da Cultura Galega de Montevideo, onde se organizou unha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro na que participou o alumnado do obradoiro de declamación que dirixía Maribel Calderón.

O mes de outubro inaugúrase en Marín, onde o día 9 se lle tributa un recoñecemento no Museo Manuel Torres, organizado polo Clube de Opinión Portocelo coa intervención do seu presidente, Antonio Carregal, e da profesora Ana Acuña, que presentou a quen isto escribe. Tamén o día 12 e no Centro Cultural Marcos Valcárcel presentouse unha carpeta de gravados a cargo de Xabier de Sousa, Isabel Somoza e Xosé Poldras, onde se recollen poemas de Méndez Ferrín, Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro.



*Presentación de Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro, no Liceo de Ourense (X. C. Domínguez Alberte, o autor do libro, Luís Ferreiro e Manuel Bragado).*


O día 16, na Casa dos Poetas, presentouse o documental *Celso Emilio Ferreiro* concibido por Baldomero Moreiras, e tres días despois, en Compostela, celébrase a VIII Xornada de Normalización Lingüística organizada polas Escolas Católicas de Galicia, onde tamén hai unha evocación a Celso Emilio mentres que, ao día seguinte, o Ateneo Ferrolán e mais a Asociación Cultural Fuco Buxán





*Cartelería de diversas presentacións e doutros actos.*

organizan un tributo na Galería Sargadelos de Ferrol. Este acto presentouno o actor Fernando Ocampo Montesinos e nel interviñeron Enrique Barrera Beitia, historiador, que falou sobre «O contexto político-social da época» e José Luís Forneiro Pérez, profesor de Filoloxía-Galego-Portuguesa da USC, cunha conferencia titulada «Vida e



*Antoloxía poética en ruso da poesía de Celso Emilio Ferreiro, en tradución e edición de Helena Zernova.*

obra de Celso Emilio». Por último o día 25 Manuel Bragado, Luís Ferreiro e Ramón Nicolás presentaron o libro *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* en Celanova e, ao día seguinte, no mesmo lugar, presentouse *Cartafol de Soños*, para o que se contou cos escritores Isaac Estravís, Ánxeles Pena e, o coordinador da publicación, Alberte Suras.

Nestas datas o Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo publica unha antoloxía de poemas, concretamente cincuenta e catro, vertidos do galego ao ruso e ao coidado da profesora Elena Zernova, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Celso Emilio Ferreiro.

Asemade, o 30 de novembro, a Fundación Curros coa Asociación de Amas de Casa Ilduara, organiza un percorrido baixo o título de «Roteiro cultural: homenaxe a Celso Emilio a través de Moraima», cuxo espírito era reparar na influencia que algunhas mulleres exerceron sobre os grandes escritores de Celanova (Celso Emilio Ferreiro, Manuel Curros Enríquez ou Castor Elices). A xornada comezou ás 5 da tarde na Casa dos Poetas e percorreu as rúas de Celanova pasando polo mosteiro, a Alameda ou a Taberna do Galo, entre outros.

Unha das iniciativas máis intensas e exitosas do Ano Celso Emilio foi a promovida pola Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) baixo o cancelo #recitandocelsoemilio que mobilizou, como nunca antes se fixera, a maior parte do alumnado do ensino público e privado de Galicia.

A iniciativa, feita visible o día 12 do mes 12 do 2012 ás 12 horas, deixou pouco alumnado en Galicia alleo a este recital galego multitudinario en honra á figura de Celso Emilio<sup>82</sup>, pois converteuse nun recitado

---

82 A proposta rezaba así: ao cumprirse o centenario do nacemento do poeta celanovés Celso Emilio Ferreiro, unha das voces fundamentais da literatura galega da segunda metade do século XX, desde a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) desexamos renderlle homenaxe pública cunha acción de carácter colectivo que simbolice toda a forza e enerxía que transmite a súa palabra, símbolo permanente de valores de solidariedade e xustiza universais, pero tamén de compromiso cívico coa cultura e lingua de Galicia.

RecitandoCelsoemilio

1. A quen se dirixe?

En primeiro lugar, a todos os centros educativos da comunidade educativa galega, en todos os niveis de ensino non universitario, desde Educación Infantil ata Bacharelato. Tamén poden sumarse a esta iniciativa asociacións de nais e pais, clubs de lectura, bibliotecas escolares e municipais, asociacións veciñais... e calquera persoa ou entidade interesada en participar nun acto festivo en torno á figura de Celso Emilio Ferreiro.

2. En que consiste?

A actividade consta de dúas accións simultáneas e complementarias: un acto colectivo de recitado público do poema «Deitado fronte ao mar» de Celso Emilio Ferreiro, publicado inicialmente no libro *Longa noite de pedra* (1962). Un envío masivo a través das redes sociais do lema *recitandocelsoemilio*, acompañado do texto do poema «Deitado fronte ao mar».

3. Cal é o lema da convocatoria?

O lema común vai ser *recitandocelsoemilio*; durante o tempo de celebración da actividade de recitado este lema debe figurar en lugar ben visible encabezando o acto, mediante o soporte físico que se estime máis oportuno.

4. Cando se celebra?

Moi doado: o mércores día 12 de decembro de 2012, ás 12.00 horas; a celebración do recitado deberá axustarse en todos os centros de ensino á data e hora oficial desta convocatoria, así como a difusión do lema central a través da rede.

5. Onde se celebra?

Dentro dos centros educativos, recoméndase a celebración conxunta de toda a comunidade escolar en espazos como salóns de actos, bibliotecas, patios de recreo, instalacións deportivas... Se existise colaboración de entidades como concellos, asociacións

---

culturais ou de veciños, recoméndase que o recitado colectivo se celebre en lugares públicos fóra do centro que poidan ter un valor simbólico para a comunidade.

#### 6. Como se participa?

Todos os centros educativos ou entidades colaboradoras que desexen participar en recitando Celso Emilio de Vilhena deberán enviar un correo electrónico de confirmación á CGENDL, indicando nome do centro, persoa coordinadora da actividade e número previsto de participantes. O prazo límite de inscrición remata o luns 10 de decembro. Unha vez celebrado o acto, deberá ser acreditado ante a CGENDL mediante rexistro fotográfico ou audiovisual do mesmo; as imaxes ou gravacións que dean conta do recitado serán enviadas á páxina web da CGENDL, especificando datos concretos do centro educativo e do número de persoas participantes no mesmo.

#### 7. Cal é o seu obxectivo?

O obxectivo central é manter viva a memoria dun dos grandes poetas galegos do século XX a través da posta en valor dun dos seus poemas máis emblemáticos; así mesmo, desexamos manifestar, dun modo lúdico e masivo, o noso compromiso cívico cara á lingua galega, porque si, porque nos peta.

#### 8. Quen a coordina?

O equipo de normalización e dinamización lingüística de cada centro educativo; por defecto, calquera membro do equipo directivo ou do claustro dun centro que asuma o cumprimento correcto da actividade, baixo as condicións especificadas nos puntos anteriores.

#### 9. Como se pode enriquecer esta actividade?

Aínda que o acto central de recitando Celso Emilio de Vilhena consiste na acción de recitado físico prevista para o día 12 do mes 12 do ano 2012, durante as semanas previas á actividade cada centro educativo ten a potestade de enriquecer e contextualizar o acto con aqueles recursos didácticos e lúdicos que estime máis oportunos. Suxerimos accións como: elaboracións de temas musicais a partir do texto do poema, elaboración de murais, collages e pancartas xigantes gravación e difusión de vídeos inspirados na temática do poema utilización de espazos virtuais para difundir a obra de Celso Emilio Ferreiro e calquera outra acción de carácter creativo que contribúa a incrementar a participación en recitando Celso Emilio, ben no propio centro, ben no contorno escolar.

#### 10. En definitiva...

Se tedes interese en vos sumar a esta iniciativa, promovida pola CGENDL, agradeceremos que vos apuntedes o antes posible e que a difundades por todos os medios ao

que abrangueu uns 30 000 alumnos e alumnas duns douscentos centros educativos de toda Galicia e gozou, ao tempo, dunha destacada orientación como acto reivindicativo en defensa do idioma galego pois recitouse, á vez, o emblemático poema «Deitado fronte ao mar», alén de que multitude de centro escolares levaban xa tempo elaborando vídeos, *performances*, murais e outros materiais ao redor deste poema do escritor de Celanova.

Un dos éxitos da iniciativa recaeu, ao meu ver, no esforzo realizado polos seus organizadores de xeito que xa circulara previamente moita información nas redes sociais baixo o lema #recitandocelsoemilio, acompañado do texto do devandito poema, así como dunha fervenza de lemas a prol do uso e a promoción do idioma. No ámbito docente foi onde gozou dunha maior transcendencia, mais ao se tratar dunha convocatoria aberta tamén gozou dun eco significativo noutras entidades e colectivos, como concellos, asociacións culturais, bibliotecas e clubs de lectura. Na rede circulan aínda hoxe, como testemuños, abondosos exemplos destas intervencións e actos amentados.

E xustamente ese mesmo día, o 12 do 12, no restaurante Rúa, da Rúa de San Pedro, de Santiago de Compostela, ten un lugar un acto para visionar o documental *CEF 100%*, coa presenza de Aser Álvarez, director, e quen isto escribe, ao que logo se sumou un recital de Xiana Arias, Xabier Xil Xardón e Luz Fandiño coa actuación de Leo i Arremecághona. Este documental, interpretado por Luís Tosar no papel de Celso Emilio, repasa a vida do autor, articulando un percorrido por Asturias, Celanova, Madrid, Vigo, Pontevedra e Venezuela, onde se gravaron entrevistas cos

---

voso alcance, para que esta información chegue axiña a todos os claustros escolares, asociacións de nais e pais, bibliotecas e clubs de lectura de Galicia.

A que estades esperando? Unídevos xa a RecitandoCelsoemilio!

COA VOSA AXUDA PODEMOS CELEBRAR UNHA GRAN FESTA COLECTIVA!



## Lembrando a Celso Emilio Ferreiro



**Interveñen:** Ramón Nicolás  
e Aser Álvarez

**Recitan:** Xiana  
Arias, Xabi Xil, Luz  
Fandiño

**Actúa:** O Leo i  
Arremecághona

**12-12-2012**  
**ás 20.30h**

**Restaurante**  
**RÚA**  
R/ San Pedro, 24

*Cartel da presentación do documental  
CEF 100%, de Aser Álvarez.*

fillos do autor, cos seus biógrafos e o presidente da Real Academia Galega, Xosé Luis Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas ou Suso de Toro, entre outros. Ademais os poemas de Celso Emilio aparecen interpretados por artistas como Luís Emilio Batallán ou Xiana e Xosé Lastra. *100% CEF* emitiuse pola TVG e pódese ver hoxe na sección de Televisión á carta do web da Compañía Radio e Televisión de Galicia. O documental acadou galardóns en diferentes certames, como o Premio de Xornalismo Xosé Aurelio Carracedo ou o Mestre Mateo ao mellor documental.


Un día despois, o 13 de decembro, na localidade madrileña de Arganda del Rey, iniciouse a cuarta tempada do ciclo de

divulgación literaria «Poesía de Oídas». Como velada de inauguración renden tributo á memoria do combinando dinámicas propias do recital poético con estratexias de «radio-teatro». O día 18 en Canido, Ferrol, celebrouse tamén un recital poético-musical na rúa Celso Emilio Ferreiro.


Tamén a revista oral do Museo Provincial de Lugo, *O Pazo das Musas*, pechou o día 27 o ano co número 31 dedicado a Leiras Pulpeiro e Celso Emilio Ferreiro, pois tamén do primeiro se celebraba o centenario do seu falecemento. Interviñeron no acto, entre outros, Paco Nieto e Tania Lombao, que faláron do proxecto «O son da nosa fala», ou Pilocho, que musicou poemas dos dous autores; no acto participou tamén alumnado do IES Leiras Pulpeiro. Ese mesmo día, a Fundación Tilve organizou na cidade de Ourense a presentación do libro *Celso Emilio Ferreiro* no Salón de Actos da 1ª Planta de UXT-Ourense (praza de San Lázaro, nº 12,



Ourense), para o que se contou coa intervención do secretario xeral de UGT-Ourense, José Luís Fernández Celis; do presidente da Fundación Luís Tilve, Xesús Mosquera; do director da Fundación Celso Emilio Ferreiro, Luís Ferreiro e do secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez Gómez.



A política e a organización exterior da UPG (1964-1986), de Luís Gonçalves Blasco «Foz» (2012).



Celso Emilio Ferreiro, Fundación Luís Tilve (2012).

# Publicacións e outros eventos salientables

---

Comento brevemente algunhas das publicacións que entendo máis salientables entre as que viron a luz no ano 2012<sup>83</sup>. Comezo por *Cartafol de soños. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no seu centenario*, un proxecto coordinado por Alberte Suras que contou coa participación de Isaac Alonso Estravís, Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo, Carmen Blanco, Vicente Araguas, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo Andión, Lois Diéguez, Xesús Rábade Paredes, Ánxeles Penas, Claudio Rodríguez Fer, Luz Pozo Garza e ilustracións de Felipe Senén. Presentouse o 20 de decembro no local de Portas Ártabras da Coruña nun acto organizado pola Asociación Alexandre Bóveda e Portas Ártabras coa actuación musical de Miro Casabella. Alberte Suras será o responsable tamén de

---

83 Incluiría aquí parte do libro de Luís Gonçalves Blasco, «Foz», *A política e a organización exterior da UPG (1964-1986)*, Laivento, Santiago, 2012, dedicada en boa parte a Celso Emilio Ferreiro, e o interesante artigo de Manuel López Foxo, «O último Celso Emilio», *Terra e Tempo*, 22-8-2012, onde sinala: «Por outra parte, seguramente Celso Emilio foi un home de conviccións políticas moi fondas, pero moi simples: a defensa de Galiza, da liberdade e da xustiza social. De calquera xeito creo que debemos valorar que a pesar da súa relación co PCE a comezos dos anos sesenta e a pesar de ser chamado a París con Alexandre Crieiro e Fernando Alonso Amat para participar en diversas reunións con Enrique Líster e Santiago Álvarez co fin de abordar a posibilidade dun futuro PCG, ao final Celso Emilio decántase por participar na fundación da UPG en xullo de 1964 e por militar no nacionalismo galego unha etapa moi importante da súa vida, dedicando a este compromiso partidario soños e esforzos persoais e asumindo riscos que non todos naquel tempo e na clandestinidade estaban dispostos a asumir. É un acto de xustiza con Celso Emilio recoñecer esa súa entrega ao nacionalismo galego.» Igualmente ese mesmo ano Ramón Nicolás subscribe a biografía *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (Xerais) e o estudo biográfico-literario «Celso Emilio Ferreiro, o poeta de *Longa noite de pedras*», en VV.AA., *Galegos de Ourense*, Deputación de Ourense.


ditar unha conferencia sobre Celso Emilio no IES Fernando Wirtz o 19 de decembro e de alentar un maratón radiofónico na radio do centro docente baixo o título de «Mil versos para Celso Emilio».

Outra das publicacións salientables no ámbito da difusión da obra e mais da música foi *O meu primeiro Celso Emilio*, un proxecto editado por Xerais que, baixo a dirección de Xiana e Xosé Lastra levou a moitos lugares de Galicia<sup>84</sup> a voz poética, musicada, de Celso Emilio Ferreiro. A publicación contaba cun cedé con interpretacións a cargo da propia Xiana, María Manuela, Mini e Mero, acompañados do piano de Nani García, o contrabaixo de Simón García, a guitarra de Xurxo Varela, o violín de Nuria Lestegás, o acordeón de Roberto Grandal, o baixo de Manuel e a percusión de Pepe.

Non se debe esquecer neste memorial a publicación da tradución ao inglés de *Longa noite de pedra*, no marco da colección Small Stations Press, baixo título de *Long Night of Stone* en edición bilingüe galego-ínglés a cargo de Jack Hill, nesa serie dirixida por Jonathan Dunne na que viron a luz en inglés diversas obras relevantes da nosa literatura. Nesta ocasión, *Long Night of Stone* púxose en circulación cunha tiraxe de 1200 exemplares e foi presentada en Centros de Estudos Galegos de diferentes universidades do Reino Unido e tamén en Compostela, o 18 de xuño, a cargo do secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo,



Cartel do concerto de *O meu primeiro Celso Emilio* no teatro Colón da Coruña.



Cuberta de *Long Night of Stone*, *Small Stations Press*, 2012.

84 A Coruña, no Teatro Colón, Teo e outros moitos lugares de Galicia.



*Cuberta de O meu primeiro Celso Emilio, Xerais (2012).*



*Cuberta de Homenaxe a Celso Emilio no seu centenario (2012).*



*Cuberta de Dun tempo e dunha terra, antoloxía poética de Celso Emilio a cargo de Gonzalo Navaza (2012).*

do codirector da editorial, Jonathan Dunne e do director da Fundación Celso Emilio Ferreiro, Luís Ferreiro, nun acto celebrado na biblioteca do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

Cómpre falar tamén de dúas importantes antoloxías publicadas neste tempo como foron *Dun tempo e dunha terra* (*Antoloxía poética galega*) publicada por Tambre-Edelvives a cargo de Gonzalo Navaza, presentada tamén na Feira do Libro de Vigo, e o libro *Celso Emilio Ferreiro* xa amentado, publicado pola Fundación Luís Tilve. Ambos os dous procuraban, como é lóxico, contribuír na achega e difusión da figura de Celso Emilio e da súa obra: o primeiro ao mundo da docencia e o segundo ao mundo do traballo. Este segundo volume citado conta tamén cunha breve biografía realizada polo seu fillo Luís Ferreiro, documentos anexos que mostran a súa relación co mundo político e

sindical, así como algún testemuño particular.

Tras concluír o ano seguen vendo a luz os artigos<sup>85</sup>, concertos, celebracións e homenaxes, como se realmente aínda se vivise o ano do centenario. Algúns deles son, por exemplo, o que tivo lugar o día 5 de febreiro na Fundación Eugenio Granell: un recital poético sobre Celso Emilio Ferreiro que levaron a cabo as persoas que integraban o Grupo de Teatro da Asociación Cultural para o Desenvolvemento sen Fronteiras: dez actrices maiores de 60 anos, baixo a dirección de María Montaña, que recitaron unha escolla de poemas. Un grupo que xa contaba no seu historial con múltiples recitais de poetas tanto en lingua galega como en castelán, así como lecturas dramatizadas de diversos autores coma Valle-Inclán, Unamuno e o propio Eugenio Granell.

O 15 de febreiro interviñeron Xesús Alonso Montero e o actor vigués Julián Rodríguez na sala de conferencias do Auditorio Municipal de Vilagarcía para homenaxear a Celso Emilio Ferreiro con motivo do centenario do seu nacemento nun acto organizado por Esquerda Unida e o Partido Comunista de Galicia. O primeiro día de febreiro a Agrupación de Estudios Gallegos do Ateneo de Madrid convocou a Xesús Alonso Montero, a X. L. Méndez Ferrín e a Carmen Mejía para dialogar sobre o poeta e, un mes despois, o 9 de marzo de 2013, na capela do Centro Cultural Torrente Ballester, onde se estreou *Cabaret Ferreiro*: un espectáculo do Grupo de Teatro da Sociedade Cultural Medulio,



*Cartel anunciador do espectáculo  
Cabaret Ferreiro.*

85 Nicolás, R. «Voz de un tiempo y una tierra a los cien años de su nacimiento» en *ÁLABE, Revista de la Red de Universidades Lectoras*. N° 6, decembro, 2012.



fundamentado en poemas de Celso Emilio Ferreiro baixo a dirección de Francisco Rodríguez e inspirado en once poemas daquel.

Tamén proseguen as actividades da Fundación Celso Emilio Ferreiro que, a 7 de marzo, realiza un intercambio documental coa Fundación Camilo José Cela de cara a facilitar a estudosos e investigadores o acceso ao fondo documental conxunto que se conserva en ambas as dúas fundacións.

Un evento de relevancia foi o que se desenvolveu o 11 de marzo, aínda ao fío dos actos do centenario, organizado conxuntamente polo Ateneo de Madrid, a Cátedra de Estudos Gallegos do Ateneo de Madrid e o Centro de Estudos Galegos da UMC. Baixo a denominación de «Celso Emilio Ferreiro fundador da Aula de Cultura Galega do Ateneo (1974)» articulouse un encontro no que participaron Aser Álvarez, Ramón Pernas e Xesús Alonso Montero, alén de ofrecerse un recital poético a cargo de

Vicente Araugas, Manuel Pereira, Luz Pichel, Begoña Regueiro, María Curros, Javier Rivero e María Sokolova, cunha intervención musical a cargo de Patricia Illera e Borja Mariño. O acto presentárono Carmen Novoa, Carmen Mejía e Miguel Losada e foi coordinado por Ricardo Pichel.

Neste ronsel imparabile de eventos que protagoniza, aínda, o recoñecemento á figura de Celso Emilio, o 11 de abril ten lugar, na Biblioteca do IES de Celanova, un acto multidisciplinar no que se presenta unha edición facsimilar da publicación que a Fundación levara a cabo e que recollía o tributo que os presos de Celanova lle fixeron a Leopolda Ferreiro, irmá de Celso Emilio, coa presenza doutras persoas



*Cuberta da publicación facsimilar  
A Leopolda Ferreiro los presos de  
Celanova (Fundación Celso Emilio  
Ferreiro, 2013):*



como foron Luís Ferreiro, X.C. Domínguez Alberte, Baldo Ramos, Xosé Manuel Cid etc. O acto organizouno a Fundación Celso Emilio Ferreiro coa colaboración da biblioteca do IES de Celanova e a coordinadora comarcal ENDL Terra de Celanova – Baixa Limia<sup>86</sup>.

A edición facsimilar amentada que se presentou en Celanova –*Á Leopolda Ferreiro los presos de Celanova*– trátase dunha publicación custeada pola propia Fundación Celso Emilio e que estaba custodiada no arquivo familiar. Luís Ferreiro definiuna, con acerto, como «un fardel aventureiro que sobreviviu a cambios de domicilio, arquivos, viaxes e tamén guerras, que pretende ser unha homenaxe aos homes vítimas daquela ditadura e tamén ao labor das mulleres bravas galegas» como foi Leopolda Ferreiro Míguez, a quen 544 presos que estiveron en Celanova lle dedicaron este documento pola súa axuda e xenerosidade. Ao meu ver, este resultou



Cartel anunciador dun acto celebrado en memoria de Celso Emilio Ferreiro no IES de Celanova (11-4-2013).

86 Velaquí o ambicioso programa: «Olladas dos homes que ao lonxe espreitan» por Xoán Carlos Domínguez Alberte (profesor e escritor); «A edición de *L.F.*» por Luís Ferreiro Loredo (membro da Fundación Celso Emilio Ferreiro); «Ideas coas que non puideron acabar», por Xosé Manuel Cid Fernández (profesor, especialista no maxisterio da Segunda República); «Poemas musicados de Celso Emilio Ferreiro»: voz, Teresa Elvira López Martínez (alumna da ESO do IES Aquis Querquernis – Bande) e piano a cargo de Irma Fernández (profesora de música do IES de Celanova); «Recitado de textos de Celso Emilio Ferreiro» polo alumnado do IES de Celanova; presentación do logotipo do IES Celanova Celso Emilio Ferreiro, elaborado polo poeta e pintor celanovés Baldo Ramos; *Letras da Baixa Limia*: presentación do audiovisual elaborado por alumnado de bacharelato do IES Aquis Querquernis (Bande) sobre o patrimonio literario da Baixa Limia.

un punto de inflexión da propia Fundación no sentido de procurar novas vías de actuación que transitasen, nunha parte, pola publicación de textos especiais, regularmente en coidadas edicións facsímiles e de carácter non venal. Neste caso, a publicación editouse con sinxeleza, a xeito de cartafol, cun sinxelo «LF.» cruzado na súa cuberta.

A publicación deixa en mans de quen lle interese un documento que non dubido en valorar como conmovedor e que afonda na transformación do mosteiro de San Salvador de Celanova nun cárcere para presos políticos desde o ano 1936, polo que se converteu nun espazo que testemuña as funestas consecuencias da guerra civil en Galicia. Un capítulo menos divulgado deste feito histórico, mais perfectamente testemuñado, xira arredor dun xesto que evidenciaba, no fondo, o desacordo con aquela realidade que impuxo o novo tempo. Naquelas duras e miserentas circunstancias un grupo de mulleres emprestaron axuda e colaboración, ao longo de moitos anos, aos presos do mosteiro en forma de papel, roupa, tabaco ou alimentos, no que calquera aceno solidario era considerado un acto de amor; axuda que tamén era probablemente anímica, tan precisa para resistir como o propio respirar.

É neste contexto onde se perfila a presenza continua dunha muller, Leopolda Ferreiro, que pon por diante o valor da solidariedade e interpreta a axuda persoal aos presos como unha necesidade vital, algo que lle agradeceu sempre o seu irmán Celso Emilio, naqueles anos en Asturias e subordinado dun tenente a quen o une tanto a amizade como a literatura. Un tenente do exército franquista que, precisamente, ten un irmán republicano ingresado no mosteiro como preso político: José Benito G. Buylla. A este último, mais tamén aos outros compañeiros, Leopolda dispensará durante anos unha continua atención, sendo fácil de conxectar que se consideraba a presenza de Leopolda un tanto molesta para as autoridades do momento. Este esforzo cotián verase

recompensado cun documento que entendo como único ou, cando menos, ben raro: os presos agasallan a Leopolda un volume de carácter artesanal, feito por eles mesmos, con ilustracións de Juan Nin e textos manuscritos de Acacio Bericua. O libro é sinxelo, como é natural comprender, mais revela na primeira páxina o sentimento de gratitude cara a Leopolda Ferreiro cunha cita bíblica que cómpre contextualizar á luz daquela situación. A continuación, engádese un soneto de Juan Manuel Vega Pico e o cartafol conclúe con outro poema de José Benito G. Buylla; polo medio as sinaturas de 554 presos políticos que falan por si mesmas. E aí onde se centra a inequívoca carga emotiva deste material: persoas privadas de liberdade por acreditar nun ideal, algúns deles sen identificar aínda, como se recolle nun apéndice da publicación. O limiar anónimo da edición afirma que o seu obxectivo foi «rescatar os nomes e apelidos non identificados» coa confianza de tiralos do limbo do esquezo. Este «fardel aventureiro» ha contribuír a isto, pero é tamén un conmovedor testemuño dos exercicios da solidariedade e da gratitude.

Seguindo co fío dos recoñecementos tributados á memoria de Celso Emilio, o 7 de maio o Centro de Estudos Galegos da Universidade de Padova, a convite da universidade de ‘La Sapienza’ de Roma, ofrece unha conferencia arredor de Celso Emilio Ferreiro a cargo do director do Departamento de Estudos Lingüísticos e Literarios, Giovanni Borriero, baixo o título de «Consideracións

## Celso Emilio Ferreiro

### Un poeta galego en Venezuela



**Mesa redonda:**  
[Alonso Montero](#), presidente da Real Academia Galega  
[Luis Ferreiro](#), Director da Fundación Celso Emilio Ferreiro  
[Xosé María Álvarez Caccamo](#), poeta  
 Poemas de Celso Emilio Ferreiro, recitados por [Carmeliña García](#)

**Presenta:**  
[Gustavo Luca de Tena](#)

**Lugar:** Casa do Libro, Rúa Velázquez Moreno 27. Vigo

**Hora:** 19,30

**Data:** 22 de xaneiro 2014

**Organiza:**  Asociación Galego-Bolivariana  
[Hugo Chávez](#)



*Acto en homenaxe a Celso Emilio Ferreiro organizado en Vigo pola Asociación Galego-Bolivariana Hugo Chávez (22-1-2014).*

sobre a tradución de *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro». Ao día seguinte participaría Gemma Álvarez Maneiro co relatorio «Día das Letras Galegas. Orixe, percorrido histórico e actualidade», que engloba todas as figuras homenaxeadas, entre elas a de Celso Emilio. Aínda a véspera do Día das Letras, o 16 de maio, o CPI A Picota de Mazaricos acolle unha xornada cultural e festiva en honra de Celso Emilio baixo a coordinación do profesor Iago Castro Buerger, onde alumnado e profesorado recitaron poemas, escenificaron outros e musicaron composicións de Celso Emilio. Ao tempo bautizouse unha aula co nome de Celso Emilio Ferreiro e ao acto acudiron tamén Luís Ferreiro, o músico Serxio García e quen isto escribe nunha xornada inesquecible.

De camiño xa cara ao 2019, ano do seu corenta cabodano, cómpre finalmente destacar algúns actos como foron, por exemplo, o celebrado o 22 de xaneiro de 2014 na Casa do Libro de Vigo e organizado pola Asociación Galego-Bolivariana Hugo Chávez co título «Celso Emilio Ferreiro. Un poeta galego en Venezuela», coa intervención de Alonso Montero, Luís Ferreiro, Xosé María Álvarez Cáccamo e poemas recitados por Carmeliña García. Ese mesmo ano, o concello de Celanova, xunto coa Fundación Curros Enríquez e co apoio da Consellería de Emigración, pon en marcha a iniciativa de dar a coñecer un conxunto de vinte paneis explicativos baixo o título de «Celso Emilio Ferreiro. *Onde o mundo se chama Celanova*». O 15 de febreiro a Associação Porta XIII de Vilanova de Cerveira (Portugal), organizou unha homenaxe a Celso Emilio coa presentación do documental *100% CEF* por parte do seu director, Aser Álvarez e coa intervención do Trío de Saxofonistas da Escola de Música do Rosal. Por último, o 31 de marzo a compañía de teatro Chévere estrea a súa nova montaxe: *Viaxe ao país dos ananos*, coa que celebraron os vinte anos das Ultranoites e coa que percorreron, dende o humor e a sátira, a historia de Galicia das últimas décadas.



Disco Galicia canta, reedición realizada pola Fundación Celso Emilio Ferreiro (2014).

En decembro de 2014 a Fundación Celso Emilio fai pública unha nova iniciativa como foi a reedición do LP *Galicia Canta*, que vira a luz inicialmente en Caracas no ano 1970 e que se considera o primeiro LP editado en galego. A gravación fora, no seu tempo, unha iniciativa de Celso Emilio, Xulio Formoso e Ignacio Sesto, apoiada por un grupo de intelectuais na emigración venezolana. Contén, tamén, un texto introdutorio a cargo do poeta<sup>87</sup>.

87 Os temas que inclúe son: no lado A, «Romance incompleto». Xavier/C.E. Ferreiro; «No Vietnam». Benedicto/Lois Diéguez; «O Umbral». X.Moscoso/X. Les; «Ti Galicia». Miro; «Vento de inxusticia». Guillermo; «A Emigración». X. Rubia/M. Carrros Enríquez e, no lado B, «A Historia do meu Pogo». J. Ignacio Sesto/Xulio Formoso; «Un vento ven». J. Ignacio Sesto/Xulio Formoso; «Cholo Perúán». Farruco Sesto/Xulio Formoso; «Pandeirada ao Ché». Farruco Sesto/Xulio Formoso; «Pola longa lonxanía». C.E. Ferreiro/Xulio Formoso e «O dedo na chaga». C.E. Ferreiro/Xulio Formoso.



MIS ENCUENTROS CON GENIOS DE LAS LETRAS  
**Celso Emilio Ferreiro, galleguista y poeta**

**C**elso Emilio Ferreiro é un autor que se escribiu en galego e en castelán. O seu traballo literario é moi rico e diverso. É un poeta, un narrador e un ensaísta. O seu traballo literario é moi rico e diverso. É un poeta, un narrador e un ensaísta. O seu traballo literario é moi rico e diverso. É un poeta, un narrador e un ensaísta.

En maio dese ano, o profesor Antón García Fernández intervén en dous Congresos nos EUA, nos cales presentou senllos traballos sobre Celso Emilio. O primeiro relatorio defendeu a cidade costeira de Savannah, no estado de Xeorxia, nun encontro chamado a *Southeastern Coastal Conference on Languages and Literatures* centrándose na representación da violencia n'*A fronteira infinda* (1972), e sobre o papel que esta ten na idea de emigración que Celso Emilio reflicte na súa colección de contos. O segundo destes congresos celebrouse en Lexington, no estado de Kentucky, concretamente na chamada *Kentucky Foreign Language Conference*, unha das máis importantes do país no que á lingua e á literatura estranxeiras se refire, onde o profesor García Fernández ofreceu un relatorio sobre o autoexilio e a idea de emigración que o autor vertebra en *Viaxe ao país dos ananos*.



*Artigo de Ramón Chao, publicado en decembro de 2015 en Le Monde Diplomatique.*

En maio dese ano, o profesor Antón García Fernández intervén en dous Congresos nos EUA, nos cales presentou senllos traballos sobre Celso Emilio. O primeiro relatorio defendeu a cidade costeira de Savannah, no estado de Xeorxia, nun encontro chamado a *Southeastern Coastal Conference on Languages and Literatures* centrándose na representación da violencia n'*A fronteira infinda* (1972), e sobre o papel que esta ten na idea de emigración que Celso Emilio reflicte na súa colección de contos. O segundo destes congresos celebrouse en Lexington, no estado de Kentucky, concretamente na chamada *Kentucky Foreign Language Conference*, unha das máis importantes do país no que á lingua e á literatura estranxeiras se refire, onde o profesor

García Fernández ofreceu un relatorio sobre o autoexilio e a idea de emigración que o autor vertebra en *Viaxe ao país dos ananos*.

Xa no ano 2015 cómpre evocar un artigo de Ramón Chao na edición en castelán de *Le Monde Diplomatique* baixo o título de «Celso Emilio Ferreiro, galleguista y poeta» e, ao ano seguinte, comezou a circular a convocatoria da primeira edición do Premio Celso Emilio Ferreiro de poemas musicados, organizado pola Fundación do mesmo nome. O galardón, pioneiro no seu xénero e concepción, pretende divulgar a poesía do autor de Celanova a través das interpretacións musicais que se fixeron, fan ou farán da súa obra poética e que, ademais, conta cun premio consistente en 3.000 € e unha peza de bronce coas ferramentas propias do apelido Ferreiro, obra da artista Alicia Ribas. A convocatoria do premio entende que a expresión musical desenvolve unha función

clave no fomento e difusión da expresión poética en xeral e, nomeadamente, na divulgación do legado poético de Celso Emilio Ferreiro.

O premio desta primeira edición recaeu no grupo Licalaterna, integrado por Andrea Souto e Óscar Iglesias, pola súa peza «Mensaxe dende o silencio», un poema incluído n' *O soño sulagado*. O galardón entregouse o sábado 3 de decembro no Espazo Foro do Cultural da cidade de Pontevedra e, ao se tratar dun premio bianual, no ano 2018 convocouse a segunda edición, cuxo veredicto premiou o grupo Son Trío (Katerina Linke, Su Garrido Pombo, Susanna Blanco) pola musicación do poema «Un día», que pertence ao libro *Viaxe o País dos Ananos*.

En maio de 2016 ía celebrarse un acto na cidade de Ourense celebrando os cincuenta anos da despedida de Celso Emilio Ferreiro e o comezo do seu periplo venezolano. Unha serie de problemas de última hora malograron o proxecto –mesmo se dispuña xa dunha publicación case a piques de ir ao prelo– pero quedaron algunhas pegadas da efeméride nalgúns artigos en prensa e medios dixitais<sup>88</sup>.




*Cartel anunciador do espectáculo  
Ten medo do crepúsculo,  
de Casa Hamlet.*

88 Cilia Torna, «Cando Castrelo de Miño protestou na voz de Celso Emilio», *Sermos Galiza*, 15-5-2016; Bragado, Manuel, «Onte 1674: Cincuentenario do Xantar de Ourense» [Brétemas, consultado o 18-4-2020]; Nicolás, Ramón, «O adeus de Celso Emilio Ferreiro: cincuenta anos do Banquete de Ourense» [Caderno da Crítica, consultado o 18-4-2020] e Nicolás, Ramón, «Evocando un conflito», *La Voz de Galicia*, 9-10-2016 (reseña do libro Arturo Reguera *Castrelo de Miño. Loita, represión, espolio, desastre ecolóxico, desastre humano*), limiar de X. Alonso Montero, Fundación 10 de



*Cartel anunciador do I Premio Celso Emilio Ferreiro de poemas musicados.*



*Monumento en Gargamala, Mondariz.*

Xa en 2017, o 16 de febreiro, o grupo teatral Casahamlet, na Casa Museo Emilia Pardo Bazán, acolle unha función teatral que representa a obra *Ten medo do crepúsculo*: un espectáculo dirixido por Santiago Fernández, que mestura textos de autores como Celso Emilio Ferreiro, Manuel Lourenzo e Bram Stoker. Tamén ese mes, a TVG emite o programa «Cantigas de Celso Emilio», onde se presenta a poesía social e comprometida do escritor de Celanova, que inspirou a música de numerosos artistas galegos nos últimos anos do franquismo e durante a transición democrática.

En concreto, fai un percorrido por unha serie de temáticas coma as cantigas de liberdade, de denuncia, de maldicir, de amor, do pobo ou da falsa despedida, entre outras, a través de figuras coma os cantantes Xosé Luís Rivas, Xavier González del Valle, Miro Casabella, Uxía Senlle, Serxio García, Luís Emilio Batallán ou Baldomero Iglesias. Tamén recolle os testemuños do escritor e académico Alonso Montero e de María Luisa Moraima Loredó.

O 27 de xullo, na parroquia de Gargamala (Mondariz) instalouse, grazas ao traballo da Escola de Canteiros da Deputación de

marzo, Compostela, 2016).



Pontevedra, un monumento en pedra no cal se tallou o poema «Romance incompleto» para que o personaxe de Fuco Pérez, aludido na composición, resida para sempre nese lugar. Nese acto participaron o alcalde de Mondariz, Juan Carlos Montes Bugarín; a deputada provincial, Consuelo Besada; o secretario da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e presidente do Foro E. Peinador, Xosé González; Luís Ferreiro; un grupo de pandereteiras de Gargamala; a presidenta da Asociación de Mulleres Rurais e dous nenos que leron o «Romance incompleto».

O 14 de agosto dese ano, Bueu acolle unha exposición de caricaturas e debuxos do músico Xulio Formoso, tamén poeta, escritor teatral e compositor, que fora o primeiro en interpretar musicalmente moitos poemas de Celso Emilio Ferreiro en Caracas. Na exposición ocupou lugar destacado a caricatura do autor realizada a Celso Emilio Ferreiro e á inauguración da exposición, na Sala Domínguez Búa, acudiu Luís



*Luís Ferreiro na exposición de deseños de Xulio Formoso (Bueu, 2017).*



*Luís Ferreiro co pandeiro de Celso Emilio Ferreiro.*



*Cuberta de Miña matria Galicia  
(Fundación Celso Emilio Ferreiro, 2018).*

Ferreiro en representación da Fundación.

Como é sabido, o ano 1968 resultou especialmente convulso para Celso Emilio Ferreiro, pois no mes de xullo recibira a comunicación oficial da Hermandad Gallega de Caracas comunicándolle a expulsión da entidade que había pouco tempo o reclamara para exercer diversas funcións culturais. Con todo, nese tempo, recibe a noticia de que o seu poema «Miña matria Galicia» resultara gañador nunha das catro categorías —concretamente o Premio Rosalía de Castro ao mellor «Canto á muller galega»— que se inscribían nos chamados «Xogos Florais do Idioma Galego» organizados pola colectividade galega de Buenos Aires capitaneada por Manuel Puente e cun xurado composto por Víctor Luis Molinari, Francisco Luis

Bernárdez e Juana de Ibarborou. A entrega do premio, á que o propio Celso Emilio non puido asistir segundo as miñas informacións, consistiu nun acto celebrado o 31 de agosto de 1968 no que actuou como mantedor Xosé Luís Méndez Ferrín cun importante discurso recollido, como os textos galardoados, no libro *Xogos froaes do idioma galego* (Nós, Buenos Aires, 1968).

A cincuenta anos daquel acto, no ano 2018, e daquel galardón, a Fundación Celso Emilio Ferreiro publicou unha oportuna edición exenta do simbólico e extraordinario poema seguindo a versión que viu a luz no volume arriba amentado. Trátase dun proxecto realizado no obradoiro



de El Gato Gris Ediciones, dirixido por José Noriega, admirador do poeta de Celanova e responsable do deseño e da estampación da publicación. O resultado final constitúe unha verdadeira regalía que pon en valor esa case desaparecida tradición tipográfica manual e artística, neste caso con dous pregos de papel artesán pegados a un cartafol que inclúe, na cuberta, un autorretrato do autor datado de 1938 e encadrado con gofrado e, na contracuberta, a reprodución do ex-libris do autor co lema «vivir es navegar». Sen dúbida unha das mellores maneiras posibles de ofrecer un dos poemas máis extraordinarios de Celso Emilio Ferreiro<sup>89</sup>.

Para finalizar, tamén desde o ano 2018 o poema «Alta da Terra», pertencente a *Onde o mundo se chama Celanova*, está presente na Base Militar Gabriel de Castilla da Antártida (Isla Decepción) e en abril dese ano a revista *Beletra Almanako* publica nove poemas de Celso Emilio en esperanto traducidos polo profesor Suso Moinhos. E en maio dese mes, finalmente, o profesor e artista plástico Xosé Poldras dá a coñecer o cartafol *4 gravados para «O neno preguntaba» de Celso Emilio Ferreiro*, poema tirado do libro *O sonho sulagado* que se presenta con matriz de linóleo e estampados sobre papel, ademais da reprodución dixital do poema de Celso Emilio Ferreiro tal como se recolle na edición de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo (Xerais, 1991).



*Gravado de Xosé Poldras para a publicación O neno preguntaba (2018).*

<sup>89</sup> Tamén neste ano se rescatou un poema inédito: «Un poema –descoñecido e non compilado– de Celso Emilio Ferreiro (1931)», en *Caderno da crítica* [consultado o 18-4-2020].



*Indicador de distancias na Antártida con poema de Celso Emilio, 2019.*

**2019**

**40**

**ANIVERSARIO**



Centrámonos, nesta derradeira sección, tan só en dous actos máis determinantes pola súa proxección, entre outros que houbo e entre outras publicacións que viron a luz neste último período<sup>90</sup>.

O primeiro foi unha homenaxe colectiva, pero onde a figura de Celso Emilio gozou de especial atención. foi nunha celebración or-



*Acto de homenaxe á colección Benito Soto. De esquerda a dereita: Miguel A. Cuña Casasbellas, Xesús Alonso Montero, X. L. Franco Grande, Antón Sobral, Marilar Aleixandre, Víctor F. Freixanes, Joaquín Fabeiro Beiro, Ana Acuña, Fina Casalderrey, Luís Ferreiro, Carmela Silva e Ánxeles Ruibal.*

ganizada pola Real Academia Galega, coa colaboración da Deputación de Pontevedra, que tivo lugar o 22 de novembro para celebrar os 70 anos da aparición da colección Benito Soto no espazo do Edificio Sexto do Museo de Pontevedra. A colección de poesía foi a primeira

---

<sup>90</sup> Cito aquí, entre outras e pola súa relevancia, *Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975. A «longa noite»*, de Xosé Ramón Pena (Xerais, 2019) no cal a detención de Celso Emilio Ferreiro no ano 1937 serve de punto de partida para a nova entrega deste gran proxecto da historia da nosa literatura. Nel, a presenza da obra de Celso Emilio e a súa relevancia é estudada con rigor e solidez críticas.



*Cartel anunciador da presentación da carpeta de gravados de Xosé Poldras en Celanova.*

que acolleu títulos en galego tras a guerra civil e botou a andar en Pontevedra en 1949, chegando a editar, con Sabino Torres á fronte, ata a súa desaparición en 1952, máis de doce libros poéticos de diversas voces como os irmáns Álvarez Blázquez, Manuel María, Luís Pimentel, Manuel Fabeiro Gómez, Ricardo Carvalho Calero ou Álvaro Cunqueiro. A colección foi codirixida polo propio Sabino Torres xunto con Manuel Cuña Novás (1926-1992) e Emilio Álvarez Negreira (1926-2002), coa presenza de Celso Emilio Ferreiro, que apoiou e alento o proxecto, alén de que tamén traduciu ao galego versos de escritores alemáns que prestaran axiña o seu apoio a un proxecto que atopou un importante eco.

O acto contou coa interpretación musical a cargo de Ánxeles Ruibal, conducido pola académica Fina Casalderrey e no que interviñeron Xesús Alonso Montero —que analizou a historia da colección—, Ana Acuña —que afondou na relación entre a colección e outros proxectos poéticos promovidos por Sabino Torres como *Olga*, a revista de poesía galega en Madrid e a colección Hipocampo Amigo— e Patricia Arias Chachero, que reparou na influencia de Aquilino Iglesias no xiro da colección Benito Soto cara á lingua galega, entre outras moitas voces<sup>91</sup>.

<sup>91</sup> Como foron Xosé María Álvarez Cáccamo, Miguel A. Cuña Casabellas, Joaquín Fabeiro Beiro, Luís Ferreiro, Antón Sobral, Xaime Toxo e Eva Mejuto, que recitaron versos publicados polo selo xunto aos membros da Academia Xosé Luís Franco Grande e Marilar Aleixandre, e a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, pechou o acto.



*Miguel Santalices, no acto de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no Parlamento de Galicia. Á dereita, arriba, Isabel Blanco, Xesús Alonso Montero, Víctor F. Freixanes, Miguel Santalices, Valentín García, Ramón Nicolás e Luís Ferreiro. Abaixo: as mesmas persoas.*



O outro acto co que concluímos este repaso foi o que o Parlamento de Galicia organizou para conmemorar o 40 aniversario do seu pasamento, impulsado polo presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira. Acto do que, dalgún xeito, se deriva esta publicación e no que afirmou que «para os que nacemos, nos criamos e pensamos en galego, Celso Emilio Ferreiro –ao que tiveron o privilexio de tratar na nosa casa de Bande– é unha figura determinante polo seu compromiso coa lingua e a cultura de Galicia».

A homenaxe, que se celebrou no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia o día 2 de decembro de 2019, ás 16.30 horas, contou asemade coas intervencións do secretario xeral de Política Lingüística da Xunta, Valentín García; o presidente da Real Academia Galega, Víctor Fernández Freixanes;

o profesor Ramón Nicolás, Luís Ferreiro e o académico e expresidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, e estivo moderado pola actriz Isabel Blanco, Premio Celanova Casa dos Poetas 2019.

Finalizo, así, esta viaxe pola memoria de Celso Emilio Ferreiro ao longo dos últimos corenta anos. Permítome facelo co texto que lin neste devandito acto, pois nel explícome a min mesmo as razóns de militar nesta causa, na causa da literatura galega, na causa de Celso Emilio Ferreiro. Grazas pola compañía que me dispensastes ata aquí.

*Prezadas autoridades, amigas e amigos.*

*Esta pasada fin de semana unha persoa confesoume unha historia que non podo evitar compartila aquí de maneira sintética. Creo que vén, se cadra, moi ao fío deste acto de homenaxe á memoria de Celso Emilio Ferreiro pois del fala, e tamén doutras cousas. Permitiranme, ademais, que dedique este relato a todas as persoas máis novas que aquí nos acompañan e, singularmente, ao alumnado de bacharelato do IES Castelao onde traballo. Nese grupo quero ver unha representación do pasado —de trinta anos de exercicio da docencia pública— e tamén do futuro, do que elas e eles deben significar para Galicia, para o que está por vir.*

*O sucedido, que ten certo recendo biográfico e que presento como verosímil, parte da experiencia que me relatou alguén que ten xa unha idade coma a miña, ben pasado xa ese «mezzo del cammin di nostra vita» do que falaba Dante, e que relataba unha experiencia moi concreta, se cadra pouco interesante ou orixinal, e debida tan só a esa teima que —segundo contaba— lle transmitiran os seus de ser unha persoa que debía andar polo mundo sempre cos ollos ben abertos.*

*Pois ben, esta persoa que quere estar no anonimato contábame que, aos seus trece anos, dirixira a súa ollada curiosa cara a unhas amplas vidreiras de transparencia esvaecida, que custodiaban o interior dunha librería situada nun entrechán do barrio vigués dos Choróns. Alí fora quen de distinguir, pola perspectiva diagonal, case vertical, que*

*posibilitaba esa visión desde a rúa, moitas persoas de cabelo cano, a realizaren movementos curtos tras os que adiviñaba unha fervenza continua de apertas e saúdos. Ao dobrar a esquina de Urzáiz, aquel rapaz reparou nun cartel escrito á man e fixado na porta da librería que tiña a súa entrada pola rúa Pizarro e que se denominaba Castelao –logo soubo que estaba á fronte dela un activista e galeguista retornado de Uruguai chamado Fernando Pereira, a carón doutra persoa relacionada co teatro vigués de base–. Un cartel que rezaba «Hoxe presentación de A Taberna do Galo. Intervirán Xosé María Álvarez Blázquez, Xesús Alonso Montero e o autor, Celso Emilio Ferreiro».*

*O rapaz marchou para a casa sen máis pero aquel cartel e aquela multitude que se congregara naquel acto debeu quedar na súa memoria e aos poucos días colleu uns aforros e foi mercar un exemplar de Longa noite de pedra porque, probablemente, era un título que lle soaba algo máis. Aí, para el, aínda que non o poida parecer, comezou todo, segundo me relataba. Isto é, asomouse da man dos poemas de Celso Emilio a un universo insospeitado tempo atrás, a unha voz que dicía cousas, e que as dicía claramente, mesmo abrazaba a sensación de que Celso Emilio escribira aquelas cousas para el, malia que algunhas delas non as entendese. Celso Emilio –continuaba– foi a chave que lle permitiu abrir unha porta pola que entraron Rosalía, Curros, Castelao, Blanco Amor, Cunqueiro, Acuña, Seoane, Dieste, Neira Vilas, Cabanillas, tantas e tantas voces que foi descubrindo aos poucos e que foi facendo súas. Logo viñeron as voces contemporáneas e do noso tempo –afirmaba– que o acompañan día a día. Aquela persoa –subliñaba con énfase– formouse nese patrimonio, no patrimonio da palabra, da palabra literaria en galego.*

*Seguíume relatando aquela persoa que, sen sabelo con certeza, aquela descuberta estaba no fondo da decisión de estudar filoloxía, seguir uns cursos universitarios daquilo que era, ou debía consistir, en «amar a palabra» onde descubriu outra voz, neste caso da man dun profesor, que era e é a de Xesús Alonso Montero que, sen estar contemplado no currículo de literatura española que explicaba e razoaba, nos falaba*

*tamén de Celso Emilio, e con proximidade, con coñecemento, con admiración; algo que tamén fixo outra profesora de feliz recordo para el e que desapareceu hai pouco como foi Pilar Vázquez Cuesta. Con esta bagaxe, cousas da providencia laica como sinala un amigo de meu, cousas da importancia que tivo e ten o feito de que boas profesoras e profesores se crucen na túa vida, esa persoa acabou procurando na hemeroteca do Faro de Vigo uns artigos daquel Celso Emilio poeta que lera sendo moi novo, e tivo sorte porque entrou niso da crítica da man do que un día aquel señor que presentaba un libro en Vigo escribira moitos anos atrás. Logo todo veu coma se fose unha bóla de neve —engadía— aggrandándose inexplicablemente coma se nada estivese xa na súa man e todo se moveuse por uns fíos invisibles que nunca soubo quen dirixía.*

*Aquela persoa que isto me contou aínda engadiu, finalmente, que tamén o convocaran para participar nun acto de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro da man dunha institución que lle suscitaba o máximo respecto porque nela residía a soberanía dos electores e das electoras, do pobo galego nunha palabra. Díxome que se felicitaba porque unha institución así lembrase a importancia que tiña Celso Emilio Ferreiro pasados corenta anos desde o seu falecemento e que sentía como reconfortante e gratificante a celebración dun acto no que se facía memoria dun autor clave da literatura galega do século XX. Tamén me comentou que a institución que organizaba aquel acto o convidara a ir redactando un traballo, que ía editar con profesionalidade Edicións Xerais de Galicia, e que vería a luz nos primeiros meses do ano 2020. Nel repararíase na dimensión que a súa figura e obra foi cobrando ao longo dos corenta anos transcorridos desde aquel 1979, cando deixou de estar fisicamente entre nós, pero nunca de todo porque segue a permanecer en todas as palabras que escribiu. Despediuse de min moi rapidamente porque quería avanzar naquel traballo que lle pediran sobre Celso Emilio e, mentres me daba unha aperta, engadiu que, ás veces, o máis inesperado e impensable pode converterse en realidade. Beizón.*

Vigo, novembro 2019-abril 2020





Fragilidad

LA CIBRIZ  
Programa de  
Educación

PHOTOS  
MUSIC

...de la vida...  
...de la vida...  
...de la vida...

COLECCIÓN  
LA BIBLIOTECA

Felipe...



◀ Na páxina anterior, cadro de Rafael Freijeiro.





siro  
-15-5-89-

▲ Caricaturas de Siro realizadas nos anos 1979 e 1989, respectivamente.



*Debuxo de Celso Emilio Ferreiro  
por Xulio Formoso, 26-09-2015. ▶*









# ÍNDICE

LIMIAR de Miguel Ángel Santalices Vieira.....	12
INTRODUCCIÓN de Román Rodríguez González.....	14
PREFACIO de Ramón Nicolás.....	16
<b>1979-1989</b>	
A DÉCADA QUE PRELUDIA	
O DÍA DAS LETRAS .....	25
O seu pasamento .....	27
As primeiras homenaxes.....	52
Santiago, outubro 1979 .....	56
Madrid, novembro 1979.....	67
Os anos oitenta: tributos que non cesan.....	76
<b>1989</b>	
DÍA DAS LETRAS GALEGAS .....	103
<b>2004</b>	
O CAMIÑO CARA	
AO VINTE E CINCO CABODANO.....	123
<b>2012</b>	
CENTENARIO DO SEU NACEMENTO .....	139
Publicacións e outros eventos salientables.....	174
<b>2019</b>	
40 ANIVERSARIO.....	191









*Chorimas para Celso Emilio Ferreiro (Un memorial: 1979-2019)* é un tributo á memoria do poeta de Celanova construído desde o arredando das súas flores preferidas: as do toxo, bravas e libres.

Pasaron corenta anos desde o seu falecemento e este libro recolle, a modo de memorial, unha relación dos acontecementos, publicacións e referencias que se sucederon para honrar a súa memoria.

A súa arquitectura responde ao espazo que a figura de Celso Emilio Ferreiro ocupou, desde 1979 ata hoxe, como resultado de todo o que nos deu: velaí as primeiras homenaxes, o Día das Letras Galegas, o 25 cabodano, o centenario de 2012 e a celebración dos corenta anos desde a súa ausencia, transformado sempre en presenza intensa e recorrente, talvez como poucas voces conseguiron.

É este un libro pioneiro no seu xénero, impulsado polo Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que incorpora abondoso material fotográfico e documental, poemas descoñecidos e multitude de datos e referencias.

*Chorimas* demostra de seu que o lume que alampea, corenta anos despois, xamais o veremos morto.